

Memoria 2025

Cidade da Cultura
de Galicia

2025



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027




Memoria 2025

Cidade da Cultura
de Galicia

Índice

00 /

**A Cidade da Cultura
de Galicia**



páxina 6



01 /

**Cara a unha cultura
expandida**



páxina 18



02 /

**Contabilidade
Social**



páxina 26



03 /

**Actividade
Cultural**



páxina 30



04 /

**Emprendemento
no Gaiás**



páxina 138



05 /

**Biblioteca
de Galicia**



páxina 154



06 /

**Arquivo
de Galicia**



páxina 176



07 /

Eventos



páxina 204



08 /

**As Torres
Hejduk**



páxina 220



09 /

Comunidade



páxina 224







O 2025 en cifras

Visitas




Programa cultural





Exposicións



Comunidade



Eventos





O 2025 incorpórase á traxectoria recente da Cidade da Cultura de Galicia como un exercicio no que se lles deu un pulo especial á creación dixital, ao apoio á produción artística e á consolidación do Gaiás como xerador de contidos para outros centros culturais, tanto da Comunidade como do resto de España.

A Cidade da Cultura pechou o 2025 con 1,36 millóns de visitas, volvendo bater este ano o seu récord no que a participantes no programa de actividades se refire: 274.422 persoas gozaron da programación cultural do Gaiás. O recoñecemento aos bos resultados deste exercicio veu tamén de man de institucións tan prestixiosas como o Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, que situou a Cidade da Cultura na segunda posición do ránking de institucións galegas 2025.

Un ano, ademais, no que o Gaiás fixo da innovación dixital un dos seus piares principais, así como unha liña de aposta para o futuro. De feito, en 2025, concluíronse as obras de adaptación do espazo no que se instalará o Centro de Artes Dixitais de Galicia. Así mesmo, tamén se recoñeceu o valor de iniciativas de realidade virtual como *Hábitats*.

Natureza estendida, que tamén figura

na clasificación do Observatorio da Cultura como un dos mellores proxectos de arte dixital de España. Asemade, tamén se levaron a cabo proxectos como *Orixes. Unha viaxe virtual a onde todo comezou*, ou *SINTE*, o primeiro gran foro internacional de arte e cultura dixital.

Por outra parte, a Cidade da Cultura reforzou en 2025 o seu compromiso co apoio á creación artística, consolidando e ampliando o programa de Residencias Artísticas (REGA), cun incremento do seu orzamento e a incorporación de novas liñas de traballo. Ao mesmo tempo, o programa de itinerancias expositivas rexistrou un récord histórico, tanto no número de exposicións como na cifra de visitantes, que acadou máis de 60.000 persoas, levando os contidos producidos no Gaiás a múltiples cidades e vilas.

Así mesmo, a institución tamén apostou por achegar á cidadanía a obra de grandes creadores galegos con mostras como *Rafael Úbeda. Visión retrospectiva*, *Castelao. Mirar por Galicia*, ou *Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria* ou de artistas, aínda que non galegos, instalados en Galicia como o fotógrafo Boris Savelev.

Expansión das actividades culturais



O ano consolídase como o exercicio da última década no que se realizaron máis actividades culturais cun total de 210 propostas. Así mesmo, tamén foi o ano que obtivo un maior número de participación, acadando a cifra de 274.422 participantes do programa cultural do Gaiás.

Esta é unha tendencia que se vén consolidando nos últimos tempos: a Cidade da Cultura organiza cada vez máis actividades e consegue, de igual maneira, un maior número de participantes nelas.

Grandes mostras no Museo Centro Gaiás, itinerancias expositivas noutros lugares de Galicia e de España, actividades familiares, artes dixitais, música, escena e pensamento constitúen a amálgama de propostas que fixeron de 2025 un dos mellores anos da Cidade da Cultura.



Aposta polas artes dixitais

A Cidade da Cultura acabou de desenvolver en 2025 os traballos de construción do que será o primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, cumprindo coas fases marcadas no proxecto construtivo e permitindo que as obras finalizasen a finais do exercicio, tal e como apuntaba o calendario aprobado pola Xunta de Galicia.

Ademais, este ano pasado o Gaiás recibiu varios recoñecementos polos proxectos de artes dixitais: *Hábitats. Natureza estendida* figura na clasificación do Observatorio da Cultura como un dos mellores proxectos de arte dixital de España e *Orixes. Unha viaxe dixital a onde todo comezou* foi seleccionado como

finalista para un dos principais galardóns europeos desta tecnoloxía: os XR Awards.

Así mesmo, este ano o Gaiás acolleu *SINTE. Foro internacional de cultura e arte dixital*, que se celebrou por primeira vez e reuniu algunhas das voces máis innovadoras do panorama internacional da creación dixital. O encontro contou coa participación de referentes como Ferdi Alici, cofundador de *Ouchhh Studio*, Bani Brusadin, comisario de *Medialab Matadero*, ou o estudo *fuse*, e combinou conferencias, mesas redondas e propostas artísticas que afondaron nas novas relacións entre tecnoloxía, cultura e creación.





Fornecendo de contidos outros centros culturais

No 2025, a Cidade da Cultura reforzou o seu programa de itinerancias expositivas, medrando ata acadar un protagonismo sen precedentes. Por primeira vez, máis de 60.000 persoas gozaron de contidos producidos polo Gaiás en centros culturais das súas localidades.

Así, o ano pasado 11 mostras da Cidade da Cultura foron exhibidas en cidades como Madrid, Zamora, Vigo, A Coruña, Pontevedra e Lugo, pero tamén en vilas como Baiona, Ponteareas ou Ribadavia.

Esta liña de traballo entronca cos obxectivos do Plan Estratéxico 2021–2027, entre os que se inclúe a descentralización da programación da Cidade da Cultura máis aló do Gaiás. O seu propósito é, dunha banda, favorecer o acceso da cidadanía a propostas culturais de calidade, contribuíndo así á democratización da cultura en todo o territorio, con independencia do lugar de residencia; e, ao mesmo tempo, amosar as expresións da nosa cultura noutras comunidades autónomas e países.

- **Nicolás Muller en Galicia**
Vigo e Lugo.
- **A Vía da Prata. Aires do Sur**
Madrid, Zamora.
- **Outras historias posibles**
Pontevedra.
- **Hábitats. Natureza estendida**
A Coruña.
- **Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia**
Baiona, Ponteareas e Ribadavia.
- **Viquingos. Unha ollada desde Galicia**
Vigo.
- **O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra**
Baiona.





Apoio á comunidade de creadores

O Gaiás fortaleceu en 2025 o programa de Residencias Artísticas (REGA) co obxectivo de consolidarse non só como un lugar de exhibición ao que acudir como espectador ou participante das actividades, senón como un espazo onde creadores e creadoras puidesen atopar recursos para desenvolver proxectos. Este impulso traducíuse nun incremento do orzamento, acadando un investimento en apoio á creación artística de 166.640 euros, así como nunha ampliación dos eidos aos que se abriron as REGA, que abrangueron desde a escena, a música, a literatura, as artes visuais, o deseño ou o audiovisual ata novas áreas como as artes dixitais.

O programa beneficiou en 2025 a un total de 157 creadoras e creadores e 39 técnicos vinculados á danza e ás artes escénicas, á música, á literatura, ás artes plásticas, ao deseño, ás artes dixitais e ao patrimonio cultural. A través das diferentes convocatorias e dos acordos de colaboración con outros colectivos (Centro Dramático Galego, Colectivo RPM, Festival Resis...), o Gaiás continuou a tecer unha rede para dinamizar a comunidade creadora en Galicia.



Gaiás en verde

No 2025, a Cidade da Cultura botou a andar a liña Gaiás en verde, un programa que combina arte e creatividade co obxectivo de promover unha conciencia medioambiental sólida. Os espazos naturais que rodean o complexo —máis de 40 hectáreas verdes que inclúen o Bosque de Galicia, o Parque do Lago e os xardíns Literario e do Teatro— convértese así en escenarios e tamén en axentes de mostras artísticas non convencionais atravesadas pola sustentabilidade.

Neste marco, realizáronse intervencións artísticas como *Plastic biontes*, un proxecto nas Torres Hejduk que explorou a relación entre creación e ecoloxía, convidando o público a

reflexionar sobre os retos ambientais contemporáneos, así como actividades nas que a cativada e as familias puideron descubrir e conectar cos espazos naturais da Cidade da Cultura como o campamento de verán *A tribo do Re* ou a actividade *Desafío cartón* ou *Unha tarde no lago* que, ademais, fomentaron valores de respecto medioambiental.

Un Gaiás máis accesible e inclusivo

En consonancia coas prioridades fixadas pola Xunta de Galicia na Lei de Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, a Cidade da Cultura vén desenvolvendo unha estratexia sostida para garantir un acceso máis equitativo á cultura, incorporando criterios de accesibilidade e inclusividade na súa programación e nos seus servizos.

Neste marco, reforzouse o traballo en colaboración con entidades como a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Fademga, Autismo Galicia, Agadea Alzheimer ou ASPAS, co obxectivo de avanzar na eliminación de barreiras. Froito destas colaboracións, implementáronse medidas como mochilas vibratorias en concertos, aplicacións móbiles con lingua de signos, vídeos subtitulados, materiais de lectura fácil ou a incorporación de intérpretes en lingua de signos en

diferentes actividades. O Museo Centro Gaiás conta tamén con recursos específicos como o bucle magnético, que mellora a experiencia das persoas con implante coclear.

Ademais, a Cidade da Cultura desenvolve iniciativas en colaboración con entidades sociais e acolle proxectos centrados na diversidade. Neste contexto, cómpre sinalar a participación de mulleres vinculadas ao programa *Vagalume* —programa de apoio a mulleres en contextos de explotación sexual— na creación do mural colectivo realizado con motivo do 25N, achegando as súas experiencias e expresións a unha proposta artística compartida. Así mesmo, acolleu proxectos expositivos como *Historias LGTBI da Galicia Orgullosa* ou *Contemos multitudes. Dano cerebral adquirido: onde as cousas perdidas volven a estar ben*, en colaboración con Dano Cerebral Galicia.






Gaiás Inspira Enriquecendo as exposicións

No 2025, a Cidade da Cultura abriu a liña **Gaiás Inspira**, destinada a ofrecer actividades divulgativas, lúdicas e didácticas arredor das exposicións do Museo Centro Gaiás. Esta iniciativa propón experiencias innovadoras tanto para público adulto como para infantil e xuvenil, convertendo as salas do museo nun espazo vivo, aberto á participación e á aprendizaxe compartida.


Entre as propostas destacan actividades que xeran diálogo e interacción coas exposicións, como *Olladas converxentes*, o encontro entre Castelao e Savelev, o *escape room Castelao: as palabras agochadas* ou a conferencia de Miguel Anxo Seixas *Castelao na Pampa*, amosando unha programación diversa en formatos e enfoques que aproxima a arte e a cultura a todos os públicos.





Cara a unha cultura expandida

01/ Cara a unha cultura expandida



O ano 2025 estivo marcado pola consolidación de proxectos estratéxicos para o desenvolvemento cultural do Gaiás, con avances significativos na creación do Centro Galego de Artes Dixitais, unha infraestrutura chamada a impulsar a experimentación artística e a creación contemporánea en Galicia. Neste contexto, tamén se deu resposta ás necesidades detectadas na programación escénica mediante a ampliación do escenario do Edificio Fontán, reforzando as posibilidades do complexo como espazo para as artes en vivo.

Paralelamente, continuouse traballando na mellora da relación entre os espazos e as persoas, avanzando na humanización das áreas exteriores e na súa integración na experiencia cultural do Gaiás. Estas actuacións combináronse con medidas orientadas á eficiencia enerxética e á xestión sostible dos recursos, contribuíndo a un modelo de complexo máis respectuoso co seu contorno.



Remata a adaptación da obra do centro de artes dixitais



O ano 2025 consolidou os avances na construción do Centro Galego de Artes Dixitais, unha infraestrutura chamada a situar Galicia na vangarda da creación contemporánea vinculada ás tecnoloxías inmersivas e aos novos formatos artísticos. Este espazo nace coa vocación de acoller, impulsar e visibilizar proxectos innovadores, ao tempo que se configura como un lugar de encontro para o ecosistema creativo galego.

A súa integración na Cidade da Cultura permite aproveitar recursos e infraestruturas xa existentes, favorecendo sinerxías con outros axentes e reforzando o Gaiás como polo de innovación cultural.

O Centro Galego de Artes Dixitais configúrase como un espazo de referencia para a experimentación, a innovación e o desenvolvemento de novos proxectos artísticos.



Avanza a ampliación do escenario do Edificio Fontán



Neste mesmo contexto de impulso ás prácticas artísticas, avanza tamén na ampliación do escenario do Edificio Fontán, unha actuación que responde á crecente demanda de programación escénica e á necesidade de contar con espazos máis versátiles e axeitados para as artes en vivo. Esta intervención permitirá ampliar as posibilidades de acollida de espectáculos e fortalecer a presenza da música, do teatro e da danza na programación do complexo.

A ampliación do escenario do Edificio Fontán reforza as capacidades do Gaiás para acoller programación escénica, dando resposta ás necesidades do sector cultural.

Un Gaiás máis sostible, accesible e eficiente



Enerxía sostible

A Cidade da Cultura continuou en 2025 avanzando na implementación de medidas orientadas á redución do consumo enerxético e á transición cara a modelos máis sostibles. Neste marco, leváronse a cabo actuacións de mellora das infraestruturas existentes, como a renovación da instalación fotovoltaica no Bosque de Galicia, que permite incrementar a capacidade de produción de enerxía limpa e optimizar o seu rendemento.

Así mesmo, avanzouse na planificación de novas solucións enerxéticas, como a futura central de biomasa, unha iniciativa que permitirá reducir de maneira significativa o consumo de combustibles fósiles e avanzar cara a un modelo máis eficiente e respectuoso co medio.

Xestión sostible dos recursos

No ámbito da xestión da auga, completouse a posta en marcha do sistema de captación desde o Parque do Lago, que permite reutilizar recursos hídricos para a rega dos espazos verdes do complexo. Esta actuación supón un paso relevante na optimización do uso da auga e na integración de prácticas máis responsables coa contorna.

Paralelamente, continuouse traballando no mantemento e mellora dos espazos exteriores, favorecendo a súa conservación e reforzando o seu valor ambiental e social dentro do conxunto da Cidade da Cultura.





Contabilidade Social

02/ Contabilidade Social



A Cidade da Cultura presentou os resultados do seu terceiro informe de contabilidade social, un estudo realizado seguindo a metodoloxía estandarizada por GEAccounting, organización que conta co aval de 13 universidades, entre elas a Deusto Business School da Universidade de Deusto, ademais dunha ampla lista de empresas privadas.


A contabilidade social é unha ferramenta que permite medir o valor que unha organización xera para a sociedade, incluíndo non só a súa actividade económica —que medimos a través da contabilidade tradicional—, senón tamén traducindo a valor monetario o seu impacto social, cultural, educativo ou comunitario. A través desta metodoloxía, contabilízanse variables que non teñen prezo, como os espazos de estudo e investigación que ofrece a Biblioteca de Galicia, a programación expositiva e de eventos culturais de balde, a oferta de lecer dos espazos naturais etc.

Avaliando estas cuestións, o informe estima que a Cidade da Cultura xera para a sociedade un valor total anual de 23,92 millóns de euros. Neste balance, que analiza datos do ano 2024, reflíctese un incremento respecto ao informe anterior (correspondente a 2022), que cifraba este retorno en 23,65 millóns de euros.

Ademais, o “valor social” que achegan aquelas actividades directamente conectadas coa misión da Cidade da Cultura supera por primeira vez os 10 millóns de euros, incrementándose un 12,3% respecto ao estudo de 2022. Isto significa que o Gaiás cada vez xera mais valor en eidos como a divulgación da cultura, a formación, o apoio a artistas ou a provisión de espazos para acoller a diferentes institucións e colectivos e tamén para a organización de programación externa.

O estudo conclúe que, por cada euro de investimento público que recibe, o Gaiás devolve á sociedade 1,7 euros, cifra que ratifica o uso eficiente dos seus recursos públicos —que se sitúa nun resultado igual ou superior a 1—.

Resumo de resultados







Actividade cultural

03/ Actividade cultural



Nesta memoria recóllese de maneira detallada o conxunto de accións, programas e actividades desenvolvidas na Cidade da Cultura ao longo do ano 2025, así como as principais novidades incorporadas, que contribuíron a consolidar o Gaiás como espazo cultural de referencia, articuladas arredor das seguintes premisas estratéxicas:


No 2025 implementáronse varias liñas de acción co propósito de facer do Museo Centro Gaiás un espazo máis dinámico e aberto á participación de todos os públicos. As propostas buscaban non só activar as exposicións, senón tamén conectar co público visitante mediante experiencias inclusivas e creativas, ampliando a percepción do museo como lugar de encontro e diálogo cultural.

As iniciativas orientadas á accesibilidade e inclusividade enfocáronse en garantir que o maior número de persoas puidesen gozar plenamente das actividades culturais. Para iso empregáronse cartelas e folletos en lectura fácil nas exposicións, mochilas vibratorias en determinados concertos e interpretación en lingua de signos en contacontos e presentacións audiovisuais, eliminando barreiras e favorecendo a participación universal.

A construción do Centro Galego de Artes Dixitais, que ten prevista a súa inauguración para o ano 2026, serviu como estímulo para fortalecer a presenza das artes dixitais na programación do Gaiás. Neste contexto, incorporáronse unha axuda REGA dedicada a proxectos dixitais e a celebración de SINTE, o foro internacional de arte e cultura dixital, consolidando a aposta pola innovación, a experimentación e a creación contemporánea.

Neste marco de apertura a novos públicos e de reforzo do vínculo coa contorna, desenvolveuse Gaiás en Verde, un programa estival que activou a Cidade da Cultura como espazo de encontro familiar arredor da cultura, a natureza e a sustentabilidade. A proposta combinou música, artes escénicas, xogo, cinema, creación artística e educación ambiental, e incluíu os ecocampamentos A Tribo do Re— orientados á infancia e ao coñecemento da biodiversidade do Gaiás, o obradoiro Desafío de Cartón, centrado na creatividade e na reutilización de materiais, así como actividades no Parque do Lago, concibidas como un tempo de lecer en conexión coa natureza.

Así mesmo, incorporouse o programa Gaiás Inspira, co obxectivo de transformar o espazo expositivo nun lugar de encontro e diálogo coa cidadanía, alén de achegar o Museo Centro Gaiás a novos públicos. Dito programa inclúe visitas comentadas, accións performativas, concertos comentados, actividades lúdicas e xornadas de reflexión, promovendo tanto a creación artística local como a participación cidadá.





Outras historias posibles

Datas: do 28 de maio de 2024 ao 26 de xaneiro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 3 / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Comisaria:** Susana Cendán / **Asistencia:** 3.800 persoas en 2025 (56.544 en total)

A exposición *Outras historias posibles* reivindicou a traxectoria e a pluralidade do talento de seis creadoras contemporáneas galegas nadas na década dos 50: Ana García Pan, Emilia Guimeráns, Anne Heyvaert, Tusi Sandoval, Branca Silva e Laura Terré. A mostra, comisariada pola investigadora e crítica de arte Susana Cendán, reuniu máis dun centenar de pinturas, esculturas, xilografías e debuxos que permitiron apreciar o talento de cada unha delas, sen deixar de lado o contexto social e persoal no que se desenvolveron profesionalmente. Ademais, buscou crear relatos que complementasen e enriquecesen a historia destas artistas, destacando aspectos como a maternidade, os roles de xénero, as modas e tendencias no mercado da arte e as disciplinas escollidas para traballar.

A exposición foi un conxunto heteroxéneo que mostrou a experimentación a través da obra artística destas seis autoras:

- **Ana García Pan** (A Coruña, 1951) cunha obra dominada pola cor como protagonista absoluta, usando a espontaneidade como recurso aparente, premeditado e irónico.
- **Emilia Guimeráns** (Vigo, 1958) explora todas as capacidades expresivas da cerámica nas súas series escultóricas, influídas polas paisaxes galegas e polo seu vínculo coa natureza.
- **Anne Heyvaert** (Memphis, 1959) aborda a súa creación dende o realismo minucioso de óleos e debuxos que xogan a cuestionar o que representan.
- **Tusi Sandoval** (Pontevedra, 1954) traballa con anacos de pel que en principio serían un refugallo pero dos que ela extrae todo o seu potencial artístico.
- **Branca Silva** (A Coruña, 1951) traballa coa curiosidade e os desexos de capturar os seus soños a través da súa pintura.
- **Laura Terré** (Vigo, 1959) que usa a figuración para compoñer escenas de marcado carácter social e cheas de compromiso.

A mostra tamén buscou desmitificar a idea do "xenio-artista" ao resaltar a importancia das redes de apoio e as circunstancias cotiás que inflúen na creación artística.



A comisaria

Susana Cendán: é licenciada en Historia da Arte (Universidade de Santiago de Compostela) e doutora en Historia da Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade, exerce a docencia na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, no Máster en Deseño e Dirección Creativa de Moda e no Grao en Deseño da Universidade de Vigo.

Xunto coa docencia, a súa traxectoria curricular complementábase con investigacións e proxectos expositivos relacionados coa construción cultural da identidade, a análise da indumentaria —entendida como unha forma de expresión creativa—, a exposición de narrativas pexorativas ao redor da muller e, concretamente, a muller artista, e a reivindicación dunha maneira plural de entender a arte.

O catálogo

Edición: castelán/galego/inglés. **Tamaño:** 22,5 x 29,5 cm. **Extensión:** 219 páxinas. **Tirada:** 500 exemplares. Encadernación en tapa dura con lombo recto. **Edita:** Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño e maquetación:** Patricia Dopico. **Fotografía:** Manuel G. Vicente. **Tradución e revisión:** ALOS Soluciones Lingüísticas. **Imprenta:** Agencia Gráfica. **Textos:** Susana Cendán. **Biografías:** Rebeca Lar.

Itinerancia

Co fin de afondar na idea de visibilizar o traballo das creadoras galegas contemporáneas, a mostra puido verse tamén na sala de exposicións temporais do Café Moderno da cidade de Pontevedra

Datas: Do 04 de abril ao 31 de maio de 2025 / **Espazo:** Café Moderno, Pontevedra / **Horario:** De luns a venres de 17:30 a 20:30h. Sábados de 13:00 a 14:00h. e de 17:30 a 20:30h. / **Asistencia:** 1.404 persoas.



Unha vida viquinga

Datas: Do 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 1 / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Comisaria:** Irene García Losquiño / **Asistencia:** 2.334 persoas en 2025 (60.123 en total).

Con marcado carácter internacional, a exposición comisariada por Irene García Losquiño achegou á Cidade da Cultura unha visión máis ampla e diversa do pobo viquingo, afastándose dos clichés habituais de conquistas e violencia. Esta mostra foi unha das maiores realizadas en España sobre esta civilización, reunindo unhas 120 pezas históricas e arqueolóxicas procedentes de institucións museísticas de Suecia, Dinamarca, Francia e España, incluíndo catro Museos Nacionais e unha Biblioteca Nacional.

Co obxectivo de derrubar prexuízos sobre os viquingos, a exposición afondaba na cultura nórdica durante a Idade Viquinga —dende o século VIII ata o século XI— a través dun relato que seguía as distintas etapas da vida dunha persoa dese período: nacemento, infancia, xuventude, madurez e morte, incluíndo a concepción do alén.

O discurso expositivo tamén exploraba os contactos da diáspora viquinga con diversas rexións, incluída Galicia. Aínda que non foi un territorio de asentamento masivo, as incursións viquingas deixaron pegada en lugares como a Ría de Arousa, a ribeira do Ulla e a Mariña lucense.

A comisaria

Irene García Losquiño é doutora en Estudos Escandinavos e posúe un Máster en Estudos Medievais pola Universidade de Aberdeen. É investigadora e especialista na Idade Viquinga e liderou proxectos interdisciplinares que se centran na presenza viquinga na Península Ibérica en comparación con outras áreas como Inglaterra ou Normandía. Actualmente, exerce como investigadora no Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).



O catálogo

Edición: castelán/galego/inglés. **Tamaño:** 21 x 27 cm. **Extensión:** 328 páxinas. **Tirada:** 500 exemplares. Encadernación Flexbinder. **Edita:** Fundación Cidade da Cultura. Xunta de Galicia. **Deseño e maquetación:** David Carballal. **Tradución e revisión:** Alos Soluciones lingüísticas. **Imprenta:** Agencia Gráfica. **Textos:** Irene García Losquiño e o comité científico asesor formado por Neil Price, Charlotte Hedenstierna-Jonson, Alexandra Sanmark, Declan Taggart, Stefan Brink, Rosa M. Rodríguez Porto, Inés García López, José Carlos Sánchez Pardo e Manuel Gago Mariño. **Ilustracións:** David Rubín.

Itinerancias

Viquingos. Unha ollada desde Galicia

A exposición *Unha vida viquinga* tivo unha grande acollida na súa itinerancia no Museo do Mar de Galicia cun percorrido pola pegada viquinga en Galicia, afondando nas conexións históricas e culturais entre dous pobos entre os séculos IX e XII.

Datas: Do 09 de xuño ao 28 de setembro de 2025 / **Espazo:** Museo do Mar de Galicia / **Horario:** De martes a venres, de 10:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h / **Asistencia:** 14.034 persoas.



O Galiverso

Datas: De martes a domingo, dende o 20 de outubro de 2022 ata o 3 de agosto de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 1 / **Horario:** De martes a venres de 16:00 a 20:00h / Sábados, domingos e festivos (agás luns): de 11:00 a 14.30h e de 16:00 a 20:00 h. / **Colabora:** Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. / **Acceso:** Desde o mes de abril de 2023, con reserva de praza a través da páxina web de Ataquilla.com / **Asistencia:** 6.336 persoas en 2025 (27.593 en total).

O Galiverso no corazón da pedra

Datas: Do 27 de novembro de 2024 ao 3 de agosto de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, sala seminario / **Asistencia:** 4.698 persoas en 2025 (5.996 en total).

O proxecto Galiverso estreou *Galiverso no corazón da pedra*, unha experiencia de realidade virtual que permitiu explorar marabillas naturais, arqueolóxicas e históricas de Galicia, coa pedra como protagonista. A través de lentes virtuais, os participantes podían acceder a lugares habitualmente inaccesibles como a cova de Eirós, a cova do Rei Cintolo ou o xacemento de *Aquis Querquennis*, entre outros. O equipo de produción do proxecto colaborou con expertos en arqueoloxía, historia e espeleoloxía para documentar os enclaves e garantir unha experiencia rigorosa e inmersiva, incorporando elementos interactivos que engadiron atractivo e curiosidade á proposta.



Galiverso de Nadal 24-25. O Apalpador

Datas: Do 3 de decembro de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, sala de proxeccións / **Asistencia:** 345 persoas en 2025 (2.851 en total).

No Nadal 2024, recuperouse unha tipoloxía do Galiverso iniciada hai dous anos: unha experiencia de realidade virtual de 5 minutos de duración, adaptada para nenas e nenos de entre 6 e 11 anos, que atende ás recomendacións de uso da realidade virtual para estas idades. A través de lentes virtuais, os participantes podían entrar na casa do Apalpador para descubrir a vivenda desta figura mítica. A experiencia incluía tamén pequenos xogos que lle permitían á rapazada afondar nas tradicións do Nadal galego.

Galiverso de Nadal 25-26. O Apalpador

Datas: Do 2 de decembro de 2025 ao 6 de xaneiro de 2026 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, sala de proxeccións / **Asistencia:** 1.023 persoas en 2025.



Tattoo. Arte baixo a pel

Datas: Do 24 de outubro de 2024 ao 20 de abril de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2 / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Organiza:** Fundación Cidade da Cultura, Musée du quai Branly - Jacques Chirac **Colabora:** Fundación La Caixa **Asistencia:** 12.246 persoas en 2025 (29.808 en total)

Tras ser exhibida en Francia, Estados Unidos, Rusia, Canadá e Taiwán, chegou a Galicia unha das mostras máis completas e fascinantes sobre a tatuaxe, unha oportunidade única para comprender a fascinación humana por marcar a pel con tinta.

Tattoo. Arte baixo a pel seguía a viaxe da tatuaxe a través do tempo e de diversos continentes, explorando como esta práctica se converteu nunha expresión artística e nun fenómeno global. Producida polo Musée du quai Branly - Jacques Chirac, a exposición reunía 240 obras, entre pezas históricas e contemporáneas, procedentes de 18 países. Entre os obxectos expostos había pinturas, debuxos, libros, modelos de silicona tatuados, ferramentas de tatuaxe, máscaras, fotografías, selos e nove audiovisuais.



A tatuaxe, que en tempos pasados foi un elemento ritual nas sociedades tradicionais, sufriu a erradicación coa colonización. En moitos lugares quedou relegada a un uso punitivo e marxinador, pero logrou sobrevivir e, no século XIX, converteuse en símbolo de orgullo e espectáculo. No século XX, grazas aos intercambios internacionais promovidos por tatuadores activistas, xurdiron os códigos e técnicas que definen a tatuaxe moderna.

A exposición, a través do seu percorrido polos usos rituais, máxicos e sociais da tatuaxe, destacaba a súa emancipación como unha auténtica forma de arte, e revelaba a forza dun fenómeno que segue en plena evolución.

A comisaria

Anne Richard é unha destacada axente cultural da arte europea de vangarda e fundadora da influente revista *HEY! Modern Arte & Pop Culture*.



Orixes. Unha viaxe virtual a onde todo comezou

Datas: Do 27 de febreiro ao 26 de outubro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 1. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Responsable:** Carlos Seijo. / **Desenvolve:** Maxina. / **Entradas:** 5 € Entradas dispoñibles en Ataquilla.com e no punto de Información do Museo Centro Gaiás. / **Público:** Actividade dirixida a maiores de 8 anos. / **Asistencia:** 27.283 persoas.

Entre os meses de febreiro e outubro de 2025, o Museo Centro Gaiás acubillou unha experiencia inmersiva que combinaba realidade mixta e divulgación científica para ofrecer unha viaxe a través do tempo. Mediante lentes especiais, as persoas visitantes podían superpoñer o mundo virtual ao espazo físico, mergullándose nunha travesía que lles permi-

tía presenciar a evolución da vida no planeta. A medida que avanzaban polo percorrido, ante os seus ollos revelábanse organismos que habitaron a Terra hai millóns de anos, seres que interactuaban co seu contorno e deixaban entrever os procesos naturais que modelaron a biodiversidade.

A exposición desenvolvíase a través de escenarios que recreaban distintos períodos da historia natural. Xigantescas erupcións volcánicas cubrían o ceo de cinza mentres meteoritos impactaban sobre a superficie terrestre. En mares primitivos, criaturas abisais nadaban entre correntes cálidas, mentres os primeiros bosques comezaban a estenderse sobre a terra firme. Entre os protagonistas destacaban os dinosauros, cuxa presenza dominou a paisaxe ata a súa desaparición



nunha das extincións masivas máis estudadas pola ciencia. O percorrido non só amosaba os organismos extintos, senón tamén aqueles que sobreviviron durante millóns de anos, adaptándose a novas condicións e persistindo ata a actualidade.

Como ferramenta pedagóxica, *Orixes* non só ofrecía unha viaxe pola evolución da vida, senón que tamén convidaba á reflexión sobre o impacto da humanidade no planeta. A través desta perspectiva ecoloxista, formulaba unha cuestión crucial: está a especie humana a piques de desencadear unha nova extinción masiva?

Responsable do proxecto.

Carlos Seijo. Artista audiovisual galego cunha traxectoria que nace da estética e dos gráficos xerados por ordenador para fusionarse, nos seus últimos proxectos, coas tecnoloxías emerxentes de realidade estendida e virtual. Na actualidade, dirixe o estudio galego Maxina, fundado xunto coa súa irmá Noela Seijo e especializado en efectos visuais, animación 3D e contidos inmersivos.



Rafael Úbeda. Visión retrospectiva

Datas: Do 28 de abril ao 7 de setembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Asistencia:** 19.883 persoas.

A exposición *Rafael Úbeda. Visión retrospectiva* ofrece no Museo Centro Gaiás unha ampla panorámica da traxectoria artística do pontevedrés Rafael Úbeda, con máis de sete décadas de actividade. A mostra reunía un total de 56 pinturas, cinco debuxos e unha peza audiovisual inédita, permitindo un percorrido polas distintas etapas vitais e creativas do artista, moi vinculadas aos lugares onde residiu, como Pontevedra, Madrid, Holanda e Italia.

A través dun expresionismo intenso e dunha forte carga emocional, a obra de Úbeda constrúe unha paisaxe interior e exterior que reflicte a súa experiencia vital, os espazos habitados e a súa relación coa música, elemento presente en boa parte da súa produción. A exposición tamén puxo en valor o carácter mural da súa pintura, que se manifesta en grandes formatos pensados para espazos públicos, froito de diversos proxectos desenvolvidos ao longo da súa carreira.



Rafael Úbeda (Pontevedra, 1932) é un dos referentes das artes plásticas galegas e estatais. Formado en Madrid, Holanda e Italia, desenvolveu unha ampla traxectoria internacional que inclúe exposicións en Europa, Asia e América. Doutor en Belas Artes e académico da Real Academia Galega de Belas Artes, combinou a creación artística coa docencia en diversas universidades españolas. Actualmente, continúa traballando entre Madrid e Samieira.

A comisaria

Pilar Corredoira. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade Central de Barcelona, posúe unha ampla experiencia curatorial no ámbito da arte galega e internacional. Destacou na organización de exposicións relevantes e actualmente colabora como crítica de arte e asesora para diversas institucións.



Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar

Datas: Do 12 de xuño ao 2 de novembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Colabora:** La Fábrica. / **Asistencia:** 19.666 persoas.

A exposición *Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar* ofreceu no Museo Centro Gaiás a retrospectiva máis ampla realizada ata o momento sobre o fotógrafo ucraníno Boris Savelev, recoñecido en PHotoEspaña 2024. A mostra percorreu seis décadas de traballo nas que Savelev capturou a vida anónima das cidades con ollada poética, dende a Unión Soviética ata Galicia, onde reside dende 2022 tras fuxir da guerra.

Formada por 103 fotografías e diverso material de arquivo, a exposición amosou tamén a evolución técnica do artista —do branco e negro á impresión multicapa sobre aluminio— e incluíu por primeira vez media ducia de imaxes inéditas tomadas en Galicia, coas que Savelev iniciou o seu novo *Diario galego*.



O comisario

Adam Lowe é o director e fundador de Factum Arte (desde 2001) e da súa rama sen fins de lucro, Factum Foundation (desde 2009), dedicada á preservación do patrimonio mediante tecnoloxías dixitais innovadoras. Formado en Belas Artes no Ruskin School de Oxford e no Royal College of Art de Londres, trasladouse a Madrid para establecer un taller multidisciplinar que combina escaneo 3D, impresión e procesos tradicionais para crear facsímiles exactos de obras e espazos patrimoniais, traballando a prol da transmisibilidade cultural.

Adam Lowe mantén unha estreita colaboración con Boris Savelev desde finais dos anos 90, compartindo a paixón pola precisión técnica e impulsando xuntos novas formas de impresión fotográfica, como as transferencias de pigmento multicapa desenvolvidas en Factum Arte.



Castelao. Mirar por Galicia

Datas: Do 26 de xuño ao 11 de xaneiro de 2026 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Dirección artística:** Carlos Seijo / **Asesoría histórica:** Miguel Anxo Seixas Seoane / **Colabora:** Fundación Castelao / **Asistencia:** 36.109 persoas.

Castelao. Mirar por Galicia é a experiencia dixital máis avanzada realizada ata o momento arredor da figura de Castelao. A mostra propoñía un percorrido inmersivo pola vida, obra e pensamento do autor rianxeiro a través de intelixencia artificial, realidade virtual, videomapping ou hologramas, ofrecendo unha visión próxima e profundamente humana do artista, político e intelectual. A exposición estivo incluída na programación oficial do Ano Castelao 2025, baixo a dirección histórica de Miguel Anxo Seixas e a dirección artística de Carlos Seijo.



Entre xuño de 2025 e xaneiro de 2026, o Museo Centro Gaiás acolleu un espazo innovador onde o visitante podía experimentar escenas clave da vida de Castelao, dende a súa infancia en Rianxo ata o exilio en Buenos Aires, pasando polas súas clases de debuxo ou momentos de creación artística. Un gran cubo de papel, no que se proxectaba unha experiencia audiovisual envolvente, servía como escenario central dun relato en primeira persoa, combinando textos orixinais, obras plásticas animadas e a súa voz recreada con tecnoloxía de IA xenerativa.

A exposición apostaba por un uso ético da intelixencia artificial e baseaba o seu contido nun rigoroso proceso de documentación. Reunía pezas orixinais e materiais procedentes de institucións como o Museo de Pontevedra, a Biblioteca de Galicia ou o Consello da Cultura Galega, entre outras. Este traballo colectivo, con participación de creadores galegos, ofrecía unha homenaxe visual e sensorial de Castelao, respectando o seu legado e conectando coa súa humanidade desde o presente.


Historias LGBTI da Galicia orgullosa

Datas: Do 5 de agosto ao 7 de setembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, hall de tirantes. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Coordinadora:** Daniela Ferrández / **Colabora:** Consello da Cultura Galega / **Asistencia:** 655 persoas.

A exposición *Historias LGBTI da Galicia Orgullosa*, impulsada pola Xunta de Galicia con motivo do Día Internacional do Orgullo, presentou un arquivo inédito de relatos e imaxes que axudaron a construír unha memoria máis diversa e afectiva da historia galega. Tras a súa inauguración no edificio da Pirámide de San Caetano, a mostra trasladouse ao andar 0 do Museo Centro Gaiás, onde estivo aberta ao público ata o 7 de setembro de 2025.

A mostra recolleu testemuñas de figuras coñecidas como Elisa e Marcela e doutras menos visibilizadas como Maruja Roca ou Dalia Flores, así como momentos clave do activismo LGBTI en Galicia, como a primeira celebración do Orgullo en 1980 ou a creación dos primeiros colectivos de liberación sexual. O deseño inspirouse no encaixe de Camariñas como símbolo de rede e tradición, e empregou a cor rosa como emblema de orgullo, memoria e resistencia.

A exposición completouse cun arquivo dixital colaborativo aberto á cidadanía, que permitiu incorporar novas fotografías e historias. O proxecto contou coa coordinación da investigadora Daniela Ferrández e coa colaboración do Consello da Cultura Galega e de arquivos familiares como o de Maruja Roca, contribuíndo a recuperar e a dignificar as historias do colectivo LGBTI na Galicia contemporánea.



Contemos multitudes.

Dano cerebral adquirido: onde as cousas perdidas volven estar ben

Datas: Do 22 de outubro ao 8 de decembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 0. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Impulsa:** Dano Cerebral Galicia. / **Colabora:** Consellería de Política Social e Igualdade, e Cidade da Cultura de Galicia. / **Asistencia:** 2.384 persoas.

Contemos multitudes. Dano cerebral adquirido: onde as cousas perdidas volven estar ben puxolles rostro ás persoas que conviven no día a día coas consecuencias do dano cerebral adquirido. A través da fotografía, facíase visible unha realidade cuxas secuelas resultan con frecuencia invisibles e incomprendidas para a sociedade.

A exposición estivo composta por 58 imaxes estruturadas en dúas seccións: por unha parte, 21 retratos do fotógrafo galego Fuco Reyes, recoñecido con numerosos premios pola súa traxectoria profesional; e, por outra, 37 fotografías realizadas por persoas con dano cerebral adquirido, froito dun obradoiro creativo dirixido polo propio artista.

O diálogo establecido entre estas dúas miradas permitía achegarse á fractura vital provocada pola aparición desta discapacidade, así como á forza expresiva e á capacidade de resiliencia das persoas afectadas.

A mostra foi unha iniciativa de Dano Cerebral Galicia, federación que reúne as cinco asociacións galegas vinculadas a esta discapacidade, e contou coa colaboración da Consellería de Política Social e Igualdade e da Cidade da Cultura de Galicia.



Arqueoloxía da festa

Instalación multimodal

Datas: Do 22 de outubro ao 23 de novembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 0. / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h. / **Organiza:** Incipit-CSIC. / **Colabora:** Cidade da Cultura de Galicia, Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. / **Asistencia:** 636 persoas.

Enmarcada nas Residencias InciPIT-CSIC de creación e investigación artística propiciadas polo Instituto de Ciencias do Patrimonio e da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Arqueoloxía da festa poñía o foco nos sedimentos acústicos dun antigo campo da festa en Portomouro (Val do Dubra), explorando o que permanece tras a celebración comunitaria. A través do son como ferramenta principal, complementado con documentación visual e testemuños orais, o proxecto evidenciaba como as paisaxes conservan pegadas temporais e como o abandono pode interpretarse como transformación e non como ausencia. Este proxecto constituía un dos resultados

de *Palcos: Cultura material e festa na paisaxe rururbana galega*, unha investigación financiada pola Axencia Galega de Innovación que estudaba a materialidade das festas patronais en Galicia.

A autora

Matilde Meireles é unha artista sonora portuguesa que traballa desde unha perspectiva experimental sobre os modos de escoita e a súa capacidade para activar novas percepcións dos ecosistemas. A súa obra foi exhibida en festivais internacionais e centros de arte contemporánea de referencia.

Íñigo Sánchez-Fuarros é antropólogo e investigador no Incipit-CSIC, especializouse nas relacións entre cultura expresiva, materialidade e procesos de patrimonialización. Dirixiu proxectos como *Sounds of Tourism* e coordinou a investigación *Palcos*.





Diálogos

Exposición fotográfica de José Pardo e Jorge Meis

Datas: Do 22 de decembro de 2025 ao 18 de xaneiro de 2026 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 0 / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Comisario:** Eduardo Hermida. / **Asistencia:** 2.100 persoas.

A exposición *Diálogos* reunía o traballo dos fotógrafos Jorge Meis e José Pardo nun proxecto que propuxo unha nova mirada sobre Ferrol a través da convivencia de dous enfoques que dialogaban entre si. Ambos os autores, fundamentalmente vinculados á cidade, construíron un relato visual centrado na experiencia persoal e no coñecemento do territorio.

Comisariada polo artista Eduardo Hermida, a mostra presentouse como unha conversa aberta entre dous xeitos de mirar a realidade. A combinación de ambos os dous estilos ampliaba a percepción da cidade, ofrecendo todo un mapa emocional e contemporáneo de Ferrol.

A exhibición no Museo Centro Gaiás engadía un valor estratéxico ao ecosistema cultural galego. Ferrol, porto e punto de partida do

Camiño Inglés, e Santiago, meta histórica da ruta, configuraron un diálogo territorial que reforzaba o sentido da mostra. Presentar estas imaxes en Santiago permitía conectar simbolicamente o inicio e o final do Camiño, convidando o público a descubrir a cidade que está na orixe da travesía.

Os fotógrafos

Jorge Meis é fotógrafo e colaborador do *Diario de Ferrol* desde 1998, conta con exposicións individuais en Galicia e Portugal e varios premios, entre eles Galicia en Foco (Foto do Ano 2003). Publicou os libros *Sal en la memoria* (2020) e *Ferrol* (2021).

José Pardo é licenciado en Imaxe e Son e fotoperiodista en *La Voz de Galicia* desde 1993, combina o traballo profesional con exposicións, publicacións e proxectos culturais e arqueolóxicos, incluíndo *Tell el-Far'a* (2021) e o proxecto itinerante *Diálogos* (2025).



Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria

Datas: Do 28 de outubro ao 5 de abril de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 3 / **Horario:** De martes a domingo de 10:00 a 20:00h / **Comisario:** Miguel Fernández Cid / **Coordinación:** Carmen Asorey. / **Asistencia:** 16.098 persoas.

A última exposición inaugurada en 2025 foi a dedicada á figura de Francisco Asorey. A mostra aprofundaba, desde unha mirada contemporánea, no universo creativo dun dos escultores galegos máis salientables e renovadores da arte estatal do século XX. A súa elección como protagonista do Día das Artes 2024 da Real Academia Galega de Belas Artes permitiu integrar este proxecto na programación do Museo Centro Gaiás, reforzando o compromiso da Cidade da Cultura coa difusión de figuras esenciais da arte galega.

Comisariada por Miguel Fernández-Cid, con coordinación de Carmen Asorey —neta do artista e figura clave na recuperación da súa memoria—, a exposición reunía arredor de medio cento de esculturas e unha decena de

escaiolas, ademais de debuxos, documentos, ferramentas e materiais audiovisuais. A selección ofrecía un amplo percorrido pola súa traxectoria, desde as primeiras opcións estéticas ata a súa obra monumental e a iconografía de raíz popular presente nas súas esculturas en madeira.

O relato expositivo organizouse en bloques temáticos co obxectivo de facilitar a comprensión das preocupacións formais e conceptuais de Asorey: a escultura relixiosa e civil, os retratos, o uso da cor na pedra, o desenvolvemento dunha nova policromía e a representación da identidade galega, especialmente a través da figura feminina. Así, obras destacadas como *Lo Jondo* (1914), *Cabaleiros negros* (1915), *Naiciña* (1921), *Ofrenda a San Ramón* (1923), *O Tesouro* (1924) ou o imponente *Cristo de Moia* (1952) formaban parte dunha retrospectiva tan completa como necesaria.

A mostra completábase con pezas procedentes de institucións públicas e coleccións privadas, tanto galegas como estatais. A través desta ampla representación, poñíase en valor a capacidade de Asorey para integrar tradición e modernidade, conectando a Galicia rural e mariñeira coas correntes internacionais da arte do seu tempo e consolidando a súa figura como un creador universal profundamente enraizado no país.

O comisario

Miguel Fernández-Cid é crítico e historiador da arte, comisario de numerosas exposicións en institucións españolas e internacionais. Desde 2019 é director do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A coordinadora

Carmen Asorey é xestora cultural e investigadora especializada na obra do seu avó, o escultor Francisco Asorey. Desenvolve proxectos dedicados á recuperación, estudo e difusión do seu legado artístico e histórico.

O catálogo

Deseño: Teresa Saiz Ocaña. **Textos:** Carmen Asorey, Miguel Fernández-Cid e Felipe-Senén López Pérez. **Tirada:** 600 exemplares. **Edición bilingüe** galego-castelán, con separata en inglés. **Extensión:** 328 páxinas. **Formato** 210x270 mm. **Encadernación** en tapa semi-ríxida.





Nicolás Muller en Galicia

Asistencia: 6.554 persoas (14.696 en total).

Nicolás Muller (Hungría, 1913 - Asturias, 2000) naceu no seo dunha familia xudía non relixiosa e burguesa. O seu contexto vital converteuno en testemuña privilexiada coa súa cámara dunha das épocas máis convulsas da historia recente europea. Ao longo dos anos, diversas circunstancias levárono desde o seu país natal ata Francia, Portugal, Marrocos e España, fuxindo da Segunda Guerra Mundial e na procura de paz e liberdade. A mostra que lle dedicou o Museo Centro Gaiás no 2024 integraba 131 imaxes, pertencentes ao Museo de Belas Artes de Asturias, ao Fondo Ana Muller e ao Arquivo Rexional da Comunidade de Madrid.

O groso da exposición conformábano 82 fotografías realizadas por Muller nos anos 60, cando recibe un encargo fotográfico para unha serie de libros ilustrados que amosasen a riqueza da paisaxe e da cultura das diferentes rexións de España. Ademais das tomas de monumentos e de edificios sobradamente coñecidos, a encomenda requiría captar escenas da vida cotiá en poboacións e cidades, que son as que o comisario da mostra, José Ferrero Villares, e Ana Muller, filla do fotógrafo, seleccionaron para esta mostra organizándoas a modo de percorrido xeográfico con Galicia como punto de partida para continuar por Cantabria, Asturias, Navarra e o País Vasco. No final da mostra engadíronse, baixo o título *Obras Mestras*, unha escolma de 49 das instantáneas máis coñecidas do fotógrafo, realizadas en Hungría, Francia, Portugal, Marrocos e España.



O comisario

José Ferrero Villares. Fotógrafo e graduado en Artes Plásticas, nado en León, aínda que instalado en Avilés desde neno. Coñece a Nicolás Muller nos anos 90, e empeza a comisariar as súas exposicións en 2016. Del realizou máis dunha ducia de exposicións en colaboración coa súa filla, tamén fotógrafa, Ana Muller, como *La mirada comprometida* (2021), que permitiu descubrir moitas obras inéditas do fotógrafo e que percorreu diferentes museos de España e Portugal.

Itinerancias

Tras o éxito da mostra no Gaiás e visto o potencial das imaxes que Muller sacou en Galicia decidiu organizarse unha serie de exposicións nas que se puido explorar mellor ese fondo galego. A primeira desas mostras puido verse na sala de exposicións temporais do Museo do Mar de Galicia (Vigo).

Vigo

Datas: Do 13 de marzo ao 18 de maio de 2025 / **Espazo:** Museo do Mar de Galicia, Vigo. / **Horario:** De martes a venres de 10:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h - Sábados e domingos, de 11:00 a 14:00h e de 17:00 a 20:00h / **Asistencia:** 6.554 persoas.

Lugo

Datas: Do 21 de outubro de 2025 ao 21 de febreiro de 2026 / **Espazo:** Sede Afundación Lugo. / **Horario:** De luns a venres de 9:00 a 14:00h e de 17:00 a 20:30h - Sábados, de 11:00 a 14:00h e de 17:00 a 19:00h / **Asistencia:** 2.562 persoas.



Vía da prata. Aires do sur

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Hora-**
rio: De martes a domingo de 10:00 a 20:00h
/ **Comisaria:** Lucía Laín. / **Asistencia:** 1.801
persoas (20.902 persoas en total).

A Vía da Prata. Aires do Sur conformaba un relato único no que as imaxes tomadas por grandes clásicos se sucedían nun interesante diálogo coa mirada actual de fotógrafos e fotógrafas do noso presente. Tirando do fío por novos camiños e fondos documentais, este proxecto expositivo e editorial foi quen de construír un relato posicionando o visitante no punto de vista do peregrino. Deste xeito, a mostra amosaba paisaxes, monumentos e escenas cotiás que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días. Estivo conformada por 140 imaxes de 40 fotógrafos e fotógrafas que convidaban a contemplar a realidade coa ollada curiosa e serena do camiñante.

A exposición amosaba imaxes de artistas que fotografaron os camiños e a xente da Vía da Prata desde finais do século XIX e ao longo dos séculos XX e XXI, e que forman xa parte da nosa memoria, como Antón Passaporte, Aurélio da Paz dos Reis, Enrique Guinea, J. Lacoste, Jean Poujade, Jean Laurent, José Suárez, Martínez Hebert, Nicolás Muller, Anna Turbau, Carmenchu Alemán, Laura, Tere Fernández ou Yorgos Karailias, entre moitos outros.

A comisaria

Lucía Laín. Historiadora, comisaria, guionista e documentalista. A súa paixón pola historia da fotografía remóntase aos anos nos que traballa como coordinadora de desenvolvemento e contidos en longametraxes documentais. Experimentada documentalista, leva comisariadas máis de doce exposicións.



O catálogo

Edición: castelán/galego/inglés. **Tamaño:** 21 x 25 cm. **Extensión:** 256 páxinas. **Tirada:** 1.000 exemplares. Encadernación en tapa dura con lombo recto. **Edita:** Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Universidade e Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño e maquetación:** Laboratorio Numax. **Tradución e revisión:** Linguaserve e Elena Bernardo. **Imprenta:** Gráficas Anduriña. **Textos:** Lucía Laín.

Itinerancias

Co fin de fomentar o coñecemento e difusión da Vía da Prata decídese levar a mostra, que estivera no Museo Centro Gaiás no 2022, a diferentes vilas e cidades. Puido verse así no 2023 no Palacio Toledo Moctezuma de Cáceres, no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense no 2024 ademais das mostras do ano actual.

Madrid

Datas: Do 2 de abril ao 25 de maio de 2025 / **Espazo:** Casa de Galicia. / **Horario:** De luns a sábado en horario de 10:00 a 14:00h, e de 16:00 a 20:00h - Domingo, de 10:00 a 14:00h / **Asistencia:** 3.073 persoas.

Zamora

Datas: Do 10 de outubro ao 3 de decembro de 2025 / **Espazo:** Centro Cultural Palacio de La Alhóndiga / **Horario:** De luns a venres en horario de 11:00 a 14:00h, e de 17:00 a 21:30h / **Asistencia:** 2.804 persoas.



Hábitats. Natureza estendida

Responsable: Carlos Seijo. / **Desenvolve:** Maxina. / **Asistencia:** 14.034 persoas en 2025 (25.060 en total).

Hábitats. Natureza estendida foi unha experiencia sensorial inmersiva que amosaba, a través dunha viaxe polos cinco continentes, a diversidade de ecosistemas do planeta Terra. Combinando nunha única capa os mundos físico e dixital, *Hábitats* transportábanos, sen saír do Museo Centro Gaiás, por nove destinos nos que puidemos convivir e interactuar con animais e plantas recreadas grazas ás tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada.

Desde o deserto de Sonora en Estados Unidos ata a Gran barreira de coral australiana, ou desde o Mar de Weddell na Antártida á Cova de Ceza no Courel, entre outros. Na nosa aventura atopamos elefantes, tartarugas, baleas, axolotes, osos, simios, quenllas e moitas outras especies ás que tivemos o privilexio de observar de preto nos seus propios hábitats, grazas ás lentes de realidade estendida.

Hábitats visitables

1. Lagos e humidaís (Xochimilco, México).
2. Selva tropical (Amazonia, Perú).
3. Desertos (Sonora, EEUU).
4. Polar (Mar de Weddell, Antártida).
5. Montañoso (Cova Oso cavernario. Lugo e cornixa cantábrica).
6. Sabana (Masái Mara, Kenya).
7. Areaís (Rasz al-Jin. Omán).
8. Arrecifes de Coral (Gran Barreira, Australia).
9. Os océanos.



Itinerancias

Tra o éxito da experiencia no Museo Centro Gaiás, a experiencia clausurada en Compostela en maio de 2024 puido verse na Coruña entre abril e setembro de 2025.

A Coruña

Datas: do 24 de abril ao 13 de setembro de 2025 / **Espazo:** Sede Afundación A Coruña / **Horario:** De luns a sábado, de 10:00 a 14:00h e de 17:30 a 20:30h / **Asistencia:** 14.034 persoas




Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia

Comisario: Zósimo López Pena e Henrique Neira Pereira. / **Organiza:** Biblioteca de Galicia. / **Asistencia ás itinerancias:** 19.938 persoas.

No ano 2024 a Biblioteca de Galicia organizou a exposición *Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia*. Nela realizábase un percorrido histórico pola evolución das orquestras populares desde as décadas de 1920-30 ata o ano 2020, amosando como estas formacións pasaron das bandas tradicionais ás actuais propostas escénicas, adaptándose aos tempos e ás demandas da mocidade. A mostra puxo en valor un fenómeno cultural profundamente enraizado en Galicia pero pouco estudado desde unha perspectiva académica.

A exposición, baseada no estudo *Do palco ao escenario*, coordinado por Xaime Fandiño da Universidade de Santiago foi comisariada por Zósimo López e Henrique Neira e naceu no 2023 na Biblioteca de Galicia cos seus propios fondos. Posteriormente, emprendeu unha itinerancia que a levou a Ponteareas e a Ribadavia en formato de rúa, con tres paneis e cinco bancos, dentro do programa expositivo da Cidade da Cultura.

O relato expositivo abordaba os principais momentos deste século de historia: as influencias da emigración nos primeiros estilos musicais, a expansión das verbenas tras a Guerra Civil, o auxe nos anos 80 coa chegada dos medios públicos, a crise dos 90 e a posterior reinvención entre 2012 e 2019. A mostra concluía co impacto da pandemia no 2020 e coa recuperación do espírito da verbena como sinal de identidade cultural galega.



Itinerancias

Para dar a coñecer mellor este traballo organizáronse xa no ano 2025 tres itinerancias por diversas vilas de Galicia.

Ponteareas

Datas: Do 10 de xuño ao 29 de xuño de 2025 / **Espazo:** Praza da música. / **Asistencia:** 9.849 persoas.

Ribadavia

Datas: Do 8 ao 29 de xullo de 2025 / **Espazo:** Praza Buxán. / **Asistencia:** 4.994 persoas.

Baiona

Datas: Do 3 ao 29 de setembro de 2025 / **Espazo:** Paseo de Pinzón. / **Asistencia:** 5.095 persoas.





O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra

Asistencia: 897 persoas en 2025 (33.125 persoas en total).

O principal obxectivo da mostra *O Camiño Portugués* foi poñer o foco na fotografía para propiciar un encontro transfronteirizo. Con material procedente de arquivos fotográficos de Portugal e Galicia, a mostra tomaba como punto de partida a cidade do Porto para continuar o itinerario do Camiño Portugués utilizando como recurso as obras de arquivos fotográficos de España e Portugal.

A exposición estivo conformada por un total de 120 fotografías, 80 históricas e 40 actuais, realizadas por artistas actuais como Carla Andrade, Tono Arias, Antón Buciños, Vari Caramés, Nicolás Combarro, Eva Díez, Jesús Madriñán, Carmenchu Alemán, Juan Manuel Castro Prieto, Luis Vioque ou José Luis Borges.

As fotografías históricas pertencen a 14 arquivos, entre outros: A.H. P. de Lugo, Arquivo Pacheco, Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, Arquivo José Suárez, Arquivo Municipal de Lisboa, Arquivo Municipal do Porto, Arquivo Nicolas Muller, Bildarchiv Foto Marburg, Centro Portugués de Fotografía, Col. Roisin. Arxiu Catalunya, Fototeca del Patrimonio Histórico, Library of Congress e Museo de Pontevedra.



A comisaria

Lucía Laín. De ampla traxectoria no desenvolvemento de proxectos documentais, editoriais e expositivos, Laín é fotógrafa, documentalista e licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

O catálogo

Deseño: Numax. **Textos:** Lucía Laín. **Tirada:** 1.000 exemplares. **Edición:** galego / castelán / inglés / portugués. **Extensión:** 230 páxinas. **Formato:** 210x225mm. Encadernación en tapa dura con lombo.

Itinerancias

Coa finalidade de difundir ao máximo esta vía de peregrinación tras o paso da exposición no Museo Centro Gaiás no ano 2022, a mostra puido visitarse nos seguintes espazos:

Vigo


Datas: Do 20 de maio ao 4 de setembro de 2022 / **Espazo:** Museo do Mar de Galicia. / **Horario:** De martes a venres, de 10:00 a 14:00h e 16:00 a 19:00h - sábado, domingo e festivos, de 11:00 a 14:00h e 17:00 a 20:00h / **Asistencia:** 10.098 persoas.

Tui

Datas: Do 1 de decembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023 / **Espazo:** Sala municipal de exposición, Edificio Francisco Sánchez. / **Horario:** De luns a venres de 9:00 a 14:00h e 16:00 a 21:00h. Sábados de 9:00 a 13:00h / **Asistencia:** 1.079 persoas.

Baiona

Datas: Do 1 ao 29 de xullo de 2025 / **Espazo:** Multiusos Mercado de Sabarís / **Horario:** De luns a domingo, de 19.00 a 22.00h / **Asistencia:** 897 persoas.



Intervención gañadora EAN13

H+E

Isabel Merchante e Óscar Manrique

Datas: Do 26 de agosto de 2024 ata o 5 de xaneiro de 2025. / **Espazo:** Torres Hejduk. / **Acceso:** De luns a domingo. / **Horario:** De 10:00 a 20:00h / **Asistencia Inauguración:** 58 persoas.

A proposta de Isabel Merchante e Óscar Manrique resultou gañadora entre os 12 proxectos presentados ao Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado no marco do XIII Encontro de Artistas Novos, EAN13. Este certame buscaba dar visibilidade a artistas emerxentes, ofrecéndolles un espazo expositivo non convencional nunha plataforma consolidada como o EAN.

A obra, titulada *H+E*, representaba unha alegoría da amizade entre os arquitectos John Hejduk e Peter Eisenman, materializada na construción das Torres Hejduk no Gaiás. As torres, inicialmente concibidas para un proxecto de xardíns botánicos no parque de Belvís, foron finalmente erixidas no Gaiás en homenaxe a Hejduk tras a súa morte no 2000, converténdose no primeiro edificio do complexo e nun símbolo icónico da Cidade da Cultura.

H+E requiría a participación activa de dúas persoas, que ao tocar os extremos dunha barra, xeraban unha atmosfera visual única, evocando conexións neuronais, ramificacións vexetais ou o brillo das estrelas, creando unha experiencia inmersiva.

Os artistas

Isabel Merchante (Madrid, 1999) é artista visual, graduada en Belas Artes e Deseño pola Universidad Francisco de Vitoria en Madrid. Cursou o máster Contemporary Art Practice no Royal College of Art de Londres, onde reside actualmente. En 2023 foi premiada nos XXXIV Circuitos de Artes Plásticas da Comunidade de Madrid e recibiu tamén o 1º Premio Anual We:Now.

Óscar Manrique (León, 1994) é comisario independente, crítico e historiador da arte especializado en arte contemporánea e cultura visual. Desde 2023 dirixe a galería Ginsberg + TZU xunto a Claudia Pareja no barrio madrileño de Carabanchel.



Instalación nas Torres Hejduk

Plastic biontes

Datas: Do 05 de xuño ao 23 de novembro de 2025. / **Espazo:** Torres Hejduk. / **Colabora:** Coregal e Televés. / **Acceso:** De luns a domingo. / **Horario:** De 10:00 a 20:00h / **Asistencia Inauguración:** 58 persoas.

Plastic biontes foi unha intervención artística nas Torres Hejduk que propuxo un diálogo simbólico entre o complexo do Gaiás e a cidade de Santiago a través do lixo industrial, resignificado como materia creativa. As torres convertéronse en faros dun relato que convida a reflexionar sobre a memoria, o presente e as posibilidades dun futuro común por construír.

A intervención explorou os límites entre o natural e o artificial, visibilizando a interdependencia das formas de vida e a capacidade de adaptación, mimetismo e resiliencia. "A Crisálida", na Torre de Cristal, empregou filme plástico transparente para aludir á sobreprotección e ao impacto do plástico nos ecosis-

temas. "Lique", na Torre de Granito, utilizou bolos plásticos industriais que simulan liques, invertendo o proceso natural de colonización mineral con esta nova materia contaminante.

A instalación foi creada por **Basurama**, colectivo artístico fundado en 2001 que investiga os procesos produtivos contemporáneos e os refugалlos que xeran. A súa práctica combina arte, reflexión social e medioambiental, xerando espazos de encontro e acción a través da reutilización creativa. Con sede en Madrid, Basurama desenvolveu máis de 150 proxectos en 40 países e colabora habitualmente con institucións culturais de referencia internacional.



Intervención gañadora EAN14

Phygital Land

Traducións do físico ao virtual

Irene Molina

Datas: Do 28 de agosto de 2025 ata o 11 de xaneiro de 2026. / **Espazo:** Torres Hejduk. / **Acceso:** De luns a domingo. / **Horario:** De 10:00 a 20:00h. / **Asistencia:** 1.920 persoas.

Phygital Land foi a intervención artística gañadora do Concurso de Intervencións nas Torres Hejduk do XIV Encontro de Artistas Novos (EAN14), desenvolvida por Irene Molina. A proposta explorou a fusión entre o mundo físico e o dixital a través dunha instalación que combinou esculturas creadas mediante fotogrametría e impresión 3D con proxeccións animadas e paisaxes sonoras, cuestionando os límites entre o natural, o tecnolóxico e o virtual.

A intervención ocupou as dúas Torres Hejduk: na Torre de Cristal, exhibiuse unha paisaxe de formas naturais reinterpretadas por algoritmos e erros de procesamento dixital e, na Torre de Pedra, creouse unha contorna audiovisual con loops de animación e composición sonora de Diego Flórez, baseada en gravacións de campo e sons sintetizados que mesturaban natureza e industria.

Inspirada na teoría da "ímaxe pobre" de Hito Steyerl, a obra converteu os fallos tecnolóxicos e a perda de calidade das imaxes en ferramenta

estética. A mirada imperfecta da máquina deu lugar a unha nova natureza, xerada desde o erro e a incompletitude dixital, ofrecendo unha reflexión crítica sobre a percepción contemporánea do mundo e a forma na que o dixital se entrelaza co real.

A artista

Irene Molina (1997) é a artista visual da obra. O seu traballo abrangue os novos medios con especial atención ao 3D. Na súa práctica artística investiga sobre as relacións que xorden na intersección e hibridación do obxecto dixital e o corpo físico. A súa produción quere xerar pontes entre espazos materiais e virtuais, onde o escultórico convive coa pantalla. A súa preocupación sobre o presente virtual máis inmediato pon o foco na construción e percepción do espazo e o erro dixital. Graduada en Belas Artes pola Universidade de Granada e Máster en Producción Artística pola Universidade de Málaga. Recibiu o Premio BMW de Pintura na categoría de Arte Dixital 2022 e foi residente da XXI promoción da fundación Antonio Gala.



REGA - Clásicas Desfeitas

Vol. XII: Mala vida e pior morte de Ricardo III

Datas: Do 13 ao 31 de xaneiro e do 10 ao 20 de febreiro de 2025. / **Organiza:** Fundación Cidade da Cultura, Centro Dramático Galego. / **Espazo:** Espazos REGA 2 e 4. / **Compañías:** Producións Teatrais Excéntricas. / **Residentes:** 10 persoas.

O programa *Clásicas Desfeitas* previsto para o 2025 incluíu dúas pezas escénicas que permitían redescubrir clásicos da literatura galega a través doutras disciplinas artísticas. *Mala vida e pior morte do rei Ricardo III*, foi o título do primeiro dos proxectos escollidos, unha reinterpretación audaz e humorística do personaxe histórico e literario de Ricardo III. Trátase dun monólogo protagonizado por un Ricardo reinventado, que, desde o máis alá, desafia o retrato inmortalizado por Shakespeare na súa traxedia. Este novo Ricardo defende a súa honra fronte á visión deformada e tiránica que o dramaturgo deixou, explorando a manipulación histórica e cultural que consolidou a súa lenda negra. Coa complicidade do intérprete,

o monarca desafia o clásico shakesperiano, mesturando ironía, sarcasmo e reflexión metateatral nun espectáculo que aspira tanto ao divertimento como á crítica intelixente.

As persoas integrantes do proxecto, desenvolveron o seu período de residencia do 13 ao 31 de xaneiro e do 10 ao 20 de febreiro de 2025. A peza escénica resultante do traballo celebrou a súa estrea o día 21 de febreiro de 2025 na Cidade da Cultura.

A compañía

Producións Teatrais EXCÉNTRICAS é unha empresa que se dedica á creación de espectáculos teatrais, de produtos de entretemento e outros obxectos culturais. Excéntricas serve como plataforma de produción a marcas como Mofa&Befa, o dúo cómico de Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, aos espectáculos unipersoais de Quico Cadaval e a proxectos musicais de Piti Sanz.



REGA - Clásicas Desfeitas

Vol. XIII: Medea-Mamá-Monstro

Datas: Do 19 ao 27 de febreiro de 2025. / **Organiza:** Fundación Cidade da Cultura, Centro Dramático Galego. / **Espazo:** Espazo REGA 2 e almacéns do CEM. / **Compañías:** Porto-Varela. / **Residentes:** 2 persoas.

O segundo proxecto do programa *Clásicas desfeitas 2025*, coproducido polo Centro Dramático Galego e a Cidade da Cultura, foi *Medea-Mamá-Monstro*, das artistas Laura Porto e Helena Varela.

A obra que desenvolveron durante a súa residencia no espazo REGA 2 e os almacéns do Centro de Emprendemento (CEM), combinaba elementos do falso documental e do *freak show* para explorar a figura de Medea a través dos textos de Eurípides, Chantal Maillard e Christa Wolf. A montaxe propoñía unha reflexión sobre a identidade da personaxe mitolóxica, incorporando testemuños ficticios de familiares e coñecidos, e presentando unha Medea reconstruída nun híbrido robótico con forma de paxaro.

As autoras

Helena Varela é actriz, produtora e formadora. Cofundadora do colectivo Cinema Sticado, participou en festivais nacionais e internacionais, obtendo diversos premios polo seu traballo en teatro de monicreques e innovación escénica.

Laura Porto é graduada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, con formación en Filosofía e Mediación Comunicativa. Desenvolve a súa carreira nos ámbitos das artes escénicas, o xornalismo e a xestión cultural. En 2024 foi finalista dos Premios María Casares ao mellor texto orixinal por *A Nai*.



Incubadora de proxectos Escenas do Cambio

Familia Nijinska

Datas: Do 28 de abril ao 11 de maio de 2025.
/ **Espazo:** Sala Eisenman. / **Compañías:** VACABurra. / **Residentes:** 2 persoas.

A compañía VACABurra participou na Incubadora de Proxectos de Escenas do Cambio cunha residencia creativa de dúas semanas na que desenvolveu o seu proxecto *Familia Nijinska*. Esta incubadora, orientada ao acompañamento de procesos no ámbito das artes escénicas, ofreceu un espazo de traballo e reflexión artística para a investigación escénica desta proposta, combinando documentación histórica e creación contemporánea.

Durante a súa estadía, a compañía centrouse en dous eixes principais: por unha parte, o diagnóstico de esquizofrenia de Vaslav Nijinsky, que interrompeu a súa carreira no momento de maior recoñecemento; e, por outra, a figura da súa irmá Bronislava Nijinska, bailarina e coreógrafa, cuxo papel fundamental na historia da danza permanece, en moitos contextos, invisibilizado. O proxecto asumía así unha mirada crítica sobre os relatos dominantes e procuraba rescatar voces esquecidas ou marxinadas.

A residencia culminou cunha mostra aberta ao público na que se compartiu parte do proceso de investigación e creación de *Familia Nijinska*. A proposta, presentada como unha conferencia escénica ilustrada, proporcionaba unha revisión disidente da historia da danza, ofrecéndolle ao público novas pistas para imaxinar futuros posibles desde a memoria e o cuestionamento do canon establecido.

A compañía

VACABurra é unha compañía galega de creación escénica contemporánea, fundada en 2019 por Andrea Quintana e Gena Baamonde. O seu traballo caracterízase por unha mirada feminista e pola centralidade do corpo como motor dunha danza política na que o humor actúa como ferramenta esencial. As súas creacións apostan pola hibridación de formatos e linguaxes, con propostas que van desde o solo de danza *O raro é que bailar sexa raro*, ata a conferencia escénica *Metodoloxías Carroñeras para corpos invertidos*, a deriva coreográfica *Festina Lente* e a peza de rúa *Ruar*.



REGA

Residencias Paraíso

Datas: Do 22 de maio ao 22 de xuño de 2025.
Espazo: Espazos REGA 2 e 3. / **Organiza:** Colectivo RPM. / **Colaboración:** Centro Dramático Galego. / **Residentes:** 2 persoas.

As Residencias Paraíso, promovidas polo Colectivo RPM, desenvolveron en 2025 a súa novena edición cun total de oito proxectos seleccionados. Este programa apostou un ano máis por ofrecer tempo e espazo para a investigación e creación no eido da danza e das artes vivas, fomentando a conexión entre artistas e espazos de distintas características en todo o territorio galego.

A Cidade da Cultura e o Salón Teatro do Centro Dramático Galego acolleron dúas das residencias deste ano. A primeira foi *Tuerce*, do artista transmasculino **Euyín Eugene**, quen afondou na disforia de xénero e no diálogo creativo dende experiencias trans e non binarias. O seu traballo desenvolveuse entre maio e xuño, e incluíu un encontro aberto co público no Salón Teatro o día 13 de xuño.

A segunda residencia combinada foi *Brutalismo*, da artista andaluza **Isabel do Diego**, un concerto-escénico centrado no folclore contemporáneo, na electrónica e na relación entre sonoridade e corpo. A súa estadía artística desenvolveuse tamén entre maio e xuño, finalizando cun encontro co público o día 20 no Salón Teatro. Ambas as propostas puxeron en valor o carácter híbrido, experimental e crítico que define o espírito das Residencias Paraíso.



REGA

Residencia Literaria

Datas: Do 30 de xuño ao 12 de xullo. / **Es-
pazo:** Espazo REGA 1, Zona vella, Santiago
de Compostela e outros espazos do Gaiás. /
Participantes: 15 persoas.

A quinta edición da Residencia Literaria da Cidade da Cultura celebrouse entre o 30 de xuño e o 12 de xullo de 2025, reunindo a dez autoras e autores emerxentes do panorama galego nun espazo de creación e reflexión arredor do oficio literario. A actividade tiña como obxectivo o acompañamento de proxectos inéditos de poesía, narrativa, teatro e literatura infantil, promovendo o diálogo entre xéneros e disciplinas. Nesta ocasión, contou por primeira vez coa coordinación da escritora e xestora cultural Eva Mejuto, quen guiou o proceso de mentoría ao longo das dúas semanas de traballo.

Durante a residencia desenvolvéronse numerosas actividades formativas e de mediación arredor do mundo do libro, como roteiros literarios, maridaxes lectoras, lecturas de textos

propios e alleos, e encontros con profesionais do sector. Participaron figuras destacadas da edición e da axencia literaria, como Hilde Gersen e Víctor Mascato, así como escritores e escritoras recoñecidas do ámbito galego e estatal, entre elas Paula Carballeira, Inés Martín Rodrigo e Ismael Ramos, que achegaron diferentes perspectivas sobre a creación no actual panorama literario.

As persoas seleccionadas nesta edición foron: Agua Menacho Fernández, Alejandro Pereira Soto, Carmen Marina Vidal Valiña, Isabel Fernández González, Lara Boubeta Bamio, Laura Villar Gómez, Nicolás Carreira Pena, Tania Poza Fernández, Tensi Gesteira Estévez e Yamini Teresa Prabhu Barreto. O programa consolidouse así como un espazo de impulso á nova creación literaria en Galicia, favorecendo a profesionalización e a visibilidade das voces emerxentes nun contexto de diálogo, acompañamento e intercambio creativo.





Residencias INCIPIT (Instituto de Ciencias do Patrimonio)

Ana Penyas

Datas: Do 2 de xullo ao 15 de xullo de 2025.

/ Espazo: Espazo REGA 3. / **Colaboración:**

Incipit-CSIC. / **Integrantes:** 1 persoa. / **Parti-**

cipantes: 24 persoas.

Na terceira edición da vía colaborativa entre o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit, CSIC) e as Residencias Artísticas do Gaiás (REGA) da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, incorporouse a participación de Ana Penyas (Valencia, 1987), autora recoñecida pola súa capacidade para abordar cuestións sociais e de memoria colectiva desde unha perspectiva próxima á etnografía.

Durante a súa estadía no Gaiás, Penyas traballou no desenvolvemento dun proxecto centrado no barrio compostelán de Vite, no marco do proxecto de investigación HabitPAT,

que exploraba as formas, xestos e accións que constrúen o noso patrimonio. Deste xeito, escaleiras que semellan non levar a ningures, xanelas que se converten no único contacto co mundo exterior para quen non pode saír de casa, ou historias de vida recollidas entre as veciñas, foron algúns dos elementos que alimentaron o seu proceso creativo.

A artista empregou a banda deseñada como ferramenta de documentación e reflexión crítica, reconstruíndo relatos persoais que reflicten dinámicas sociais máis amplas. Esta práctica, xa presente noutras obras da súa traxectoria como *En una casa. Genealogía del trabajo del hogar y los cuidados* (IVAM, 2022-2023), poñía en relevo unha vez máis o valor do seu traballo gráfico para visibilizar realidades silenciadas e enriquecer as aproximacións contemporáneas ao patrimonio inmaterial.





Residencia Artística da Banda Sinfónica Galega 2025

Converxencias

Datas: Do 18 ao 22 de agosto. / **Espazo:** CINC, Auditorio 1, e Praza Central do Gaiás. / **Orga- niza:** Federación Galega de Bandas de Música Populares. / **Colaboración:** Xunta de Galicia | Deputación da Coruña. / **Participantes:** 36 participantes. / **Asistentes:** 240 persoas.

Converxencias foi a residencia artística que acolleu o XVII encontro da Banda Sinfónica Galega, celebrado entre o 18 e o 22 de agosto de 2025 na Cidade da Cultura. A iniciativa reuniu a 72 músicos, incluíndo membros da Banda Sinfónica Xuvenil Galega e dous ensembles de metais e madeiras, nun espazo de formación e intercambio musical dirixido por David Fiúza, xunto aos docentes Carmen Ferreiro Soto e Pablo Fernández Guzmán.

O programa promoveu a mellora formativa en distintas especialidades instrumentais, a interpretación de repertorio pouco habitual nas bandas populares e a divulgación da música galega. A Banda Sinfónica Galega, que representa á Federación Galega de Bandas de Música Populares, está integrada por músicos de entre 18 e 30 anos seleccionados mediante convocatoria pública bianual.

A residencia culminou cun concerto de peche o 22 de agosto, con entrada libre e repartido en tres actuacións: a Banda Sinfónica Xuvenil Galega na Praza Central do Gaiás, o Ensemble de metais no Edificio CINC e, como peche, o Ensemble Harmoniemusik coa Gran Partita de Mozart.





REGA

Horizontes errantes | Unha peregrinación artística

Datas: Do 22 ao 28 de setembro de 2025 / **Espazo:** Salón de Convencións, Edificio CINC. / **Apoio:** Programa de Residencias Artísticas do Gaiás, Landesverband Freie Tanz- und Theaterschaffende Baden-Württemberg (LaFT BW) e.V., o Ministerio de Ciencia, Investigación e Artes de Baden-Württemberg, a Fundación LBBW, The Tomorrow Tribe e E-WERK Freiburg e.V. / **Residentes:** 3 persoas. / **Presentación:** 60 asistentes. / **Obradoiro:** 10 asistentes.

Durante quince días, Laura Aris e Jakob Jautz percorreron a pé os traxectos entre Tübingen e Friburgo, e entre Villanueva de Santo Adriano e Santiago de Compostela (segundo o Camiño Primitivo), recollendo historias, sons, paisaxes e encontros significativos que serviron de base para a dramaturxia dunha proposta performativa. O resultado deste proceso foi *Horizontes Errantes*, unha peregrinación artística entre Alemaña e España concibida como un proxecto de arte en movemento no que Aris e Jautz transformaron a experiencia de camiñar nunha creación que integraba danza

contemporánea e teatro físico. A performance, de carácter multidisciplinar, presentouse ao público galego o 27 de setembro, nunha interpretación na que contaron co acompañamento musical do músico e compositor portugués Jorge da Rocha.

A proposta convidaba a habitar o mundo desde a calma, a escoita e a transformación, concibindo o acto de camiñar como unha práctica poética de resistencia crítica e, ao tempo, sensible, que, malia o contexto distópico contemporáneo, evocaba sentimentos de esperanza e conexión.

Ademais, os artistas organizaron un obradoiro gratuito de danza contemporánea o 28 de setembro na Cidade da Cultura, concibido como un espazo de encontro coa comunidade de bailaríns de Galicia. O obradoiro baseábase no concepto en desenvolvemento *based landscape choreography* (coreografía baseada na paisaxe) e estivo dirixido a persoas do eido artístico interesadas no diálogo entre o movemento, a natureza e a creación artística.



Axudas REGA

Datas: Do 15 de setembro ao 26 de novembro de 2025

As residencias artísticas da cuarta convocatoria das Axudas REGA desenvolvéronse entre setembro e novembro, cun total de seis proxectos —dous máis ca en edicións anteriores— que abrangueron as artes escénicas, a música, as artes visuais, o deseño e, por primeira vez, as artes dixitais. Durante a súa estadia, as residentes fixeron uso dos espazos e recursos técnicos do Gaiás e contaron co acompañamento de recoñecidos profesionais do sector.



Azulexería Loira Pérez

Datas: Do 15 de setembro ao 24 de outubro de 2025 / **Espazo:** Espazo REGA 4 / **Especialidade:** Deseño. / **Acompañamento:** Sara Coleman. / **Residentes:** 1 persoa. / **Asistencia presentación:** 19 persoas.

O proxecto *Azulexería* desenvólvese como unha investigación arredor da creación de murais cerámicos modulares, inspirados na natureza, na cultura popular galega e no diálogo entre pintura e cerámica. Coa cuncha de vieira como fio condutor, a artista Loira Pérez experimentou con volumes, materiais e procesos dentro dunha práctica máis libre e non condicionada por fins comerciais.



Desde a fonte do pobo ata un piso no terceiro nivel Mar Ramón

Datas: Do 13 de outubro ao 23 de novembro de 2025 / **Espazo:** Espazo REGA 4, camerino 5 e librería do Museo. / **Especialidade:** Artes visuais. / **Acompañamento:** Violeta Janeiro. / **Residentes:** 1 persoa. / **Asistencia presentación:** 26 persoas.

Esta residencia centrouse no estudo das relacións históricas e culturais entre Galicia e o Reino Unido a comezos do século XX, a partir de documentación da Booth Line, viaxes de escritoras británicas e a influencia da porcelana inglesa. Mar Ramón Soriano utilizou os fondos da Biblioteca e Arquivo de Galicia para avanzar na creación dunha instalación que conectaba experiencias, obxectos e imaxinarios de ambos os territorios.

Cidade sonora

Andrés R. Monteavaro

Datas: Do 1 ao 22 de novembro de 2025 / **Espazo:** Sala Seminario. / **Especialidade:** Artes musicais. / **Acompañamento:** José Víctor Carou. / **Residentes:** 2 persoas. / **Asistencia presentación:** 25 persoas.

Cidade sonora consistiu na creación dun arquivo audiovisual e sonoro para analizar o espazo arquitectónico do Gaiás desde unha perspectiva experimental. Andrés Rodríguez e Iván Nespereira documentaron son e imaxe mediante metodoloxías non intrusivas, co obxectivo de desenvolver posteriormente unha peza audiovisual que puxese en valor as materias, texturas e dinámicas do complexo cultural.



Cerebral 4.0

Alberto Castaño

Datas: Do 27 de outubro ao 21 de novembro de 2025 / **Espazo:** Espazo REGA 2 / **Especialidade:** Artes dixitais. / **Acompañamento:** Xulio Vázquez. / **Residentes:** 1 persoa. / **Asistencia presentación:** 26 persoas.

O proxecto *Cerebral 4.0* ampliaba unha investigación pioneira na intersección entre neurotecnoloxía, música e creación audiovisual. O artista multimedia Alberto Castaño avanzou no control consciente de instrumentos virtuais mediante dispositivos EEG, traballando nunha nova obra escénica que integraba linguaxe visual reactiva en tempo real para unha experiencia inmersiva do público.

Aburrimento

Marta Alonso Tejada

Datas: Do 22 de setembro ao 10 de outubro, e do 3 ao 21 de novembro de 2025 / **Espazo:** Espazo REGA 3 / **Especialidade:** Artes escénicas. / **Acompañamento:** Xosé Paulo Rodríguez. / **Residentes:** 5 persoas. / **Asistencia centros:** 75 persoas. / **Asistencia presentación:** 25 persoas.

Durante a residencia do proxecto *Aburrimento*, o equipo de Marta Alonso Tejada investigou a creación de espazos escénicos interactivos activados polo corpo, o movemento e a tecnoloxía, dirixidos principalmente ao público infantil. O laboratorio incluía probas con materiais e mecanismos que foron validadas en sesións de mediación con público e nun encontro formativo con estudantes da USC.




Dream on

Antuán Rivas

Datas: Do 13 de outubro ao 24 de novembro / **Espazo:** Espazo REGA 1 / **Especialidade:** Artes escénicas. / **Acompañamento:** Leticia Sola. / **Residentes:** 1 persoa. / **Asistencia presentación:** 60 persoas.

Por último, o proxecto de Antuán Rivas consistiu nunha peza escénica en forma de monólogo e con forte dimensión audiovisual, que reflexionaba sobre o clima sociocultural contemporáneo e a tensión entre pasado, presente e futuro. Rivas traballou na dramaturxia e proposta escénica, explorando referentes míticos e simbólicos como base para un discurso escénico que materializou o día da presentación.



Clásicas desfeitas 2025

Vol. XII: Mala vida e peor morte do rei Ricardo III

Datas: O 22 e 23 de febreiro de 2025. / **Organiza:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Centro Dramático Galego. / **Espazo:** Baixo-cuberta da Biblioteca e Arquivo de Galicia. / **Horario:** Dous pases por día ás 18:00 e 20:00h. / **Compañías:** Producións Teatrais Excéntricas. / **Entrada:** 9 € A disposición na web de Ataquilla.com, no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás e o propio día das actuacións no Espazo OFF. / **Asistencia:** / 361 persoas.

O 22 de febreiro de 2025 tivo lugar a estrea de *Mala vida e peor morte do rei Ricardo III*. Coa baixo-cuberta da Biblioteca de Galicia como portal ao mundo espiritual e Evaristo Calvo como médium, o público puido asistir á confesión e defensa histórica do propio Ricardo III ante as infamias que Shakespeare deixou escritas sobre el.

Este novo Ricardo defendía a súa honra fronte á visión deformada e tiránica que o dramaturgo deixou, explorando a manipulación histórica e cultural que consolidou a súa lenda negra. Coa complicidade do intérprete, o monarca desafiaba o clásico shakesperiano, mesturan-

do ironía, sarcasmo e reflexión metateatral nun espectáculo que acadou tanto o divertimento como a crítica intelixente.

O sábado 23 de febreiro celebráronse dúas sesións no Gaiás, ambas con aforo completo. Estas funcións marcaron o punto de partida da xira da peza por distintos escenarios de varias localidades galegas.

A compañía

Producións Teatrais Excéntricas é unha empresa que se dedica á creación de espectáculos teatrais, de produtos de entretemento e outros obxectos culturais. Excéntricas serve como plataforma de produción a marcas como Mofa&Befa, o dúo cómico de Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, aos espectáculos unipersoais de Quico Cadaval e a proxectos musicais de Piti Sanz.



Clásicas desfeitas 2025

Vol. XIII: Medea-Mamá-Monstro

Datas: O 28 de febreiro e 1 de marzo de 2025.
/ Organiza: Fundación Cidade da Cultura, Centro Dramático Galego. / **Espazo:** Xardín do Teatro, Galería de servizos e almacéns do CEM. / **Horario:** 19:00h. / **Entrada:** 9 € A disposición no web de Ataquilla.com, no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás e o propio día das actuacións no Espazo REGA 1.
/ Asistencia: 45 persoas.

Na estrea de *Medea-Mamá-Monstro*, Laura Porto e Helena Varela convidaron o público a asumir o papel de investigadores, recompilando pistas e escoitando os testemuños das autoridades de Corinto, así como de veciñas e familiares de Medea. A través desta proposta, a obra abría unha reflexión sobre o amor, a lealdade, a dor e o patriarcado.

Esta singular experiencia escénica, chea de sensibilidade e innovación, botou o peche a unha nova edición de Clásicas Desfeitas, ciclo impulsado polo Centro Dramático Galego en colaboración coa Cidade da Cultura.

A peza, desenvolvida durante a súa residencia no espazo REGA 2 e nos almacéns do Centro de Emprendemento (CEM), combinaba recur-

sos do falso documental e do *freak show* para reinterpretar a figura de Medea a partir dos textos de Eurípides, Chantal Maillard e Christa Wolf. A montaxe integraba testemuños ficticios de persoas do seu círculo próximo e presentaba unha Medea reconstruída como un híbrido robótico con forma de paxaro, ofrecendo unha visión renovada do mito.

As autoras

Helena Varela é actriz, produtora e formadora. Cofundadora do colectivo Cinema Sticado, participou en festivais nacionais e internacionais, obtendo diversos premios polo seu traballo en teatro de monicreques e innovación escénica.

Laura Porto é graduada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, con formación en Filosofía e Mediación Comunicativa. Desenvolve a súa carreira nos ámbitos das artes escénicas, do xornalismo e da xestión cultural. En 2024 foi finalista dos Premios María Casares ao mellor texto orixinal por *A Nai*.



Escenas do Cambio

Datas: Do 8 ao 11 de maio de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás. Edificio CINC. Galería de servizos. Sala Eisenman. Bosque de Galicia. Espazos exteriores da Cidade da Cultura. Salón Teatro, Santiago de Compostela. / **Entrada:** 9 € exceptuando *So de cop*, que tivo un prezo de 5 €, e *Velaiquich Amooorch*, *Baunsbak*, *Ruido*, a presentación do Comando Dramatúrxico e o encontro Pre-Exposure, que foron de acceso libre ata completar capacidade. As entradas estiveron á disposición do público en Ataquilla.com e no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás. / **Asistencia:** 1.745 persoas.

A novena edición do festival *Escenas do cambio* celebrouse entre o 8 e o 11 de maio de 2025 na Cidade da Cultura e no Salón Teatro, consolidándose como unha plataforma internacional para a creación escénica contemporánea. A programación reuniu a artistas de oito países (España, Alemaña, Australia, Bélxica, Corea do Sur, Cuba, Portugal e Suíza), cun total de 15 propostas que hibridaron danza, teatro, música e artes vivas, apostando decididamente por superar os límites físicos e disciplinares da escena tradicional.

Baixo o título *Lstopía*, a dirección artística de Kirenía Martínez Acosta artellou unha programación que explorou os contrastes das sociedades actuais: a tensión entre memoria e futuro, a resistencia ao cambio e a ansia de transformación. Nese contexto, Escenas do cambio 2025 acolleu cinco estreos absolutos —entre as que destacaron *Baunsbak*, de Elvi Balboa; *Fuga para o tempo presente*, de Nuisis Zobop; ou a proposta musical dixital *O intanxible e o non mundo*, de Mercedes Peón— así como a residencia artística do colectivo VA-CAburra co seu novo traballo *Familia Nijinska*.

O festival tamén presentou dúas estreos internacionais en España: *Exposure*, unha colaboración entre Danza Contemporánea de Cuba e o Urban Arts Ensemble Ruhr (Alemaña), coa música en directo de Ben Frost; e *Worn Out*, un solo poético da compañía surcoreana Chumpan Yamoo. Completaron a programación propostas como *Black through red* e *I'm not an influencer* (*Schwarzenegger exterminó mi futuro*), o tríptico de Reinaldo Ribeiro sobre a representación racializada no arte; as instalacións *So de Cop*, de Arnau Obiols, e *Ruido*, de Ça Marche; a peza *Solala*, de Amalia Fernández; o teatro físico de *I'm not a hero*, de Fluctus; e a performance musical *Roland Mon Amour*, de Cris Balboa, coproducida polo Centro Dramático Nacional e o Centro Dramático Galego.



Programa:

Xoves, 8 de maio

- 16:30h: *Velaquich Amooorch* do Colectivo D'Elas.
- 18:15h: *Fuga para o tempo presente - O leve poder da lua apenas queima os olhos* de Nuisis Zobop.
- 21:15h: *Worn Out*, de Chumpan Yamoo.

Venres, 9 de maio

- 12:00h: *Black through red*, de Reinaldo Ribeiro.
- 17:00h: *Baunsbak*, de Elvi Balboa.
- 18:15h: *I'm not a hero*, de Fluctus.
- 19:30h: *La María, o la espeluznante seducción de una canción de amor*, de Raissa Avilés.
- 21:00h: Encontro Pre-Exposure, coa participación de Danza Contemporánea de Cuba e Urban Art Ensemble Ruhr.

Sábado, 10 de maio

- 11h | 12h | 13h: *So de cop*, de Arnau Obiols.
- 17:00h: *I'm not an influencer (Schwarzenegger exterminó mi futuro)*, de Reinaldo Ribeiro.
- 18:30h: *I'm not a hero*, de Fluctus.
- 19:45h: *Exposure*, de Danza Contemporánea de Cuba e Urban Art Ensemble Ruhr.
- 21:30h: *Roland mon amour*, de Funboa Escénica.

Domingo, 11 de maio

- 11:00h: *Ruido*, de Ça Marche.
- 13:00h: *Familia Nijinska*, de VacaBurra.
- 16:00h: Encontro co Comando Dramatúrxico, liderado por Afonso Becerra.
- 18:00h: *Solala*, de Amalia Fernández.
- 20:30h: *O intanxible e o non mundo*, de Mercedes Peón (función en liña).

A directora

Kirenía Martínez é coreógrafa, bailarina, actriz e codirectora da Cía. Entremáns desde 2006. Actualmente combina as creacións propias con encargos coreográficos, colaboracións cinematográficas, literarias e proxectos formativos e de cooperación europea con outras entidades no nivel internacional, entre as que sobresaen: *E-migrantas*, primeira parte da triloxía *Vulnerables*; *Instante Gradual*, seleccionada na primeira convocatoria de Mobilidade Europea I-Portunus; *Vagaface* ou *Brumalión* e o *Can de Pedra*, baseada nun conto inédito de Uxío Novoneyra e estreada no Teatro Aeroplío de Atenas. A de 2025, foi a súa segunda edición como directora artística do festival Escenas do cambio.



SERÁN '04

IV Encontro Galego de Cultura Popular

Datas: Do 20 ao 22 de xuño de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, Edificio CINC, Praza Central. / **Horario:** De venres ás 16:00h a domingo ás 19:00h. / **Entrada:** Entrada de balde, pero as masterclasses con inscrición previa. / **Asistencia:** 8.133 persoas.

Entre o 20 e o 22 de xuño de 2025, a Cidade da Cultura acolleu o *IV Encontro Galego de Cultura Popular – Serán '04*, unha gran celebración do baile e a música tradicional galega que reuniu a preto de mil artistas e especialistas no marco do Día Europeo da Música e das Letras Galegas, dedicadas ese ano á poesía popular oral. Durante tres días, o Gaiás encheuse de foliadas, de aturuxos e de muiñeiras nunha programación diversa e festiva dirixida por Quique Peón.

O evento contou con actuacións de grupos recoñecidos como Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, Xosé Lois Romero & Aliboria ou Tres Pesos, así como festivais folclóricos, certames de coros enxebres, clases maxistras de baile e canto, e actividades familiares como as folia-diñas e obradoiros. Tamén se puideron visitar exposicións e un espazo de feira con casetas expositoras vinculadas á cultura popular.



Programa:

Venres, 20 de xuño de 2025

- 16:00h – 20:00h | FEIRA (Museo Centro Gaiás, andar -1)
- 16:00h – 20:00h | Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
- 17:00h – 20:00h | Obradoiro: “Estampaxe e serigrafía sobre tea”
- 17:00h – 18:30h | Masterclass: “Iniciación á pandeireta para persoas con discapacidade”, María Criado
- 17:00h – 18:30h | Masterclass: “O repertorio do gaiteiro Poso”, Iván Costa
- 18:00h – 19:00h | Foliadiña infantil
 - A.C. Soalleira (Dorrón)
 - Cantigas e Agarimos (Santiago de Compostela)
 - Rosalia de Castro (Cacheiras)
- 18:30h – 20:00h | Masterclass: “O baile na comarca de Muros”, Pedro Brañas
- 18:30h – 20:00h | Masterclass: “Primeiro achegamento á foliada”, Artur Puga
- 21:00h – 01:00h | Festival Folk
 - Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre
 - Tres Pesos
 - Xosé Lois Romero & Aliboria
 - De Ninghures
 - Interludios: Os Enxebres de San Lázaro

Sábado, 21 de xuño de 2025

- 11:00h – 14:00h | FEIRA (Museo Centro Gaiás, andar -1)
- 11:00h – 14:00h | Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
- 11:00h – 14:00h | Obradoiro: “Estampaxe e serigrafía sobre tea”
- 11:00h – 12:30h | Masterclass: “O pandeiro redondo na comarca do Deza”, María Vidal
- 11:00h – 12:30h | Masterclass: “A destreza d@sbailador@s”, Serxio Cobos
- 12:00h – 13:00h | Foliadiña infantil
 - Agrocovo (Esteiro)
 - Rebulir (Ramirás)
 - A Marola (Mera)
- 12:30h – 14:00h | Masterclass: “A pandeireta en Monzo”, Xurxo Fernández
- 12:30h – 14:00h | Masterclass: “Os baile-xogos da Raia”, Luís Prego
- 16:00h – 20:00h | FEIRA
- 16:00h – 20:00h | Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
- 16:00h – 20:00h | Obradoiro: “Estampaxe e serigrafía sobre tea”
- 16:30h – 17:30h | Foliadiña infantil
 - Xiradela (Arteixo)
 - Peis D’Hos (Cangas)
 - Donaire (A Coruña)
- 17:00h – 18:30h | Masterclass: “Técnica vocal para o canto tradicional”, Ana Edreira
- 17:00h – 18:30h | Masterclass: “A Carballeira”, Montse Rivera

- 18:30h – 20:00h | Masterclass: “Iniciación ao bordado”, Álex Regueiro
- 18:30h – 20:00h | Masterclass: “O baile no Courel”, Miguel Sotelo
- 21:30h | Foliadón
 - Pandeireteiras de Toutón
 - Charanga Trébede (Cangas)
 - Penaguda (Dena)
 - Pandeireteiras Rosalía de Castro (Cacheiras)
 - Embruxo gaiteiros (Ordes)
 - Pandeireteiras Alxibeira (Narón)
 - Charanga Cantigas e Agarimos (Santiago)
 - Pandeireteiras Verdillo (Carballo)
 - Charanga A Ponte Vella (Teo)
 - Pandeireteiras Cántigas e Frores (Lugo)
 - Grupo de Gaitas Airiños do Petouto
 - Pandeireteiras de Santaia (Oleiros)
 - Murga Ultreia (Santiago)
 - Pandeireteiros O Fiadeiro (Vigo)
 - Untia - Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos (Betanzos)
 - As Barulleiras, Os Santiaguíños (Boimorto)

Domingo, 22 de xuño de 2025

- 11:00h – 14:00h | FEIRA
- 11:00h – 14:00h | Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
- 11:00h – 14:00h | Obradoiro: “Estampaxe e serigrafía sobre tea”
- 11:00h – 12:30h | Masterclass: “Arredor da pandeira”, Felisa Segade
- 11:00h – 12:30h | Masterclass: “O baile solto da Terra Cha”, Olga Kirk
- 11:30h – 13:30h | Certame Coros Enxebres | Museo Centro Gaiás
 - Pandeireteiras de XOC (Xacarandaina—O Fiadeiro—Cantigas e Agarimos)
 - Coro Tradicional Xacarandaina (A Coruña)
 - Cantares do Brión (Gondomar)
 - Coral de Ruada (Ourense)
- 12:30h – 14:00h | Masterclass: “As Tarrañolas”, Xosé Lois Romero
- 16:00h – 19:00h | FEIRA
- 16:00h – 19:00h | Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
- 16:00h – 19:00h | Obradoiro: “Estampaxe e serigrafía sobre tea”
- 16:00h – 17:00h | Foliadiña infantil
 - Raigañas (Malpica)
 - Pena Maior (Marrozos)
 - A. C. San Campio (Vedra)
- 17:00h – 19:00h | Festival Folclórico
 - Tequexeteldere (A Estrada)
 - Son D’Aquí (A Coruña)
 - Arume de Caión (Laracha)
 - Lembranzas da Ría (Cangas)
 - Aturuxo (A Coruña)
 - Buxainas (Cedeira)
 - Saíñas (Xove)
 - Traspés (Vigo)



Atardecer no Gaiás

Datas: Do 3 de xullo ao 21 de agosto de 2025
Espazo: Praza central. / **Horario:** 21:00h. /
Acceso: Entrada libre e de balde. / **Patrocinio:** Cervezas Alhambra. **Asistencia:** 12.280 persoas.

O xa consolidado programa de concertos do verán compostelán regresou no mes de xullo cun total de sete citas que lle permitiron ao público gozar da música ao aire libre, coincidindo co solpor sobre o Gaiás.

A Praza Central da Cidade da Cultura volveu transformarse nun espazo de encontro para públicos diversos, cunha programación musical caracterizada pola variedade de estilos, que abrangueron desde o rap e a música urbana ata o funk, o soul, os ritmos latinos, a electrónica ou o pop. Como principal novidade desta edición, o 17 de xullo tivo lugar unha xornada especial dentro do ciclo: un festival urbano que reuniu sobre o escenario tres artistas destacados da escena actual da música urbana, ofrecendo unha proposta musical prolongada máis alá do solpor.

Os grupos elixidos para o mes de xullo e agosto de 2025 foron os seguintes:

- 3 de xullo: The Rapants
(Pop — Galicia)
- 4 de xullo: Eris MacKenzie
(Electro Pop — Galicia)
- 10 de xullo: Ana Lua Caiano
(Folk Electrónico — Portugal)
- 11 de xullo: Calle Mambo (
Ritmos latinos — Chile)
- 17 de xullo: Dirty Suc (Galicia)
+ Faenna (Andalucía)
+ Al Safir (Madrid)
- 18 de xullo: Lua de Santana
(Pop — Galicia)
- 31 de xullo: Mocho Gris
(Indie electrónico — Galicia/Portugal)
- 1 de agosto: La Toñi
(Pop — Galicia)
- 7 de agosto: Melodiam
(Electro Pop — Galicia)
- 8 de agosto: Xuventude CREA
(Slimak + Sara Gimeno + Lontras)
- 21 de agosto: Futurachicapop (Pop — Madrid)
+ DJ Kike Varela (Electrónica — Galicia)







Nadal no Gaiás 2024-2025

Yule, un Nadal viquingo

Datas: Do 3 de decembro de 2024 ao 7 xaneiro de 2025. / **Concepto e deseño:** David Carballal. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, hall de tirantes. / **Horario:** De luns a domingo de 10:00 a 20:00h. Pechado 25 de decembro e 1 de xaneiro. 24 e 31 de decembro aberto de 10:00 a 15:00h. / **Asistencia:** 1.153 persoas en 2025 (7.463 en total).

Aproveitando a celebración da exposición *Unha vida viquinga* no Museo Centro Gaiás, o mundo viquingo serviu de inspiración para a decoración de Nadal deste 2024. Os pobos nórdicos, entre eles os viquingos, celebraban o solsticio de inverno cunha festa chamada Yule, da que coñecemos algunhas tradicións que serven como inspiración para a proposta de decoración. O espazo foi deseñado por David Carballal, artífice do deseño da exposición *Unha vida Viquinga*, enlazando así o Nadal e a exposición non só por temática senón pola súa imaxe visual.


Ao entrar na sala, o primeiro que atopamos é un gran barco viquingo, onde puideron ver representada unha muller, un home, unha nena e un neno viquingos. Os asistentes poderán poñerse detrás destas figuras para fotografarse coas súas caras nos ocos correspondentes.

Desde o barco avanzamos pola sala nun carreiro flanqueado por fachos. A un dos lados do camiño víase a silueta dunha gran Cabra Yule, xunto á que tamén se podían fotografar. A Cabra Yule é un dos principais símbolos do Nadal escandinavo

e a portadora dos agasallos para a rapazada. Seguía o percorrido ata chegar á fogueira do Madeiro de Yule, un enorme tronco que ardía durante toda a noite no interior das casas. Este lume escorrentaba os malos espíritos e as súas cinzas espaxábanse posteriormente sobre os campos para asegurar unha boa colleita ao ano seguinte.

Da fogueira pasamos á árbore Yule, que na tradición nórdica é unha representación do Yggdrasil, a árbore da vida na súa mitoloxía. De aquí xurdía a árbore do Nadal, decorada cun xogo de luces led controladas por DMX, que representan as estacións: as tonalidades brancas, azuis e violetas do inverno deron paso á amarela, verde clara e rosa da primavera, continuando coa laranxa e vermella viva do verán e finalizando coas ocre e moradas do outono. Ademais, as instalacións contaban cunha pequena recreación dunha vila viquinga con casiñas, así como cunha zona de xogo, Tomba o trasno, onde se podían lanzar bólas de neve sintéticas a pequenas siluetas de trasnos realizadas en cartón que simbolizan eses medos que vencemos e deixamos atrás.

O día 3 de decembro foi a data escollida para proceder ao prendido da iluminación interior do Nadal no Gaiás. Para a ocasión convidouse a participar as familias do Club Gaiás, que puideron pasar en primicia unha tarde de xogo, luz e maxia que rematou coa tradicional "chocolatada" para as persoas asistentes.



Nadal no Gaiás 2024-2025

Actividades de Nadal

Datas: do 3 de decembro de 2024 ao 7 xaneiro de 2025. / **Concepto e deseño:** David Carballal. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, hall de tirantes. / **Horario:** Días 3, 14, 15, 21, 22, 23 e 30 de decembro de 2024, en horario de 18:00 a 20:00h. Días 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2024 e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2025, en horario de 12:00 a 14:00h e de 18:00 a 20:00h. / **Asistencia obradoiros:** 702 persoas en 2025 (2.481 en total).

A carón da grande árbore de madeira do Gaiás, propúxose unha programación de obradoiros familiares para celebrar o Nadal dunha forma creativa e participativa. Entre as actividades destacadas, convidouse aos asistentes máis novos da casa a decorar a pel con runas inspiradas na tradición viquinga, deseñar e elaborar unha peza única de xoiaría, ou construír con papel unha embarcación tradicional ou a emblemática cabra de Yule.

- **Xoiaría viquinga:** nenos e nenas tiveron a oportunidade de descubrir o mundo da xoiaría da época viquinga. A través de materiais sinxelos puideron crear as súas propias pezas, como pulseiras, colares e amuletos, inspirados nos deseños e nas técnicas empregadas polos antigos pobos nórdicos.

- **Tatuaxes con runas:** para quen prefírese a arte corporal, este obradoiro ofreceu un espazo seguro e divertido onde puideran elixir entre diferentes deseños temporais e, guiados polos monitores, aplicar as tatuaxes de xeito sinxelo. Ademais, este obradoiro permitiulles aos máis curiosos descubriren os significados dos antigos símbolos viquingos.





Nadal no Gaiás 2024-2025

Aí vén o Apalpador

Datas: O 4 de xaneiro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1. / **Horario:** 18:00h. / **Entradas:** 5 €. Dispoñibles a través da páxina web de Ataquilla.com ou no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás. / **Compañía:** A Gramola Gominola. / **Asistencia:** 350 persoas.

O 4 de xaneiro, como broche final da programación do Nadal 2024, o Museo Centro Gaiás acolleu un concerto de Rock & Roll a cargo da banda A Gramola Gominola. O grupo presentou o seu espectáculo musical *Aí vén o Apalpador*, no que nenos e nenas puideron gozar das mellores cancións gramoleiras de Nadal, como *Apalpador* ou *Rap Metal do Nadal*, grandes éxitos que xa se converteron en imprescindibles nos seus concertos.

A Gramola Gominola

A Gramola Gominola é unha banda de auténtico Rock & Roll en galego dirixida ao público miúdo. Está formada por Paco Cerdeira (Pakolas), Paula Romero (*De Vacas*, banda de Guadi Galego), Anxelo de Xermar (*Festicultores Troupe*) e Rodrigo Muñoz (S4N7, Nebra, *Wealman*).

O grupo naceu no 2015 e, dende entón, ofreceu centos de concertos facendo vibrar ao público. En 2018, recibiron o Premio Martín Códax da Música na categoría de música infantil. Ademais, publicaron tres discos a través da Editorial Galaxia.



Obradoiro familiar

De conxuros e música

Datas: O 25 de xaneiro de 2025. / **Espazo:** Espazo REGA 3. / **Hora:** Ás 11:30h, 16:30h e ás 18:00h. / **Acceso:** Entradas a 3 € a través da web cidadedacultura.org. / **Público:** Entre 3 e 9 anos co acompañamento dunha persoa adulta. / **Asistencia:** 90 persoas.

O 25 de xaneiro, o Espazo REGA 3 do Museo Centro Gaiás acolleu un obradoiro musical baseado no clásico de Julia Donaldson *Queda sitio na vasoira?* A historia servía como fío condutor dunha experiencia interactiva na que cativada e público adulto participaron activamente nun concerto-obradoiro cheo de apócemas, meigallos e cancións.

Esta actividade, desenvolvida por Arkhé Espazo Educativo, baseábase na Teoría da Aprendizaxe Musical (Music Learning Theory – MLT). Segundo este enfoque, a música apréndese a través de procesos similares aos da adquisición da linguaxe, favorecendo así o desenvolvemento das aptitudes musicais de cada neno e nena segundo as súas propias potencialidades, modalidades e ritmos de aprendizaxe.



Pequefilmes

Datas: Os días 14, 15 e 16 de febreiro de 2025 / **Espazo:** Edificio CINC, salón de convencións, auditorios 1 e 2, e corredores. / **Hora:** Venres 14: de 17:45 a 20:00h.

Sábado 15: de 11:00 a 14:15h e de 16:30 a 20:00h. Domingo 16: de 11:00 a 14:15h. /

Dirixe: Jorge Rivero. / **Entradas:** Sesión presencial Seccións Oficiais: 3€ persoa. / Sesión presencial Vagalumes: 3€ persoa. Obradoiros: 3€/persoa. A entrada inclúe o acceso da persoa adulta acompañante. / Sesións especiais mostras de festivais: acceso mediante retirada de convite de balde. / Puideron mercarse a través do web Ataquilla.com e presencialmente no punto de información do Museo Centro Gaiás para a venda anticipada, e no Edificio CINC antes de cada sesión. /

Público: Vagalumes: de 0 a 3 anos. / Miñocas: maiores de 4 anos. / Fanecas: maiores de 7 anos. / Obradoiro: maiores de 5 anos acompañados dunha persoa adulta. / **Asistencia:** 2.234 persoas.

O festival de cinema infantil *Pequefilmes* regresou en febreiro para celebrar a súa novena edición, consolidándose como unha cita imprescindible para os pequenos amantes da sétima arte. Por segundo ano consecutivo, o programa estendeuse durante tres días, ofrecendo unha coidada selección de máis de 70 curtametraxes procedentes de 20 países. As proxeccións distribuíronse en dúas seccións competitivas, *Fanecas e Miñocas*, ademais da tradicional Vagalumes, destinada ao público máis cativo.

Fóra de concurso, *Pequefilmes* ampliou a súa oferta con 26 curtametraxes en colaboración cos prestixiosos festivais Clermont-Ferrand e, por primeira vez, coa distribuidora Miyu, reunindo así algunhas das mellores pezas exhibidas recentemente nos mellores certames internacionais de animación.



Co obxectivo de enriquecer a experiencia do público infantil, a programación incluíu de novo un obradoiro de cinema impartido pola animadora e ilustradora Iria Fafián. Nel, as e os participantes exploraron o mundo do cinema de sombras chinesas ao estilo de Lotte Reiniger, creando a súa propia versión de *O traxe novo do emperador*. Durante o obradoiro, experimentaron todo o proceso de animación *stop-motion*: desde o recorte e animación de figuras ata a dobraxe e gravación dos planos. O resultado final foi compartido a través das redes sociais da Cidade da Cultura.

Con esta novena edición, *Pequefilmes* reafirmou a súa aposta pola diversidade cinematográfica e pola participación activa da cativada, consolidándose como un referente no panorama do cinema infantil.

O público premia as mellores curtametraxes

Como en cada edición, o público infantil tivo a última palabra para decidir os galardóns das seccións competitivas. Na categoría Miñocas, a curtametraxe de animación *Swing to the Moon* (Francia), dirixida por Solenne Moreau, Elisa Drique, Marie Bordessoule, Vincent Levrero, Nadine De Boer, Chloé Lauzu e Adriana Bouissie, foi a máis votada. Pola súa banda, en Fanecas, o premio recaeu en *Capybaras (Os carpinchos)*, do cineasta uruguaio Alfredo Soderguit.



Baile de Entroido 2025

Datas: O 3 de marzo de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1. / **Hora:** De 16:30 a 20:00h. / **Entradas:** Entradas 3 € a través de [Ataquilla.com](https://ataquilla.com). / **Asistencia:** 600 persoas.

O 3 de marzo de 2025, a *Cidade Esmeralda* tomou o Museo Centro Gaiás para celebrar un Entroido cheo de fantasía e maxia onde os nenos e nenas puideron calzar os icónicos zapatos vermellos e mergullarse no universo do *mago de Oz*, atopando personaxes inesquecibles polo camiño.

A tarde comezou coa música e animación por parte dun DJ e un equipo de animadores que convidaba o público a bailar todo tipo de divertidas coreografías. Ás 17:30h, a música e a diversión acadaron o seu punto álxido co concerto de Paco Nogueiras e o seu espectá-

culo *C@nto Contigo*, unha viaxe musical na que convidaba a percorrer os grandes éxitos dos seus traballos *Brinca Vail*, *Radio Bulebule* e *Extra!*, facendo que a nosa lingua voase a través da música dun xeito lúdico e divertido.

O xa tradicional desfile e concurso de disfraces puxeron o broche final a unha xornada na que a maxia e a imaxinación fixeron do Gaiás unha verdadeira terra encantada.



Os segredos da tinta

Obradoiros infantís en *Tattoo. Arte baixo a pel*

Datas: O 12 de abril de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2 e andar 0. / **Acceso:** Entradas a 3 € a través de Ataquilla.com. / **Asistencia:** 44 persoas.

Como peche especial da exposición *Tattoo. Arte baixo a pel*, que estivo aberta ao público no Museo Centro Gaiás ata finais de abril, a Cidade da Cultura organizou o sábado 12 unha xornada de obradoiros infantís. A actividade estivo dirixida a nenas e nenos a partir dos 7 anos, dividida en dous capítulos temáticos e cun total de catro quendas repartidas entre a mañá e a tarde.

Na procura da tatuaxe perdida Capítulo I

Datas: O 12 de abril de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Hora:** Ás 11:00 e ás 16:30h. / **Asistencia:** 12 persoas.

A xornada comezou cun xogo de exploración por *Tattoo. Arte baixo a pel*, coa cativada convertida en aventureiros e aventureiras na caza de tatuaxes misteriosas, mensaxes agochadas e historias esquecidas, resolvendo pequenas probas para descubrir os segredos que agochaban as pezas da exposición. Unha aventura para coñecer a evolución da tatuaxe, comprender os seus significados culturais e a súa importancia en diferentes civilizacións.

Deseña o teu *tattoo* Capítulo I

Datas: O 12 de abril de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 0. / **Hora:** Ás 12:00 e ás 17:30h. / **Asistencia:** 32 persoas.

O segundo capítulo desenvolveuse en forma de obradoiro de ilustración e creación de calcomanías, onde cada nena e neno puido deseñar o seu propio símbolo, marca ou criatura fantástica e levalo (temporalmente) na pel. A cativada experimentou con diferentes estilos e técnicas, tintas seguras e lavables con auga para explorar a tatuaxe como forma de expresión artística.



Espectáculo *Compañía*

Día Mundial do Circo

Datas: O 26 de abril de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1. / **Hora:** Ás 18:30h. /

Entradas: Entradas a 5 € a través de Ataquilla.com. / **Compañía:** Xampatito Pato /

Asistencia: 208 persoas.

Con motivo da celebración do Día Mundial do Circo, a Cidade da Cultura acolleu *Compañía*, un espectáculo de Xampatito Pato, unha proposta escénica que combinaba o teatro de monicreques e as artes circenses nun relato visual e sen palabras. A función, dirixida ao público familiar, presentaba a historia dun personaxe solitario que, a través da súa imaxinación, emprendía unha viaxe de transformación persoal na procura de compañía. O espectáculo destacou pola súa capacidade para evocar emocións e provocar gargalladas, nun universo onírico e surrealista que cativou tanto a rapazada como as persoas adultas asistentes.

A compañía

Detrás de Xampatito Pato está Jesús Velasco Otero, creador galego de ampla traxectoria internacional. Co seu estilo singular e a súa capacidade para conectar co público, Velasco levou os seus espectáculos a países como China, Rusia, Croacia, Suíza, Francia, Italia e Portugal, así como a múltiples escenarios do Estado español.





EcoCampamento urbano de arte e natureza no Gaiás

A tribo do Re—

Datas: O 23 de xuño de 2025. / **Espazo:** Edificio Fontán, zonas verdes. / **Hora:** De 10:00 a 15:00h. / **Acceso:** Entradas a 30 € a través de Ataquilla / **Quendas:** 1ª quenda: do 23 ao 27 de xuño. / 2ª quenda: do 30 de xuño ao 4 de xullo. / 3ª quenda: do 1 ao 5 de setembro. / **Financiamento:** Plan Corresponsables. / **Asistencia:** 124 persoas.

Durante o verán de 2025, a Cidade da Cultura acolleu unha edición do campamento urbano A tribo do Re—, unha proposta educativa e lúdica centrada na arte e na natureza, dirixida a nenas e nenos de entre 4 e 14 anos. A actividade, desenvolvida en tres quendas entre xuño e setembro, incluíu obradoiros sobre hortas urbanas, compostaxe, recoñecemento de especies e *land-art*, así como dinámicas de xogo, xincanas ambientais, baños de bosque e unha acampada nocturna opcional para o grupo maior. As sesións repartíronse por diferentes espazos do Gaiás, como o Edificio Fontán, o Bosque de Galicia, o Parque do Lago, o Xardín do Teatro e mesmo as Torres Hejduk, onde a instalación *Plastic Biontes* conectaba directamente coa temática do campamento. Todo o programa contou cun equipo de monitorado especializado.

O campamento destacou pola súa aposta por fomentar valores como a creatividade, a igualdade, a curiosidade, o coidado do medio ambiente e a convivencia en grupo, ofrecendo unha experiencia significativa para a cativada nun contexto natural e artístico. Ademais,

proporcionaba un recurso valioso de conciliación para as familias durante as vacacións escolares, con servizo madrugado dispoñible baixo demanda desde as 8:00h e actividades programadas ata as 15:00h.

A compañía

A tribo do Re— enmarcouse no **Plan Corresponsables** co obxectivo de facilitar a conciliación mediante programas culturais e educativos. Esta iniciativa reflicte o compromiso da Cidade da Cultura cunha programación inclusiva e coidada, que atende ás necesidades das familias e promove un modelo de corresponsabilidade no tempo de lecer infantil.



Desafío de cartón

Colectivo Basurama

Datas: O 28 de xuño de 2025. / **Espazo:** Praza Central. / **Hora:** De 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h. / **Acceso:** Acceso libre e de balde. / **Colaboración:** Ikea. / **Asistencia:** 130 persoas.

O 28 de xuño, a Praza Central do Gaiás acolleu o *Desafío de cartón*, unha actividade lúdica e educativa que promovía a creatividade a través do xogo con cartón de refugallo. A intervención, de carácter efémero e participativo, consistiu na habilitación do espazo con grandes cantidades deste material para que persoas de todas as idades puidesen construír libremente estruturas e xoguetes, empregando ferramentas básicas como tesoiras, adhesivos e outros materiais cedidos por Ikea.

A actividade tiña como obxectivo principal sensibilizar sobre a reutilización de materiais e o impacto ambiental dos residuos de cartón, promovendo a creatividade espontánea, a cooperación e a transformación do espazo público. A proposta favorecía a aprendizaxe a través da experimentación e da acción colectiva, nun ambiente que priorizaba a liberdade de creación, a horizontalidade e a inclusión social.

O colectivo

O proxecto foi desenvolvido polo colectivo Basurama, especializado na creación e investigación en torno á reutilización e aos procesos de rexeneración do espazo urbano. *Desafío de cartón* forma parte da rede internacional Cardboard Challenge, que aposta pola participación cidadá e o xogo como ferramentas de cambio, aliñándose cos principios de sustentabilidade e innovación educativa promovidos pola programación do Gaiás.





Verán no Gaiás 2025

Actividades para público familiar

Datas: 2, 9 e 16 de xullo de 2025. / **Entrada:** De balde. / **Acceso:** Acceso libre ata completar capacidade. / **Asistencia:** 1.400 persoas.

Beatlemania. Rock en familia

Datas: O 2 de xullo de 2025 / **Espazo:** Praza Central. / **Hora:** Ás 20:00h. / **Asistencia:** 400 persoas.

O mércores 2 de xullo tivo lugar o espectáculo *Rock en familia*, unha proposta musical dirixida a público de todas as idades que achegou os grandes clásicos dos Beatles ás xeracións máis novas. A través dunha potente actuación en directo, a banda logrou facer vibrar e bailar tanto a nenas e nenos como a persoas adultas.

Unha tarde no lago

Datas: O 9 e o 16 de xullo de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 0. / **Hora:** De 18:00 a 21:00h. / **Asistencia:** 1.000 persoas.

Durante o mes de xullo celebráronse dúas sesións do programa *Unha tarde no lago*, unha proposta de lecer familiar pensada para ofrecer alternativas culturais sustentables, accesibles e en harmonía coa natureza. Cada xornada transformou o espazo nun punto de encontro interxeracional, onde a música, o teatro, os xogos e os obradoiros deron forma a unhas xornadas participativas e festivas.

Programa:

Mércores, 8 de xullo de 2025

- 18:00h: *Vicki e a felicidade* de Bandullo Azul.
- 19:00h: obradoiro de Land Art, de 7h Coop. | Contacontos *Clover, unha porquiña diferente*, narrado pola autora Beatriz Cabaleiro.
- 20:00h: *Moby Dick*, de Pedras de Cartón.
- Toda a tarde: espazo de xogos tradicionais, de SororAs.

Mércores, 16 de xullo de 2025

- 18:00h: *Bosque*, de Mamá Cabra e Aurora Artes Escénicas.
- 19:00h: A Ciclobiblioteca de Anxo Moure | loga na Natureza, por Paula Toimil.
- 20:00h: *Maruxiña*, de Aurora Artes Escénicas.
- Toda a tarde: espazo de xogos tradicionais, de Miudiño.



Cidade imaxinaria

Datas: O6 de setembro de 2025. / **Espazo:** Praza central, soportais da biblioteca e o cem, xardín literario, xardín do teatro e praza do CINC. / **Hora:** De 17:00 a 22:00h. / **Acceso:** Acceso libre e de balde. / **Asistencia:** 8.700 persoas.

Cidade Imaxinaria é unha xornada pensada para o público infantil e familiar coa que cada ano despedimos as nosas actividades de verán e damos a benvinda ao novo curso escolar. Pensada como unha xornada onde todo é posible, a Cidade da Cultura transfórmase nun lugar cheo de actividades para mentes creativas de todas as idades. Este ano como novidade prolongamos o horario de peche ata as 10 da noite para que todas as persoas puidesen desfrutar das nosas actividades con detemento e sen apuros. O bo tempo que acompañou esta programación e fixo da edición do 2025 unha das máis multitudinarias dos últimos anos.

Espectáculos estáticos:

- *Time to loop*, de Dúo Kaos (Italia-Guatemala)
- *Gota*, de Txema Muñoz (Cataluña)
- *Tartana*, de Trocos Lucos (Madrid)

Espectáculos itinerantes:

- Real Banda de Cadeiras Encartables. Bufo & sons (Galicia)
- Gran Cuarteto Bocaprier (Galicia)
- *Mi gran caracol*, de Ángeles de Trapo (Andalucía)
- *Bañistas*, de Bambolea (Madrid)
- *Biscornu*, de Picto Facto (Francia)



Zonas de xogos

- Espazo sensorial para bebés (Galicia)
- Escoliña de Circo (Galicia)
- Xogos tradicionais, Miudiño (Galicia)
- Obradoiro de creación de mural colaborativo, Vella Escola (Galicia)
- Exhibición de papaventos (Galicia, Madrid, Sevilla)

Funcións musicais

- Freed From Desire, de Supertronik Bootleg (Portugal)



Nadal no Gaiás 2025-2026

Soños de Argonautas Actividades de Nadal

Datas: Días 2, 6, 7, 8, 13, 14, 20, 21, 26 e 27 de decembro de 2025, e 3 e 4 de xaneiro de 2026.
/ **Espazo:** Museo Centro Gaiás, hall de tirantes.
/ **Asistencia obradoiros:** 626 persoas en 2025.

Ao redor da instalación Soños de Argonautas, organizáronse unha serie de obradoiros familiares que permitiron celebrar o Nadal de forma creativa e participativa, combinando a experimentación artística co xogo e a aprendizaxe:

A árbore dos desexos

Datas: 2, 6, 7, 8, 13 e 20 de decembro de 2025.
/ **Espazo:** Hall de Tirantes / **Hora:** Ás 12:30, 17:30 e 18:30h. / **Asistencia:** 362 persoas.

No primeiro deles, o propio material sobrante empregado na construción das estruturas que conformaban a instalación, foi reutilizado para a elaboración en grupo de adornos destinados á árbore de madeira do Gaiás, en forma de grilandas con flocos de neve simbólicos.



Vivir nas nubes

Datas: 14 e 21 de decembro de 2025. / **Espazo:** Hall de Tirantes / **Hora:** Ás 17:30h. / **Asistencia:** 60 persoas.

Por outra parte, Nuria Prieto tamén achegou a arquitectura inchable á cativada mediante a construción en grupo de estruturas efémeras cos mesmos materiais que a instalación. Durante a actividade, nenas e nenos reflexionaron sobre a configuración dos espazos, transformando corredores en pequenos hábitats, e exploraron libremente as estruturas creadas.

Descubre Soños de argonautas

Datas: 2, 6, 7, 8, 14 e 21 de decembro de 2025. / **Espazo:** Hall de Tirantes / **Hora:** 19:00 o día 2 de decembro e 12:30h as xornadas restantes. / **Asistencia:** 164 persoas.

As estruturas inchables, orixinadas na II Guerra Mundial e recuperadas nas décadas de 1950 e 1960 con fins experimentais e pacifistas, destacaban por seren efémeras, sostibles e baseadas no aire como elemento estrutural. As visitas guiadas á instalación Soños de Argonautas, conducidas pola arquitecta Nuria Prieto, permitíronlle ao público adulto coñecer o seu proceso construtivo e experimentar de maneira sensorial e lúdica o potencial da arquitectura inchable empregando materiais sinxelos como plástico reciclable e cinta adhesiva.

Contos ao revés

Datas: O 26 de decembro de 2025. / **Espazo:** Hall de Tirantes / **Hora:** Ás 17:30 e 18:30h. / **Asistencia:** 40 persoas.

Revisitación dos contos de Rapunzel e Brancaneves desde unha perspectiva igualitaria, promovendo a reflexión e o xogo. O público participou activamente no desenvolvemento das historias mediante dinámicas como despregar o fío da torre ou reconstruír simbolicamente o espello, nunha experiencia sensorial desenvolvida no Hall de tirantes e na mesma instalación de Nadal.

Durante o Nadal, ofreceuse unha nova oportunidade de participar no escape room na exposición de Castelao (*Castelao e as palabras agochadas*), así como de visitar de forma virtual a casa do Apalpador a través do Galiverso de Nadal.



Nadal no Gaiás 2025-2026

Tripula: teatro dentro dun globo aerostático

Datas: O 28 de decembro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1. / **Horario:** Ás 19:00 e 20:30h. / **Entradas:** 5 € no web de Ataquilla.com / **Compañía:** Farrés Brothers i Cia. / **Asistencia:** 180 persoas.

O 28 de decembro ofrecéronse dúas funcións de *Tripula*, un espectáculo que combinaba poética, humor e imaxinación para trasladar o público a un espazo fóra do mundo físico a través do globo aerostático. Durante a actividade, as persoas asistentes percorreron lugares que desbordaban os límites da realidade, nunha aventura aparentemente tranquila mais tamén chea de sorpresas.

A proposta desenvolveuse nun contexto efémero e pouco habitual, no que a interacción co espazo e coa historia proporcionou unha experiencia sensorial e narrativa singular, onde a imaxinación se converteu no verdadeiro motor da viaxe, malia permanecer inmóbiles fisicamente.

A compañía

A compañía Farrés Brothers i Cía, formada por Pep Farrés, Jordi Farrés e Jordi Palet, leva desde 2002 construíndo historias que combinan xestos, palabras e monicreques, abordando temas pouco habituais de xeito orixinal e creativo.



Día das Letras Galegas 2025



Datas: O 17 de maio de 2025. / **Asistencia:** 313 persoas.

No marco da celebración das Letras Galegas 2025, dedicadas á poesía popular oral e á figura das cantareiras, a Cidade da Cultura organizou unha xornada de actividades centradas na música tradicional galega, na súa transmisión interxeracional e na reflexión crítica sobre os seus contidos.

Coa forza no falar

Datas: O 17 de maio de 2025. / **Espazo:** Espazo REGA 3. / **Hora:** Ás 17:00h. / **Acceso:** Entradas a 3 € a través de Ataquilla.com. / **Asistencia:** 39 persoas.

O programa iniciouse cun obradoiro familiar de cantigas tradicionais e percusión miúda pensado para ser realizado en familia. A actividade, desenvolvida pola Cooperativa SororAs, partía dunha análise con perspectiva de xénero de coplas do cancionero tradicional para propoñer a creación colectiva de novos textos baseados en valores de igualdade e non violencia, empregando como instrumentos obxectos cotiáns como cunchas, culleres e botellas.

O intanxible e o non mundo | Vídeo-creación de Mercedes Peón

Datas: O 17 de maio de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, aula de proxeccións. / **Hora:** Sábado e domingo, de 10:00 a 20:00h.

Completo a programación a proxección da vídeo-creación *O intanxible e o non mundo*, de Mercedes Peón, que puido verse na sala de proxeccións do andar 0 do Museo durante toda a fin de semana. Esta peza, estreada no festival Escenas do cambio 2025, recuperaba documentos sonoros e visuais sobre as tocadoras e os seus espazos de encontro, poñendo en diálogo tradición e creación contemporánea. A obra estivo dispoñible o sábado 17 de maio en horario especial de 10:00 a 23:00 horas e o domingo 18 no horario habitual do Museo.

Re—cantos | Interpretación compartida de cantigas de Adolfin e Rosa

Datas: O 17 de maio de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Hora:** Ás 18:00h. / **Acceso:** Libre até completar capacidade. / **Asistencia:** 37 persoas. / **Público RRSS:** 237 persoas.

O obradoiro culminou cunha interpretación participativa dunha das cantigas de Adolfin e Rosa Casás Rama, convidando tanto as persoas asistentes como o público visitante do Gaiás a sumarse a esta pequena foliada improvisada. Esta acción buscaba reivindicar a figura das pandeireteiras como símbolo de resistencia e sororidade, poñendo en valor o papel das mulleres na conservación da nosa cultura oral. A actividade foi documentada mediante a elaboración dun vídeo compartido posteriormente nas redes sociais da Cidade da Cultura, contribuíndo á difusión do patrimonio inmaterial galego.



Día Internacional dos Museos

Da noite ao día, habitando o Museo Gaiás

Datas: O 26 de abril de 2025. / **Espazo:**

Museo Centro Gaiás, andar 1 e andar 3. /

Horario: A partir das 20:00h do sábado 17 de maio. / **Acceso:** Gratuito previa reserva no

web da Fundación. / **Asistencia:** 642 persoas.

Con motivo do Día Internacional dos Museos, celebrado baixo o lema *O futuro dos museos en comunidades en constante cambio*, o Museo Centro Gaiás abriu as súas portas en horario nocturno para ofrecer unha programación especial que convidaba a experimentar o museo como un espazo acoledor, contemporáneo e cheo de posibilidades. As actividades desenvóléronse durante as xornadas do sábado 17 e domingo 18 de maio de 2025, e estiveron dirixidas a todos os públicos.

Entre as 20:00 e as 23:00 horas, o público puido gozar dunha sesión musical a cargo de Señora DJ, acompañada dun petisco para todas

as persoas asistentes. Paralelamente, na Sala de Seminarios do museo, estivo dispoñible o *Galivero no Corazón da Pedra*, unha experiencia de realidade virtual que permitía descubrir covas milenarias, petróglifos e paisaxes naturais esculpidas pola pedra en Galicia. A programación incluía tamén visitas exclusivas á experiencia inmersiva *Orixes* e á exposición *Rafael Úbeda. Visión retrospectiva*.

O domingo 18 de maio, o día oficial da efeméride, desenvolveuse a actividade *Outra mirada ao Museo*, un percorrido singular polo Museo Centro Gaiás que permitía coñecer tanto os espazos expositivos como áreas habitualmente inaccesibles ao público, incluíndo depósitos, zonas técnicas e o gran montacargas.

Con esta programación, o Museo Centro Gaiás sumouse á celebración internacional poñendo en valor o papel dos museos como axentes activos no desenvolvemento de comunidades inclusivas, innovadoras e sostíbeles.



Encontro de Artistas Novos XV EAN

Datas: Do 25 ao 28 de agosto. / **Espazo:** Edificio CINC, auditorio 2. / **Colaboración:** Fundación Banco Sabadell. / **Asistencia:** 40 persoas.

O XV Encontro de Artistas Novos (#EAN15) celebrouse do 25 ao 28 de agosto de 2025 na Cidade da Cultura, convertendo unha vez máis o Gaiás nun espazo de convivencia, intercambio e reflexión arredor da creación contemporánea. Coordinado por Rafael Doctor, o encontro reuniu 40 artistas emerxentes de Galicia e doutros territorios, que presentaron publicamente os seus proxectos e compartiron experiencias con figuras destacadas do ámbito artístico.

Nesta edición, participaron creadores e creadoras como Ana de Alvear, Yoseba MP, Jana Leo, Juana González e Sergio Marey, que achegaron a súa visión e traxectoria aos artistas seleccionados. Ademais, profesionais do comisariado, a crítica e a xestión cultural como Sara Donoso, Eduardo Díaz Valiña, Javier Díaz-Guardiola, Martín Moniche e Rubén Alves actuaron como art followers, ofrecéndolles acompañamento e asesoramento aos novos talentos.

O EAN15 consolidouse como un escaparate da creación emerxente e unha plataforma para establecer redes entre artistas e axentes culturais, favorecendo o diálogo interxeracional e a reflexión colectiva sobre o papel da arte na sociedade actual.

Selección artistas participantes: Javier Arboledas, Raúl Artiles, Silvia Ayerra, Isabel Bermúdez, Sara Chaparro, Sofía Daga, Carlos Del Río Bermúdez, Yone Estivariz, Celina Fernández, Eva Fernández Díaz, Emilio García Burgos, Esther García Urquijo, Saúl Gil Corona, Alicia Gil Martínez, Alma González González, Hodei Herreros Rodríguez, Petra Iglesias, Lissette Jiménez, Henry Lamiña, Diego Lara, Teresa Larios, Nathalia Lasso, Paula Lisbona, José Eugenio Mañas, Telmo Meana, Yucef Merhi, Lucía Mir Tort, Andrea Mosquera, Manuel Olarte, Mateo Pardal, Nati Rey, Giulia Paz, Juan Perdiguer Trillo, María Pereira Gómez, Manuela Pita Vidal, Iago Rodríguez, María Octavia Russo Pons, Fernando Sáez Pradas, María Sánchez López e Irene Trapote.



Visitas comentadas ao programa de exposicións

Lugar: Museo Centro Gaiás. / **Asistencia:** 3.635 persoas.

O programa de visitas comentadas á Cidade da Cultura está especialmente pensado para achegar os programas expositivos e os contidos do Gaiás á cidadanía e a todas aquelas persoas interesadas. A través dos guías especializados é posible coñecer dun xeito máis lúdico e divulgativo os contidos das exposicións. Estas visitas son programadas de xeito regular nas tardes dos días laborables e nas mañás e nas tardes dos días festivos, dependendo da época do ano, con reforzos especiais en épocas de maior afluencia de público. É preciso facer unha reserva de praza previa e de balde no web da Cidade da Cultura de Galicia. Este formato de visita está concibido como sistema para chegar ao maior número de público posible, e vese complementado cos programas especializados dirixidos a colectivos como os centros educativos.

Visitas comentadas Unha vida viquinga

Datas: Entre o 12 de xullo de 2024 e o 5 de xaneiro de 2025. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 1. / **Horario:** Ás 11:00h, 12:00h e 17:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 250 persoas en 2025 (7.649 en total).



Visitas comentadas Outras historias posibles

Datas: Entre o 28 de maio de 2024 e o 26 de xaneiro de 2025. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 12 persoas en 2025.

Visitas comentadas Tattoo. Arte baixo a pel

Datas: Entre o 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 783 persoas en 2025 (1.500 en total).

Visitas comentadas Úbeda. Visión retrospectiva

Datas: Do 8 de abril ao 7 de setembro de 2025. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 131 persoas.

Visitas regulares Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar

Datas: Do 12 de xuño ao 2 de novembro de 2025. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 12:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 276 persoas.

Visitas comentadas Castelao. Mirar por Galicia

Datas: Do 26 de xuño de 2025 ao 11 de xaneiro de 2026. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 12:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 1.698 persoas.

Visitas comentadas Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria

Datas: Do 28 de outubro de 2025 ao 5 de abril de 2026. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 485 persoas.



Visitas concertadas ao programa de exposicións

Lugar: Museo Centro Gaiás. / **Asistencia:** 859 persoas.

O programa de visitas concertadas ás exposicións do Museo Centro Gaiás está pensado para achegar os programas expositivos e os contidos do Gaiás a aqueles grupos de persoas que estean interesados nunha visita guiada.



Visitas comentadas Tattoo. Arte baixo a pel

Datas: Entre o 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 124 persoas en 2025 (250 en total).

Visitas comentadas Úbeda. Visión retrospectiva

Datas: Entre o 8 de abril e o 7 de setembro de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 35 persoas.

Visitas comentadas Castelao. Mirar por Galicia

Datas: Entre o 26 de xuño de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 445 persoas.

Visitas comentadas Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria

Datas: Entre o 28 de outubro de 2025 e o 5 de abril de 2026, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 255 persoas.



Visitas didácticas ao programa de exposicións

Lugar: Museo Centro Gaiás. / **Asistencia:** 10.891 persoas.

O programa de visitas didácticas está especialmente formulado para achegar as exposicións á comunidade educativa, adaptando os seus contidos aos diferentes niveis escolares.

Visitas comentadas Tattoo. Arte baixo a pel

Datas: Entre o 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 716 persoas en 2025 (806 en total).



Visitas comentadas Outras historias posibles

Datas: Entre o 22 de maio de 2024 ao 26 de xaneiro de 2025, segundo demanda dos grupos / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 38 persoas en 2025 (76 en total).

Visitas comentadas Úbeda. Visión retrospectiva

Datas: Entre o 8 de abril e o 7 de setembro de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 50 persoas.

Visitas comentadas Orixes

Datas: Entre o 28 de febreiro e o 26 de outubro de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 7.971 persoas.

Visitas comentadas Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar

Datas: Entre o 12 de xuño e o 2 de novembro de 2025, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo demanda dos grupos. / **Asistencia:** 40 persoas.

Visitas comentadas Castelao. Mirar por Galicia

Datas: Entre o 26 de xuño de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 1.966 persoas.

Visitas comentadas Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria

Datas: Entre o 28 de outubro de 2025 e o 5 de abril de 2026, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Segundo a demanda dos grupos. / **Asistencia:** 110 persoas.



Visitas arquitectónicas e aos espazos naturais

Espazo: Varios espazos destacados do complexo arquitectónico. Punto de encontro: Museo Centro Gaiás. / **Asistencia:** 3.725 persoas.

As visitas arquitectónicas e aos espazos naturais supoñen un xeito novo de realizar unha descuberta do Gaiás: para abraiarse cunha breve panorámica da súa arquitectura, coñecer as liñas mestras do proxecto, así como os principais usos e fitos do complexo e as claves do seu funcionamento. Na visita ensínanse diversos espazos explicando os seus usos e configuración, achegándose tamén a lugares non accesibles para o público habitual, como a galería de servizos subterránea que comunica o subsolo de todos os edificios.



Visitas arquitectónicas comentadas

Datas: De martes a domingo, dende o 6 de abril. / **Lugar:** Diferentes espazos da Cidade da Cultura. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Duración:** 45 min. / **Aforo:** 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura. / **Asistencia:** 562 persoas.

Visitas arquitectónicas concertadas


Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Diferentes espazos da Cidade da Cultura. / **Horario:** Segundo a demanda do grupo. / **Duración:** 45 min. / **Asistencia:** 777 persoas.

Visitas arquitectónicas didácticas

Datas: De martes a venres, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Diferentes espazos da Cidade da Cultura. / **Horario:** Entre as 10 h e as 17:00h. / **Duración:** 45 min. / **Niveis:** Primaria, secundaria, bacharelato e FP. / **Asistencia:** 2.361 persoas.

Visitas espazos verdes concertadas

Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos. / **Lugar:** Diferentes espazos exteriores da Cidade da Cultura. / **Horario:** Segundo a demanda do grupo. / **Duración:** 45 min. / **Asistencia:** 25 persoas.



Outra mirada

Visitas singulares á arquitectura do Gaiás


Datas: Abril, maio e xuño de 2025 / **Espazo:** Diversos espazos da Cidade da Cultura. / **Horario:** Ás 12:00h. / **Entradas:** Entradas gratuítas a través de cidadedacultura.gal. / **Asistencia:** 3.725 persoas.

Durante os meses de abril, maio e xuño de 2025, desenvolveuse o programa *Outra mirada*, unha serie de visitas monográficas deseñadas para aprofundar na arquitectura, nos espazos naturais e no funcionamento interno da Cidade da Cultura. Estas visitas guiadas ofrecíanlle ao público a posibilidade de descubrir espazos habitualmente restrinxidos e de coñecer con maior profundidade o complexo do Gaiás desde perspectivas inéditas.

Cada sesión centrouse nun ámbito específico do conxunto arquitectónico, destacando elementos como a galería subterránea que conecta os edificios, os depósitos do Museo Centro Gaiás, as claves xeométricas do deseño de Peter Eisenman, os sistemas de climatización, os fondos documentais da Biblioteca e o Arquivo de Galicia ou os espazos naturais do monte Gaiás.

As visitas celebradas foron as seguintes:

- **26 de abril e 18 de maio** | Museo Centro Gaiás: esta visita visibilizaba as áreas máis técnicas do museo, incluíndo os depósitos de obra e o gran montacargas.
- **3 de maio** | Edificio Fontán e CINC: a visita permitía coñecer a evolución arquitectónica do Gaiás, desde o proxecto de Peter Eisenman materializado no Edificio CINC ata o Fontán, obra de Andrés Perea, a obra de máis recente construción da Cidade da Cultura.
- **10 de maio** | Biblioteca e Arquivo de Galicia: as persoas participantes puidéronse achegar ao labor destas dúas institucións clave na conservación do patrimonio bibliográfico e documental de Galicia, con pezas tan significativas como gravados de Luís Seoane ou fondos do legado de Isaac Díaz Pardo.
- **11 de maio** | Espazos naturais do monte Gaiás: nesta sesión púxose o foco na transformación da paisaxe e na relación entre a arquitectura e o medio natural, prestando atención ao deseño da contorna e á súa flora e fauna.



- **17 de maio** | Espazos ocultos: do túnel á sala de climatización: as persoas participantes accederon a zonas inaccesibles para o público xeral, nun percorrido polo subsolo da montaña que incluíu a galería de servizos que conecta os edificios e a sala de climatización do complexo.
- **8 de xuño** | Andaina Miradoiro: nesta sesión contemplouse desde a Cidade da Cultura a contorna de Compostela con outros ollos: como todos os montes, o Gaiás ofrece todo un conxunto de miradoiros que lle dan a oportunidade de contemplar vértices xeodésicos, torres centenarias, niños de dragón ou colexiatas retortas.
- **15 de xuño** | Andaina de arte e natureza: as persoas participantes achegáronse ao Bosque de Galicia onde as instalacións artísticas se converten en espellos para a introspección. Unha experiencia única nas abas do monte Gaiás, onde natureza e arte dialogaron en harmonía a través dun percorrido simbólico e sensorial. Entre árbores autóctonas e instalacións como *O prisma dos sentidos* ou *Deixa aquí os teus medos*, o bosque convidou á introspección e á observación desde novas perspectivas. No seu corazón, elementos como as fiestras de pedra ou os bancos cosmolóxicos abriron novas miradas

sobre Santiago, culminando nunha visita á Cidade da Cultura como espazo de encontro coa memoria artística de Galicia.

- **20 de xuño** | Andaina feiticeira: na última edición desta actividade, os participantes realizaron un percorrido sensorial e simbólico para redescubrir a tradición das herbas de San Xoán. A andaina permitiu identificar diversas plantas silvestres —entre elas as sete herbas tradicionais—, coñecer os seus usos e significados, e conectar coa forza ancestral da natureza nun diálogo co territorio e co tempo.

Este ciclo de visitas destacou pola súa capacidade para revelar aspectos descoñecidos da Cidade da Cultura e contribuíu a fortalecer a relación entre o público e a arquitectura do Gaiás, desde unha óptica participativa, divulgativa e integradora.



Concerto comentado en Rafael Úbeda. Visión retrospectiva

Datas: O 14 de xuño de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Ás 12 h. / **Colabora:** Asociación de Estudiantes do CSM Vigo. / **Entradas:** Entradas gratuítas a través do web cidadedacultura.gal. / **Asistencia:** 40 persoas.

O concerto comentado celebrado na sala da exposición de Rafael Úbeda propuxo un diálogo entre pintura e música, explorando a visión sinestésica do artista, quen escoitaba cores e vía melodías. A obra *Homenaxe a Shostakovich* serviu como punto de partida para este encontro interdisciplinar que buscou achegar o público á dimensión creativa do pintor a través dos sons que o inspiraron.

Organizado pola Asociación de Estudiantes do Conservatorio Superior de Música de Vigo, o programa incluíu a interpretación de dous cuartetos de corda: o nº 5 de Maddalena Lombardini Sirmen e o nº 7 de Dmitri Shostakovich. As pezas foron contextualizadas por unha persoa comentadora, que explicou a súa relación coa obra de Úbeda, favorecendo unha experiencia enriquecedora para o público.

A interpretación correu a cargo do Cuarteto Ars Corda, unha formación nacida no 2024 no seo da materia de Música de Cámara do CSM de Vigo, integrada por Mateo Chávez, Clara Lorenzo, Lucía Rodríguez e Martín Parada. O concerto foi comentado por Xíán Fernández Andrade, estudante de musicoloxía e presidente da Asociación de Estudiantes do CSM Vigo.

Programa

- **Cuarteto de corda nº 5.**
Maddalena Lombardini Sirmen
- **Cuarteto de corda nº 7.**
Dimitri Shostakovich.



Concerto clausura da exposición **Rafael Úbeda.** **Visión retrospectiva**

Datas: O 6 de setembro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 3. / **Horario:** Ás 12 h. / **Colabora:** Fundación Rogelio Groba / **Entradas:** Entradas gratuítas previa retirada de convite a través do web cidadedacultura.gal. / **Asistencia:** 60 persoas.

Con motivo da clausura da exposición *Rafael Úbeda. Visión retrospectiva*, e seguindo a estela do concerto comentado celebrado en xuño, organizouse un concerto de música de cámara que serviu tamén para dar a coñecer a estreita relación que unía a Úbeda co compositor Rogelio Groba.

O público puido gozar da música rodeado polas obras de Rafael Úbeda, nun ambiente que favoreceu a escoita atenta e a reflexión artística. O programa, interpretado pola Orquestra de Cámara Galega, estivo dirixido por Rogelio Groba Otero e xirou arredor das composicións de Dmitri Shostakovich e de Rogelio Groba Groba.

A selección musical puxo en valor a conexión entre a creación pictórica e a musical, ofrecendo unha experiencia cultural enriquecedora. Esta actividade ofreceulle ao público unha oportunidade única para achegarse ao universo creativo de Úbeda, explorando as relacións entre a música e as artes plásticas.

Programa

- **Cuarteto de corda nº 12.**
W. A. Mozart
- **Andante presto.**
F. Shubert
- **Adagio—Allegretto.**
D. Shostakovich
- **Romántica.**
R. Groba Groba
- **Divertimento.**
R. Groba Otero



Tatuaxe: arte e empoderamento feminista

Visita especial 8M coa artista tatuadora Laura Juan

Datas: O 8 e 9 de marzo de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 12:00h. / **Entradas:** Entradas gratuítas a través do web cidadedacultura.gal. / **Asistencia:** 20 persoas.

Con motivo do Día Internacional da Muller, organizouse unha visita especial á exposición *Tattoo. Arte baixo a pel*, cun enfoque centrado na historia e no papel das mulleres no mundo da tatuaxe. Durante a visita realizou-se un percorrido no que se explorou como a tatuaxe se converteu nunha ferramenta de expresión, resistencia e empoderamento para as mulleres en diversas culturas e épocas. Cóñeceuse a historia de referentes como Jessie Knight, a primeira tatuadora de Reino Unido ou Whang-Od, artista tradicional filipina que, con 108 anos, se considera a tatuadora máis experimentada do mundo. A visita contou coa presenza especial de Laura Juan, recoñecida tatuadora madrileña e autora dunha das pezas

da exposición, que nos acompañou para compartir a súa experiencia no sector e reflexionar sobre os retos e avances das mulleres nun ámbito tradicionalmente masculinizado.

Laura Juan

Laura Juan é considerada unha das mulleres pioneiras na tatuaxe en España. En 1995 deixou os seus estudos para apostar pola súa faceta como tatuadora e, dende entón, está cativada por esta profesión. Especializada no retrato, a tatuaxe de Laura Juan inscríbese na corrente realista formulada nos anos oitenta cuxos representantes máis prestixiosos en Europa son Tin-Tin (Francia) e Robert Hernández (España). Ao longo dos anos, esta artista da tatuaxe introduciu na súa paleta cores contrastadas, vivas e nítidas, buscando un equilibrio entre a representación hiperrealista e a vida emocional invisible que a impulsa.



60 anos do graffiti

Cornbread, o primeiro grafiteiro do mundo

Datas: O 5 de febreiro de 2025. / **Espazo:** Edificio CINC, auditorio 1. / **Horario:** Ás 17:00h. / **Acceso:** Entrada libre ata completar capacidade. / **Asistencia:** 76 persoas.

No marco do 60 aniversario do graffiti contemporáneo, a Cidade da Cultura organizou unha conferencia con Cornbread (Darryl A. McCray), considerado o primeiro grafiteiro do mundo. O evento tivo lugar o mércores 5 de febreiro no Auditorio 1 do Edificio CINC.

Cornbread, nado en Filadelfia en 1953, acadou notoriedade a finais da década dos 60 ao asinar co seu alcume por toda a cidade, converténdose nun precursor do movemento artístico do graffiti e da arte urbana modernas. A súa influencia estendeuse desde Filadelfia ata Nova York e, posteriormente, ao resto do mundo.

Durante a súa intervención, compartiu a súa traxectoria e impacto na evolución da arte urbana e do movemento Hip Hop. Estivo acompañado por Seor (Beatriz López), autora do primeiro graffiti en Galicia en 1984; polo comisario e director da Canal Gallery de Barcelona, Balu e pola xestora cultural e investigadora Amabel González Troncoso.

A conferencia marcou o inicio dunha xira europea de Cornbread e permitiu afondar no legado do graffiti como fenómeno cultural. Ademais, presentouse o libro *Cornbread the Legend - Graffiti in Philadelphia (1965-1971)*, editado por Maxitype en 2024, que recompila material gráfico e documental sobre a súa traxectoria.



Andaina de primavera

Visita especial Día da Auga e dos Bosques

Datas: O 30 de marzo de 2025. / **Espazo:** Espazos verdes do Gaiás / **Horario:** Ás 12:00h. / **Acceso:** Entradas gratuítas a través do web cidadedacultura.gal. / **Asistencia:** 30 persoas.

Durante a fin de semana coincidente co inicio da primavera, a Cidade da Cultura organizou unha andaina interpretativa polos espazos naturais do Gaiás para conmemorar o Día Internacional dos Bosques e o Día Mundial da Auga. A actividade, dirixida a un público familiar e interesado no medio ambiente, tivo como obxectivo dar a coñecer a riqueza ecolóxica das máis de 40 hectáreas de zonas verdes que rodean o complexo, onde habitan numerosas especies de insectos, anfibios, aves e pequenos mamíferos, así como unha ampla diversidade de árbores e plantas autóctonas. O percorrido, duns dous quilómetros de lonxitude e cunha duración aproximada de dúas horas, permitiulles ás persoas participantes

descubrir espazos como o Xardín Literario, o Bosque de Galicia ou o Parque do Lago. Ao longo do camiño, abordáronse os usos tradicionais e actuais de especies vexetais presentes nos montes galegos, ademais de realizar escoitas e identificación de cantos de aves, complementadas con gravacións e o uso de aplicacións móbiles especializadas. A xornada rematou cunha observación de aves no Parque do Lago, onde foi posible avistar, ademais dos habituais parrulos, ferreiriños, rabirrubios ou lavandeiras.

Inicialmente prevista para o 23 de marzo, a actividade tivo que ser adiada por mor da previsión meteorolóxica, desenvolvéndose finalmente o domingo 30 de marzo.



Holi Gaiás e Pequ Holi

Datas: O 7 de xuño de 2025. / **Espazo:** Exteriores da Cidade da Cultura/ **Horario:** Ás 11:30h a Pequ Holi. E ás 12:00h a Holi Gaiás. / **Acceso:** Inscripcións 6 € e 4 € (Peque) a través da páxina da Federación Galega de Atletismo. / **Patrocinadora:** Viaqua. / **Colabora:** Federación Galega de Atletismo. Coca-Cola. Gadis. A favor da Fundación Andrea. / **Asistencia:** 1.132 (832 Holi Gaiás e 300 Pequ Holi)

A Fundación Cidade da Cultura acolleu o sábado 7 de xuño a sétima edición da Holi Gaiás, unha carreira festiva de 5 km que encheu o Monte Gaiás de música e cores para despedir a primavera cunha gran celebración colectiva. Inspirada no tradicional festival Holi da India, a actividade ofreceu unha proposta lúdica e saudable, pensada para desfrutar en familia ou con amigos nun espazo tan singular como é a Cidade da Cultura.

A edición deste ano incluíu a tradicional Holi Gaiás, dirixida a persoas a partir dos 10 anos, e a Pequ Holi, unha carreira de 700 metros

para nenos e nenas de entre 4 e 9 anos. A Pequ Holi comezou ás 11.30h, mentres que a Holi Gaiás tivo a súa saída ás 12.00h, contando con numerosa participación e moito entusiasmo. A proba desenvolveuse coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e o patrocinio de Viaqua, Gadis e Coca-Cola.

Como novidade, doouse 1 euro de cada inscrición á Fundación Andrea, que traballa coas familias de nenos e nenas con enfermidades crónicas ou de longa duración. Ademais, activouse o Dorsal 0 para aquelas persoas que quixeron colaborar sen participar na carreira. Unha vez finalizado o percorrido, tivo lugar o momento máis agardado: o lanzamento de pos de cores e a entrega de premios ás persoas clasificadas nas categorías infantil e adulta, tanto masculina como feminina.

- 3 primeiros clasificados na categoría infantil masculina.
- 3 primeiras clasificadas na categoría infantil feminina.
- 3 primeiros clasificados na categoría adulta masculina.
- 3 primeiras clasificadas na categoría adulta feminina.

Concerto da orquestra o Son das Flores

Datas: O 11 de xuño 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1. / **Horario:** De 18:30 a 19:30 h. / **Organiza:** Fundación Botín. / **Asistencia:** 210 persoas.

O mércores 11 de xuño de 2025, a Cidade da Cultura acolleu a celebración dos 15 anos do programa Talento Solidario, impulsado pola Fundación Botín baixo o lema 15 anos de pequenas revolucións para unha gran revolución. Estes quince anos celebráronse en centros tan senlleiros como o Centro Botín en Santander, o Centro Andaluz de Arte Contemporánea, o Museo Nacional de Arte de Catalunya, ou o Auditorio Nacional. A terceira destas citas foi a levada a cabo no Gaiás. A xornada desenvolveuse de 10:00 a 18:30 horas e serviu como espazo para explorar a creatividade e a innovación no terceiro sector.

Dentro do programa de actividades, a Fundación Social por la Música, fixo propuxo unha experiencia para a innovación deseñada para demostrar como a práctica musical colectiva favorece o desenvolvemento psico-socioemocional.

Orquestra Son das Flores

Como gran peche da xornada -de 18:30 a 19:30h- e exemplo das actividades de Fundación Social por la Música, tivo lugar o concerto da Orquestra Son das Flores, un proxecto socio-musical, nacido no CEIP Vicente Risco de Vigo, que utiliza a orquestra e o coro infantís como ferramenta de inclusión social e desenvolvemento persoal de nenos e adolescentes en risco de exclusión social do Barrio das Flores de Vigo.

A Orquestra, coordinada por Sandra Fernández, funciona como un espazo comunitario no que profesorado, familias e voluntariado colaboran para ofrecer formación musical e acompañamento social. Paula Gómez, directora musical da orquestra, e Livia Leal, directora do coro, dan vida a esta idea a través dunha coidada selección de temas e uns arranxos moi ben compostos que permiten que tanto intérpretes como público gocen ao máximo durante o concerto. A complicidade, o compañeirismo e o bo facer de todo o equipo fan que a Orquestra Son das Flores sirva, coma neste caso, de exemplo de boas prácticas do uso da música como elemento de transformación social.





FEGATEA no Gaiás 2025

25 anos celebrando o teatro afeccionado

Datas: O 16 de xullo de 2025. / **Espazo:** Xardín do Teatro. / **Horario:** De 9:00 a 21:00h. / **Acceso:** Entrada de balde ata completar capacidade. / **Organiza:** Federación Galega de Teatro Amador (FEGATEA). / **Asistencia:** 180 persoas.

A Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) celebrou o seu 25 aniversario cunha xornada festiva na Cidade da Cultura, marcada por un completo programa que incluía preto de vinte actuacións de agrupacións teatrais procedentes de distintos puntos de Galicia. Esta celebración quixo recoñecer a traxectoria da federación e visibilizar a vitalidade e diversidade do teatro amador galego, congregando tanto a público xeral como a persoas vinculadas ao movemento escénico non profesional.

Programa

- 09:00h | Recepción de grupos.
- 10:00h | Max Teatro: *A muller que amaba demasiado*
- 10:30h | Asociación dramatúrxica Pico do Castro de Foz: *O Randiña vai á consulta*
- 11:00h | Teatro das Aras: *Apartamento con vistas*
- 11:30h | Achádego Teatro: *Profundando nas cousas da vida*
- 12:00h | ¡Abran Paso! Teatro: *Axuste de contos*
- 12:30h | Atrezo: *Pingas dos vellos de Castelao*
- 13:00h | Acto institucional e entrega de agasallos
- 16:00h | Fauna 113: *Metamorfosis*
- 16:30h | Antas de Ulla: *Vémonos no Banco*
- 17:00h | Teatro de Cámara Ditea: *As mulleres soas*
- 17:30h | Max Teatro: *Voces*
- 18:00h | Teatro Escoitade: *Il Lance de Os Vellos non deben de namorarse*
- 18:30h | Grupo de Teatro RUEIRO: *Profesión precaria*
- 19:00h | Porta Aberta Teatro: *A ambición dos defuntos*
- 19:30h | Asociación dramatúrxica Pico do Castro de Foz: *Trato a cegas*
- 20:00h | O Trasno Teatro: *Daquelas Conversas*
- 20:30h | Teatro de Cámara Ditea: *Petición de man*



FIT | Formación específica en improvisación teatral

Datas: Do 28 de xullo ao 30 de agosto de 2025. / **Espazo:** Espazos REGA 1, 2 e 3. / **Horario:** De luns a venres, de 10:00 a 15:00h e de 17:00 a 20:00h. / **Acceso:** Mediante matrícula a través da páxina web da USC. / **Organiza:** Global Impro e USC. / **Asistencia:** 30 persoas.

Durante o verán, os espazos REGA do Gaiás acolleron a segunda edición do Curso de Formación Específica en Improvisación Teatral da Universidade de Santiago de Compostela (FIT USC), unha proposta única no ámbito universitario europeo dirixida por Antón Coucheiro, Gala Martínez-Romero e Feña Ortalli. O programa, de carácter intensivo, reuniu unha trintena de estudantes procedentes de sete países, que participaron nun itinerario formativo integral de máis de 140 horas que

combinaba teoría e práctica. A estrutura do curso incluía catro módulos troncais —Impro, Dramaturxia, Interpretación e Dirección—, dous módulos complementarios de charlas teóricas e clases maxistras, e un módulo final de montaxe escénica.

Ao longo das semanas de formación, o alumnado recibiu docencia de profesionais de prestixio internacional e participou en obradoiros, jams e outras actividades orientadas a perfeccionar a técnica e a comprensión da improvisación teatral.



Residencia artística | Mofa e Befa. Os dous de sempre

Datas: Do 8 de setembro ao 3 de outubro de 2025. / **Espazo:** Espazo REGA 2. / **Organiza:** Mofa & Befa. / **Asistencia:** 30 persoas.

A compañía Mofa & Befa desenvolveu unha residencia artística no espazo REGA 2 da Cidade da Cultura para a fase final de creación da súa nova produción teatral *Os dous de sempre*, unha adaptación da única novela de Castelao. O espectáculo contou coa dirección de Quico Cadaval e coa dramaturxia de Carme Varela, interpretado por Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto.

Durante a residencia, o equipo completou os últimos ensaios desta proposta escénica que, desde a comedia, poñía en valor a dimensión gráfica e teatral da obra do autor rianxeiro no marco do Ano Castelao.



Gaiás Inspira Castelao e Savelev: olladas converxentes

Taetro no Museo

Datas: o 18, 19, 25 e 26 de outubro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Hora-**
rio: Sábado ás 19:00h, e domingo ás 12:30h. / **Intérpretes:** Tyler McKechnie e Gloria Rico. / **Aceso:** De balde previa reserva no web cidade-
dacultura.gal / **Asistencia:** 112 persoas.

Olladas converxentes marcou o inicio de Gaiás_Inspira, un programa de activación cultural arredor das exposicións temporais do Museo Centro Gaiás, concibido para transformar o espazo expositivo nun lugar vivo, participativo e en diálogo permanente coa cidadanía. A través de accións escénicas, musicais, audiovisuais e lúdicas, o programa amplía os contidos das mostras desde unha perspectiva sostible, accesible e inclusiva, apostando pola creación artística local e interdisciplinar, a mediación cultural e a fidelización de públicos diversos, en coherencia cos obxectivos estratéxicos da Fundación Cidade da Cultura.

A proposta escénica, creada especificamente para o segundo andar do Museo, desenvolveuse no marco das exposicións *Castelao*. *Mirar por Galicia* e *Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar*. Con dous personaxes en escena —interpretados por Tyler McKechnie e Gloria Rico— *Olladas converxentes* ofrecía unha experiencia inmersiva na que o público se movía libremente polo espazo expositivo, seguindo accións paralelas inspiradas nas vidas e obras de Castelao e Savelev.

A peza, semiimprovisada e caracterizada por un forte protagonismo do movemento, da interacción co público e do contraste entre luz e escuridade, procuraba transcender os formatos tradicionais de divulgación museística ao fusionar teatro e museo nun dispositivo escénico non convencional.



Gaiás Inspira Castelao e as palabras agochadas

Escape room no Museo

Datas: O 1, 8, 15 e 29 de novembro, e o 27 de decembro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2. / **Horario:** Ás 18:00h. / **Intérpretes:** Skeirrum. / **Acceso:** De balde previa reserva no web cidadedacultura.gal / **Asistencia:** 128 persoas.

No marco da exposición *Castelao. Mirar por Galicia*, desenvolveuse a actividade *Castelao e as palabras agochadas*, unha xincana inmersiva en formato *escape room* dirixida a público mozo e familiar. As persoas participantes percorreron as salas da exposición resolvendo unha serie de enigmas inspirados na vida, obra, ideas e contexto histórico de Castelao, co obxectivo de reconstruír unha mensaxe final.

A actividade foi concibida como unha experiencia lúdica e participativa orientada a facilitar unha aproximación diferente ao museo, promovendo a observación, o pensamento crítico e o traballo en equipo. Ao mesmo tempo, contribuíu á difusión do legado de Castelao a través dunha interacción activa co contido expositivo, favorecendo a implicación de novos públicos e unha comprensión máis profunda da obra a través do xogo e da exploración.



SINTE | Foro internacional de arte e cultura dixital

Datas: O 20 e 21 de novembro e 2025. / **Espazo:** Edificio CINC, Salón de Convencións, e Museo Centro Gaiás, andar 1. / **Horario:** De 10:00 a 20:00h. / **Intérpretes:** Skeirrum. / **Acceso:** De balde previa reserva no web cidadedacultura.gal / **Asistencia:** 508 persoas.

Os días 20 e 21 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela a primeira edición de SINTE, un foro nacido como espazo de pensamento e diálogo arredor da creación dixital contemporánea, dos seus retos e das súas oportunidades, que reuniu no Gaiás algunhas das voces máis recoñecidas do momento neste ámbito. Artistas, estudos, especialistas en xestión cultural e representantes de centros de exhibición especialmente dinámicos e innovadores achegaron a súa visión sobre o presente e o futuro da arte e das industrias creativas nun contexto marcado por profundas transformacións tecnolóxicas, pola crise de consensos das últimas décadas e pola emerxencia dunha nova arte dixitalizada, acompañada de novos coñecementos e interrogantes.

O foro incluíu tamén un espazo para a experimentación directa con propostas de referencia internacional na arte dixital contemporánea, cunha dobre función do coreógrafo e bailarín xaponés Hiroaki Umeda e coa estrea en Galicia de *Materia*, espectáculo do artista bretón Maotik que fusiona arte e ciencia mediante visuais xerativas e deseño sonoro en directo. O programa completouse con catro mesas redondas nas que participaron profesionais do ámbito artístico e creativo, da empresa, da xestión cultural e do comisariado.

Por último, e aproveitando a presenza en Galicia do coreógrafo xaponés Hiroaki Umeda, programouse para o sábado 22 un obradoiro profesional sobre o Método Doutai. Este método, desenvolvido polo propio Umeda, constitúe un principio fundamental do movemento que parte de nocións básicas (como a postura e a liberación de tensión) para empregar as forzas naturais do corpo e xerar fluidez no xesto corporal.



Programa

Xoves, 20 de novembro de 2025

- 10.00–10.30h. Recepción de participantes
- 10.30–11.00h. Benvinda institucional
- 11.00–12.00h. Conferencia de apertura | Ferdi Alici
- 12.30–13.30h. *Hipervisible e invisible. Producción cultural e imaxinarios tecnolóxicos nun momento de transición* | Conferencia de Bani Brusadin
- 13.30 – 14.30h. *Galicia dixital* | Mesa redonda con: Manuel Meijide, Cora Novoa, Manuel Viqueira, Fátima García Doval e Carlos Seijo. Conduce: Tamara Montero.
- 14.30–16.00h. Pausa xantar
- 16.00–17.00h. *Desbordar o espazo. Que pode ser un espazo cultural hoxe?* | Conversa con Luís Fernandes.
- 17.00–18.30h. *Cando todo muda* | Mesa redonda con: Mónica Rikić, Elena Neira e José Luis Romo. Conduce: Miguel Ángel Cajigal.
- 18.30–19.30h. *Materia* | AV Live con Maotik e conversa posterior con Xulio Vázquez.

Venres, 21 novembro 2025

- 11.00–12.00h. Onirica () | Conferencia de Filippo Aldovini e Matteo Salsi.
- 12.30–14.00h. *A creatividade na era da emoción mediada* | Mesa redonda con: Miguel Espada, Diego Avendaño, Javier Mujica e Laura Gabriela Martínez, e Pier Concari. Conduce: Maya Pixelskaya.
- 14.00 – 15.00h. Visita ao Centro de Artes Dixitais
- 14.00–16.00h. Pausa xantar
- 16.00–18.00h. *Futuro presente [3 miradas]* | Mesa redonda con: Pablo de Soto, Bani Brusadin e Ingrid Guardiola. Conducen: Marisol Salanova e Xulio Vázquez.
- 18.30–19.00h. *While going to a condition*, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda
- 19.30–20.00h. *Intensional Particle*, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda



Culturgal 2025

Datas: O 28 ao 30 de novembro e 2025. /

Espazo: Pazo da Cultura de Pontevedra. / **Horario:** De 11:00 a 20:00h. / **Formato:** Actividade presencial. / **Asistencia:** 797 persoas.

Entre o 28 e o 30 de novembro de 2025 celebrouse no Pazo da Cultura de Pontevedra a décimo oitava edición do Culturgal, Feira das Industrias Culturais Galegas. Un ano máis, a Cidade da Cultura de Galicia participou neste evento, xa consolidado como punto de encontro entre as diversas manifestacións culturais do país e os seus públicos. Nesta edición presentáronse tres propostas de actividades que recollían parte da programación cultural máis salientable da institución, co obxectivo de reforzar a conexión entre tradición e contemporaneidade, así como entre a creación artística e a sociedade.

Castelao. Mirar por Galicia

Datas: Do 28 ao 30 de novembro de 2025. /

Lugar: Caseta da Xunta de Galicia. / **Horario:** De 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 20:00h. / **Asistencia:** 680 persoas.

Un convite para coñecer a figura de Castelao desde unha perspectiva integral, indo máis alá do seu recoñecemento como autor, artista, político e intelectual da Xeración Nós para achegarse tamén á súa dimensión persoal. A través dunha experiencia de realidade virtual, a Cidade da Cultura ofreceulle ao público a posibilidade de achegarse á súa visión do mundo, realizando un percorrido polas distintas facianas da súa traxectoria: persoal, literaria, artística e política.



A árbore dos desexos

Datas: O 29 de novembro de 2025. / **Lugar:** Caseta da Xunta de Galicia. / **Horario:** 12:30, 13:30 e 17:30h. / **Asistencia:** 53 persoas.

Dirixido ao público infantil, o obradoiro *A árbore dos desexos* tiña como obxectivo implicar a cativada na decoración da árbore de Nadal activa no Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás a partir do 2 de decembro de 2025. A actividade baseábase no aproveitamento de materiais de refugallo procedentes da propia instalación de Nadal, cos que as crianzas elaboraron pequenos adornos que, suspendidos mediante fíos, simulaban folerpas na árbore do Gaiás, promovendo así a creatividade e a conciencia ambiental.

Aburrimiento: arquitecturas para o xogo escénico

Datas: o 29 novembro de 2025. / **Lugar:** Terraza / **Horario:** Ás 16:30 e 19:30h. / **Asistencia:** 64 persoas.

Arquitecturas para o xogo escénico presentábase como o resultado dunha residencia de investigación dedicada á construción, experimentación e reconfiguración de espazos escénicos interactivos, activados polos corpos, o movemento, os obxectos e a tecnoloxía. A proposta abría unha vía de exploración a medias entre a arte e a educación, tomando como eixe o universo escénico da peza de danza *Abúrrome*, creación desenvolvida pola compañía de Marta Alonso Tejada no Gaiás grazas ás Axudas REGA 2025.



25N Día Internacional da Aliminación da Violencia contra a Muller

Un mural colectivo para a igualdade

Datas: O 25 de novembro de 2025. / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 1. / **Formato:** Presencial. / **Asistencia:** 15 persoas.


Con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Cidade da Cultura promoveu a creación dun mural colaborativo pola igualdade e contra a violencia machista nas paredes do Museo Gaiás, concibido como un espazo de expresión compartida e como ferramenta de denuncia e sensibilización a través da arte. A intervención foi coordinada por 7H Cooperativa Cultural e pola artista urbana compostelá Nana. Na parede do vestíbulo de acceso ao andar 1 do Museo, unha moza pintada pola artista sostenendo unha pancarta en branco foi enchéndose progresivamente de mensaxes e de cor ao longo de distintos obradoiros participativos.



Nas primeiras sesións, celebradas o propio 25 de novembro, participaron, entre outros colectivos, integrantes do programa Vagalume, entidade sen ánimo de lucro que lles ofrece apoio integral a mulleres en contextos de prostitución e a vítimas de trata con fins de explotación sexual. O proceso creativo continuou ata o 8 de marzo de 2026, Día internacional da muller, data na que Nana pechou o deseño final do mural incorporando as contribucións de todas as persoas participantes.

A artista

Nana é unha debuxante e artista urbana compostelá recoñecida polo uso de cores vibrantes e saturadas, cun marcado protagonismo das figuras femininas e animais, e autora de intervencións como o mural *Repouso*, así como participante en festivais de arte urbana como Desordes Creativas, Delas Fest ou Meninas de Canido.




04/




Centro de Emprendemento

04/ Centro de emprendemento cultural e creativo de Galicia



Xunto coa cultura e a innovación tecnolóxica, o apoio ao emprendemento constitúe un dos eixes estruturais da Cidade da Cultura de Galicia desde a súa posta en marcha. Esta aposta consolidou o complexo do Gaiás como un espazo de referencia para o impulso de proxectos innovadores vinculados á cultura, ás industrias creativas e ao ámbito tecnolóxico, contribuíndo á dinamización do ecosistema emprendedor galego. Neste contexto creouse en 2012 o Centro de Emprendemento Creativo (CEM), co obxectivo de ofrecer un espazo de acompañamento e desenvolvemento para iniciativas empresariais vinculadas á cultura e á innovación. No marco do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2022–2027, o CEM continúa a súa evolución cara a un modelo que reforza e amplía os servizos prestados, superando a concepción exclusivamente espacial para consolidarse como un instrumento integral de apoio ao emprendemento. Así, durante 2025 afianzouse unha liña de traballo centrada na xeración de valor engadido a través do asesoramento, a creación de redes, a formación especializada e a conexión co tecido institucional e empresarial.

O CEM mantense, deste xeito, ao servizo das persoas emprendedoras, ofrecéndolles non só un espazo físico de traballo, senón tamén acompañamento estratéxico na definición e consolidación dos seus proxectos, co obxectivo de contribuír á creación de empresas culturais e creativas dinámicas, competitivas e innovadoras.





Promovendo o emprendemento innovador

Categorías dos espazos de traballo:

- Viveiros na Planta -1:
 1. Preferentemente asignados a entidades non lucrativas que persigan fins de utilidade pública ou representen intereses colectivos.
 2. Estas entidades deben realizar actividades anuais vinculadas á Cidade da Cultura.
- Viveiros na Planta 0:
 1. Dirixidos a entidades lucrativas que teñan fins ou programas relacionados coas liñas de traballo da Fundación Cidade da Cultura.
- Espazos de Cotraballo:
Divididos en dúas fases:
 1. Inicio (Incubación): Para emprendedores con ideas en fase inicial, cun prazo de 3 meses para constituírse como empresa.
 2. Consolidación: Para empresas constituídas con antigüidade non superior a dous anos

Os destinatarios do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia divídense en tres categorías principais, dependendo do tipo de entidade e o seu obxectivo:

Entidades non lucrativas:

- **Características:**
 - Entidades sen ánimo de lucro con fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos.
 - Poden ser de ámbito local, rexional, nacional ou comunitario.
- **Requisitos:**
 - A súa entrada está condicionada á realización de actividades anuais vinculadas ao Gaiás.
 - Deben presentar unha memoria detallada que inclúa o obxectivo, os recursos, os custos e os beneficiarios potenciais da actividade.
- **Proxectos sociais, culturais ou tecnolóxicos con impacto positivo para a comunidade.**



Entidades lucrativas:

- **Características:**

- Empresas con ánimo de lucro que desenvolvan fins ou programas relacionados coas liñas estratéxicas da Fundación Cidade da Cultura.

- **Requisitos:**

- A memoria de solicitude debe especificar como o proxecto está vinculado aos obxectivos do CEM.
- Ámbitos incluídos:
 - Deseño
 - Ilustración
 - Comunicación
 - Literatura (escritores e editores)
 - Representación e promoción artística
 - Xestión cultural
 - Programación e proxectos tecnolóxicos ou culturais na internet
 - Innovación cultural

Iniciativas culturais emprendedoras

- **Características:**

- Dirixidas a emprendedores ou microempresas que traballen en industrias culturais e tecnolóxicas.

- **Modalidades:**

- Fase de Inicio (Incubación):
 - Para emprendedores con ideas en fase inicial.
 - Compromiso de constituírse como empresa nun prazo de 3 meses desde a admisión.
- Fase de Consolidación:
 - Para empresas constituídas cunha antigüidade non superior a dous anos.

- **Ámbitos: Deseño, ilustración, comunicación, literatura, artes escénicas, produción audiovisual, desenvolvemento tecnolóxico e innovación cultural.**

Convenios


Co obxectivo de fortalecer o apoio, a formación e o acompañamento ao tecido emprendedor cultural e creativo, o Centro de Emprendemento do Gaiás (CEM) desenvolve unha estratexia activa de colaboración con entidades públicas e privadas que contribúen á consolidación dun ecosistema empresarial sólido, conectado e innovador.

Esta filosofía de cooperación institucional permite ampliar os recursos e oportunidades ao dispor das persoas e proxectos vinculados ao CEM, favorecendo a creación de sinerxías, o intercambio de coñecemento e a apertura a novos ámbitos de desenvolvemento profesional.

Neste marco, o CEM mantén convenios e acordos de colaboración con entidades de referencia nos ámbitos cultural, tecnolóxico e empresarial, entre as que destacan:

Convenios

- **PEN Clube Galicia:** Colabora na promoción de actividades culturais que visibilizan a literatura e a creación escrita como motores de innovación e pensamento crítico.
 - **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA):** Impulsa a transformación dixital e a incorporación de ferramentas tecnolóxicas nos proxectos culturais e creativos.
 - **AJE Galicia – Asociación de Xóvenes Empresarios:** Facilita redes de contacto, asesoramento empresarial e accións formativas orientadas á mocidade emprendedora.
 - **Academia Xacobeas:** Contribúe á preservación e difusión do patrimonio cultural vinculado ao Camiño de Santiago, promovendo iniciativas culturais innovadoras arredor deste eixo identitario.
 - **Fundación Castelao:** Apoia o estudo e a difusión do legado de Castelao, fomentando proxectos que integren cultura, identidade e contemporaneidade.
- A través destes convenios, o CEM reforza o seu papel como plataforma de conexión entre o emprendemento cultural e o conxunto do sistema institucional galego, garantindo que as empresas e profesionais vinculados dispoñan de acceso a recursos, redes, coñecemento especializado e oportunidades de colaboración que contribúan á consolidación e ao crecemento sostible dos seus proxectos.



Empresas

Viveiros

Entidades non lucrativas:

- **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia**
Asociación en defensa do sector do turismo.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA)**
Asociación que traballa na defensa dos intereses das empresas de inserción e dos seus traballadores, así como na promoción das empresas asociadas en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Federación Galega de Bandas de Música Popular**
Federación dedicada á música popular en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega)**
Asociación enfocada nas artes escénicas, promovendo o sector en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Federación Librarías de Galicia**
Federación que representa e apoia as librarías galegas.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia**
Asociación en defensa do sector loxístico.
Planta: PLANTA -1
- **Fundación Acción contra el Hambre**
Organización sen ánimo de lucro que loita contra as causas e os efectos da fame. Desenvolvendo proxectos de inserción laboral e apoio ao emprego.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX)**
Asociación que representa o sector do libro infantil e xuvenil en Galicia.
Planta: PLANTA -1

Entidades lucrativas:

- **Rubén Lázaro Silva**
Realizador audiovisual especializado en vídeos promocionais, visitas virtuais e filmacións con dron.
Planta: PLANTA 0
- **Academia Galega do Viño SL (INGAVI)**
Entidade educativa privada dedicada á difusión da cultura do viño galego e á súa promoción internacional.
Planta: PLANTA 0
- **Kumobe**
Solucións tecnolóxicas, xestión TIC
Planta: PLANTA 0
- **Emilio Liñares Negro**
Arquitecto.
Planta: PLANTA 0
- **Imatia Innovation SL**
Enxeñería de software e proxectos de I+D+i.
Planta: PLANTA 0
- **Lartel SL**
Consultoría en TIC, desenvolvemento de software, enxeñería de software, márketing, deseño web e apps.
Planta: PLANTA 0

Espazo de coworking:

- **Victoria longa**
Empresa de formación e asesoramento na produción musical.

Actividades

Centro de Emprendemento ao longo de 2025

O Centro de Emprendemento Cultural e Creativo de Galicia consolidouse en 2025 como un ecosistema activo de dinamización profesional, innovación e cooperación intersectorial. Máis alá da cesión de espazos de traballo, o Centro funcionou como plataforma de activación de proxectos, encontros e iniciativas impulsadas tanto polas entidades residentes como pola propia coordinación.

Durante o exercicio 2025 desenvolvéronse accións promovidas por diferentes empresas e organizacións vinculadas ao centro, entre as que destacan:

- Xornadas profesionais e encontros sectoriais organizados pola Asociación Galega de Literatura infantil e xuvenil (Galix), ou Escena Galega, por exemplo, centrados en profesionalización do sector e análise da situación laboral da xestión cultural en Galicia.
- Actividades vinculadas á innovación e ao emprendemento creativo, desenvolvidas por proxectos residentes como LARTEL S.L.U., ou o Clúster de Turismo orientadas á dixitalización de activos culturais e á creación de repositorios dixitais para o sector creativo.





- Sesións de asesoramento e mentorización, realizadas pola Federación de Librerías, ou o Instituto Galego do Viño, estratexias de financiamento e preparación de propostas para convocatorias autonómicas e estatais.
- Accións vinculadas á perspectiva de xénero e á cultura en clave territorial, conectadas con iniciativas de Acción contra a Fame ou Aeiga.

As entidades residentes desempeñaron un papel activo na configuración da programación anual, compartindo coñecemento, experiencia e redes profesionais. Este enfoque colaborativo favoreceu a aparición de proxectos conxuntos, ampliou a visibilidade das iniciativas incubadas e reforzou o posicionamento do Centro como espazo de referencia para o emprendemento cultural en Galicia. Deseguido, detállanse as principais accións desenvolvidas ao longo do ano, agrupadas segundo a súa tipoloxía e modalidade de colaboración.

Eventos xerados a través das actividades das empresas residentes no espazo destinado ás entidades sen ánimo de lucro para fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos



As entidades sen ánimo de lucro consolidaron o CEM como sede estratéxica de coordinación sectorial, profesionalización e representación institucional.

Sector do libro e promoción da lectura

• Federación de Librarías de Galicia

Resultados 2025:

- 66 días de Feiras do Libro en 13 cidades.
- 679 eventos rexistrados na Axenda Cultural.
- 23 librarías con actividades.
- Máis de 700 persoas beneficiarias.
- Campaña "Ti de quen es, de algoritmos ou de persoas?".

O CEM consolídase como sede estratéxica do sector libreiro galego.

• Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX)

Principais actuacións:

- Organización das xornadas "Desfacendo a raia".
- Participación en xurados internacionais.
- Selección de títulos para Lista de Honra IBBY.
- Elaboración do catálogo GÁLIX.
- Xestión do fondo bibliográfico da Biblioteca GÁLIX.

Fortalece o ecosistema da LIX e a proxección internacional da literatura galega.

Turismo, loxística e gobernanza sectorial

• Clúster de Turismo de Galicia


- Xornadas con alumnado UDC.
- Evento profesional sobre rendibilización web.
- Asemblea Xeral.
- Presentación de previsións turísticas.
- Reunións de gobernanza.

Reforza o diálogo público-privado e a innovación no turismo.

• Clúster da Función Loxística de Galicia

- Proxectos europeos: Digital Cologistics, VIITRAL.
- Formación con máis de 900 participantes.
- Obradoiros sobre loxística sostible.
- Desenvolvemento do Plan Director da Loxística Industrial.

Impulsa dixitalización e sustentabilidade sectorial.



Música e artes escénicas

- **Federación Galega de Bandas de Música Populares**

- XXXVIII Asemblea Xeral (148 asistentes).
- VIII Festival Infantil e Xuvenil (538 participantes).
- II Residencia Artística "Converxencias".
- 58 vídeos con 15.700 visualizacións.

Fomenta profesionalización e participación interxeracional.

- **Escena Galega**

- Programa ACOMPAÑA (consultaría personalizada).
- Xornada Sectorial 2025.
- Formación en incentivos fiscais.

Fortalece o tecido empresarial das artes escénicas.

Economía social e inserción laboral

- **AEIGA**

- Estudos e formación en economía circular.
- Programa Muller en Igualdade.
- Participación en redes FAEDEI, FOROESGAL e EAPN.

Promove inclusión sociolaboral e compra pública responsable.

- **Acción contra a Fame**

Datos globais 2025:

- 18 proxectos.
- 895 persoas participantes.
- 248 insercións laborais.
- 15 novos negocios creados.

O CEM consolídase como infraestrutura de intervención social e emprendemento inclusivo.

Eventos xerados a través das actividades das empresas residentes no espazo de Entidades lucrativas con fins/programas concorrentes coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Durante 2025, as empresas instaladas no CEM desenvolveron proxectos aliñados cos eixes estratéxicos da Fundación Cidade da Cultura: innovación, dixitalización, formación avanzada, proxección internacional e conexión entre cultura e empresa.

Investigación artística, arquitectura e creación contemporánea

• Emilio Liñares – Proxecto Origami Feelings

Durante 2025 consolidouse o proxecto Origami Feelings, iniciativa que combina arquitectura conceptual, investigación formal e experimentación artística. O proxecto desenvolveuse como laboratorio de análise volumétrica e composición bidimensional, explorando a simplificación formal como ferramenta de expresión emocional.

A metodoloxía empregada integra:

- Estudo de referentes da escultura moderna.
- Aplicación de linguaxes dixitais contemporáneas (low poly, modelaxe xeométrica simplificada).
- Investigación en teselación estrutural e origami aplicado ao espazo arquitectónico.

O traballo desenvolvido durante o ano orientouse á preparación de futuras accións expositivas e publicacións especializadas, reforzando o carácter do CEM como espazo de incubación creativa e investigación artística avanzada.

Transformación dixital e desenvolvemento tecnolóxico

• Lartel S.L.U. – Enxeñería de software e solucións dixitais

En 2025 LARTEL consolidou a súa actividade como axente tractor da dixitalización empresarial e cultural desde o Viveiro Gaiás.

Principais liñas de actuación:

- a) Desenvolvemento de repositorio dixital en grupo téxtil galego.
Sistema avanzado de xestión de activos creativos.
 - Optimización de fluxos internos de traballo.
 - Base escalable para explotación futura en comercio electrónico e comunicación internacional.
- b) Colaboración con empresas internacionais
 - Desenvolvemento compartido de solucións DAM (Digital Asset Management).
 - Transferencia de coñecemento Galicia-Reino Unido.
 - Internacionalización de servizos tecnolóxicos galegos.
- c) Implantación ERP sectorial en grupo empresarial galego
 - Integración de procesos (compras, vendas, loxística, produción).
 - Mellora de trazabilidade.
 - Desenvolvemento de cadros de mando personalizados.

O impacto da actividade de LARTEL reforza o posicionamento do CEM como espazo de alta cualificación tecnolóxica e innovación empresarial.

- **Kumobe Business Solutions S.L. – Plataforma de colaboración cultural**

Empresa incorporada en marzo do 2025, desenvolveu unha solución tecnolóxica orientada á dinamización cultural local.

Eixes do proxecto:

- Plataforma dixital para xestión de eventos culturais.
- Espazo de conexión entre artistas, asociacións e administracións.
- Validación funcional con usuarios reais.
- Desenvolvemento dunha futura bolsa de emprego cultural.

A finais de 2025 o desenvolvemento acababa o 40 %, priorizando:

- Arquitectura segura.
- Protección de datos.
- Escalabilidade técnica.

Este proxecto sitúa o CEM na vangarda da dixitalización cultural colaborativa.

- **Imatia Innovation S.L. – Campus Dual TIC**

O proxecto CAMPUS DUAL TIC consolidouse como unha das iniciativas de maior impacto en empregabilidade tecnolóxica en Galicia.

Datos clave 2025:

- 300 participantes.
- 80 % de inserción laboral.
- Bootcamps activos en Fullstack, IA Engineering, Data Science, Big Data e UX/UI.
- Organización da Feira de Emprego TIC no evento Galicia TIC.

O CEM funcionou como centro operativo de coordinación do programa, fortalecendo o vínculo entre formación especializada e mercado laboral TIC.

Cultura do viño e formación especializada

- **Academia Galega do Viño – INGAVI**

Durante 2025 desenvolveuse unha actividade intensiva de formación avanzada e proxección internacional.

Accións destacadas:

- Curso Superior de Sumiller Profesional (12ª promoción).
- Certificacións internacionais WSET (niveis 1, 2 e 3).
- Cursos de Dirección de Viño.
- XI Campionato Internacional de Talento Novo en Sumillería.
- Programa Galician Wine Ambassador.
- Wine Circus no Galicia Fórum Gastronómico.

O CEM converteuse en nodo de coñecemento enolóxico e profesionalización do sector vitivinícola.

Innovación audiovisual e realidade virtual

- **V de Vídeo**

Durante 2025 a empresa consolidou a súa liña de innovación inmersiva:

- Serie documental en realidade virtual sobre *A Rapa das Bestas*.
- Producións para TVG.
- Videopodcast
- Proxecto educativo en VR co CIFP 'Anxel Casal.
- Servizo de alugueiro de tecnoloxía inmersiva.

A actividade reforza a posición do CEM como laboratorio audiovisual avanzado.

Eventos xerados a través das actividades das empresas residentes no espazo das Iniciativas culturais emprendedoras.



Victoria Longa Sayáns. **Longa Music Lab**

Durante o exercicio 2025, Victoria Longa Sayáns desenvolveu no Espazo de Cotraballo do CEM o proxecto Longa Music Lab, configurado como laboratorio creativo e escola especializada en produción musical contemporánea. A iniciativa combina formación técnica avanzada, acompañamento artístico personalizado e experimentación sonora, dirixíndose tanto a persoas creadoras emerxentes como a perfís en proceso de profesionalización no ámbito musical.

Ao longo do ano, desenvolvéronse sesións formativas individualizadas e cursos específicos centrados en composición, arranxos, gravación, edición, mestura e posprodución, empregando ferramentas dixitais de produción musical e metodoloxías prácticas baseadas na aprendizaxe por proxectos. O modelo de traballo promove a autonomía creativa do alumnado, fomentando a construción dunha identidade sonora propia e a aplicación real dos coñecementos adquiridos en contornos profesionais.

Longa Music Lab funcionou tamén como espazo de investigación aplicada á creación musical, explorando novas linguaxes sonoras, integración de tecnoloxías dixitais e procesos de experimentación vinculados á música electrónica, acústica e híbrida. Esta dimensión investigadora reforza o carácter do CEM como ecosistema de innovación cultural, no que converxen tecnoloxía, arte e emprendemento.

A actividade desenvolvida contribúe á profesionalización do sector musical galego, ampliando competencias técnicas e creativas e xerando redes de colaboración entre artistas. Así mesmo, reforza a diversidade disciplinar do Centro de Emprendemento, incorporando o ámbito da creación musical como liña activa dentro dun contorno maioritariamente tecnolóxico e empresarial, consolidando o CEM como infraestrutura aberta á experimentación e ao desenvolvemento integral das industrias culturais e creativas.

Eventos xerados a través dos convenios asinados con institucións afíns

Academia Xacobeá

Durante o ano 2025, a Academia Xacobeá desenvolveu unha actividade continuada desde a súa sede no Edificio CEM da Cidade da Cultura de Galicia, mantendo un funcionamento estable baseado no traballo ordinario de catalogación de fondos, organización interna, xestión administrativa e atención a visitas, cunha presenza regular de tres días á semana en horario de mañá ao longo de todo o ano, agás períodos vacacionais.

A actividade institucional completouse coa celebración de diversas reunións da Comisión Permanente en febreiro, marzo, abril, outubro e novembro, así como coa convocatoria da Xunta de Goberno e da Xunta Plenaria no mes de decembro, garantindo o correcto funcionamento dos órganos estatutarios da entidade.

Así mesmo, destacou a organización das reunións do xurado do III Premio de Ensaio Camiño de Santiago, combinando modalidade presencial e telemática, reforzando a dimensión académica e investigadora da institución.

En conxunto, a Academia Xacobeá consolidou en 2025 a súa función como entidade de estudo, reflexión e promoción do fenómeno xacobeo, contribuíndo á dinamización cultural e patrimonial vinculada ao Camiño de Santiago desde a Cidade da Cultura.

Fundación Castelao

Pola súa parte, a Fundación Castelao desenvolveu durante 2025 unha programación especialmente relevante no marco da conmemoración do Ano Castelao, centrada na divulgación, actualización e proxección contemporánea do legado de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

A principal actuación foi a exposición inmersiva *Castelao. Mirar por Galicia*, celebrada no Museo Centro Gaiás entre o 26 de xuño de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026, que combinou intelixencia artificial, realidade virtual, hologramas e videomapping para ofrecer unha interpretación innovadora e rigorosa da súa vida e obra, baixo dirección artística de Carlos Seijo e asesoría histórica de Miguel Anxo Seixas Seoane.

A mostra acadou máis de 34.000 visitas no seu período de apertura, consolidándose como unha das iniciativas culturais máis destacadas da programación anual. Como complemento, realizáronse visitas comentadas a cargo do propio Miguel Anxo Seixas, permitíndolle ao público afondar na dimensión histórica e intelectual de Castelao. No ámbito da comunicación, leváronse a cabo gravacións audiovisuais para a promoción da exposición e entrevistas para a Televisión de Galicia, ampliando a súa proxección pública. Ademais, a Fundación participou no encontro internacional *Piñeiros'25*, no bloque dedicado ao piñeiro como elemento cultural en Galicia, achegando unha reflexión sobre a relación entre paisaxe, cultura e pensamento castelano ante máis de 300 persoas asistentes.

En conxunto, a actividade da Fundación Castelao en 2025 caracterízase pola súa alta visibilidade pública, polo uso innovador de tecnoloxías aplicadas á divulgación cultural e pola súa contribución decisiva á proxección da Cidade da Cultura como espazo de referencia na actualización do patrimonio intelectual galego.





Biblioteca de Galicia


05/ Biblioteca de Galicia



A Biblioteca de Galicia é a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas. Un ano máis, durante o 2025, e desde a súa localización na Cidade da Cultura de Galicia, seguiu a desempeñar as funcións que lle encomenda o artigo 10 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

A conservación, dixitalización e difusión do patrimonio bibliográfico de todas as galegas e galegos, continuaron a ser os eixes sobre os que desenvolveu a súa actividade ao longo do ano 2025.

As coleccións da Biblioteca de Galicia seguiron a medrar a través das adquisicións, as doazóns e o depósito legal, permitindo que o seu catálogo se vise incrementado con 16.437 novos exemplares.



Coleccións físicas

O artigo 10.2 da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia determina que a Biblioteca de Galicia é a encargada de “coordinar, recibir e xestionar, como centro depositario, o depósito legal e velar polo cumprimento da normativa de depósito legal”.

Cumprindo ese encargo é a responsable de xestionar a aplicación do depósito legal de Galicia (<https://depositolegal.xunta.gal>) que permite rexistrar toda a trazabilidade dunha obra suxeita a esta obriga, desde que o editor solicita o número ata que a obra queda conservada nas bibliotecas correspondentes.

No ano 2025 rexistrouse un incremento do 7,084 % nos números solicitados nas cinco oficinas de depósito legal existentes en Galicia. A Coruña continúa a ser a provincia onde se rexistra unha maior actividade editorial, superando incluso a suma das outras tres provincias xuntas.

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Solicitados 2024	1.982	205	289	551	756	3.783
Solicitados 2025	2.099	228	354	670	700	4.051

No que respecta á entrega efectiva dos exemplares de depósito legal, é dicir, aqueles que xa se atopan nos seus respectivos centros de conservación, o incremento no 2025 respecto do 2024 foi dun 15,583 %.

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Constituídos 2024	1.226	113	225	302	534	2.400
Constituídos 2025	2.099	228	354	670	700	4.051

Estas cifras reflicten unha mellora na responsabilidade de todos os axentes implicados, editores, oficinas de depósito legal e bibliotecas de conservación, por facer efectiva esta figura legal que garante a preservación do patrimonio bibliográfico dun país para as xeracións futuras.



No que se refire ás cifras concretas de exemplares procedentes do depósito legal que se custodiaron na Biblioteca de Galicia durante o 2025 hai que destacar que as monografías, con máis de 2.400 títulos, e os folletos, con máis de 380, son as tipoloxías documentais máis representadas.

Desde o 1 de xaneiro de 2023 tamén é importante á hora de valorar o depósito legal a entrega das copias dixitais, ou preprints, das obras en formato libro por parte dos editores. A Biblioteca de Galicia, como principal centro de conservación da nosa comunidade autónoma para o depósito legal, é a responsable da xestión e conservación destas copias dixitais, que asume en colaboración coa Biblioteca Nacional de España.

O total de copias dixitais entregadas e custodiadas nos servidores habilitados para esta tarefa pola Xunta de Galicia ascende a 5.253 desde o 2 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2025. A Biblioteca de Galicia mantén unha supervisión constante e activa para que os editores cumpran con esta nova obriga en total consonancia coa sociedade dixital na que estamos a vivir. O número de copias dixitais conservadas non deixou de medrar desde que a plataforma de depósito legal xestionada pola Biblioteca de Galicia se adaptou para permitir esa subida de forma telemática garantindo a mínima inxerencia nos dereitos de propiedade intelectual.

Ano	Copias dixitais subidas	
2023	870	
2024	2.026	+ 132,87 %
2025	2.357	+ 16,39 %

Outra das coleccións físicas de maior importancia na Biblioteca de Galicia é o seu fondo de publicacións seriadas (revistas, diarios, anuarios, boletíns...). Durante o ano 2025 a súa hemeroteca cumpriu coa obrigación de reunir e preservar as publicacións periódicas do patrimonio bibliográfico galego sumando ao seu fondo 128 novos títulos. Aos títulos incorporados polas canles habituais do depósito legal, a compra e, en menor medida, o troco, hai que destacar no apartado de doazóns o procedente da Biblioteca Pública de Betanzos. Con estas incorporacións a colección da hemeroteca da Biblioteca de Galicia alcanzou o ano pasado a cifra de 9.462 títulos.

Unha parte significativa de ditos fondos foi recolocada en 2025 co obxecto de optimizar o espazo dispoñible nos depósitos. A finais dese ano, os fondos da hemeroteca de Galicia ocupaban 3.588 metros lineais. Simultaneamente, procedeuse a instalar unha parte significativa da prensa diaria en caixas de conservación de alta calidade, para desta forma garantir unha conservación óptima nos depósitos.

Tamén determinante para a Biblioteca de Galicia é a súa colección de fondo antigo, isto é, as obras anteriores a 1958. Maila que outras bibliotecas galegas, como a Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela ou as bibliotecas do Mosteiro de Poio e do Convento de San Francisco contan con coleccións de fondo antigo máis relevantes en número e calidade ca da Biblioteca de Galicia, non se pode desmerecer a súa importancia tendo en conta que comezou a crearse nos primeiros anos 90 do século XX.

Durante o ano 2025 a colección de fondo antigo da Biblioteca de Galicia, identificada pola sinatura PBA ou PB, centrou os seus traballos, máis que na catalogación de novos exemplares, na modificación e enriquecemento das obras xa descritas. Esa mellora na calidade da catalogación afectou a 12.873 exemplares desta colección, na que se incorporaron 838 títulos novos. No ano 2025 a Biblioteca de Galicia tamén adquiriu libros de fondo antigo por valor de 9.226,97 € e incorporou ao seu catálogo 278 documentos de patrimonio bibliográfico procedentes de doazóns de particulares.

Unha das seccións da Biblioteca de Galicia que recibiu un pulo durante o 2025 foi a de gravacións sonoras. O motivo polo que se tomou esta decisión foi que son materiais que cada vez é máis complicado atopar en circuítos comerciais convencionais pese a que aínda é posible, habitualmente a través de provedores moi especializados. Antes de poñer en marcha unha política de adquisición deste tipo de materiais, co obxectivo de evitar duplicidades e detectar carencias, é imprescindible que o fondo de gravacións sonoras existente na biblioteca, e que ingresa por depósito legal ou doazón, estea catalogada, polo que esta foi outra tarefa primordial.

A suma deses traballos de catalogación e selección para a adquisición de títulos de sonoras non presentes na colección da Biblioteca de Galicia deu como resultado os seguintes datos desagregados en función do seu soporte:

Sopoite	Ítems
Gravacións antigas de goma laca en formato 12 polgadas	3
Gravacións antigas de goma laca en formato 10 polgadas	22
Vinilos de 12 polgadas (LP)	1.008
Vinilos de 10 polgadas (EP)	11
Vinilos de 7 polgadas (single)	468
Casetes	550
Discos compactos	426
TOTAL	2.495

Por último, respecto das coleccións físicas que custodia a Biblioteca de Galicia, hai que destacar os traballos que se fixeron no ano 2025 no seu fondo de literatura infantil e xuvenil en galego, de autoría galega ou de temática relacionada con Galicia.

No 2025 decidiuse reunir todas as obras de infantil e xuvenil da biblioteca nunha soa colección de conservación, que pasou a denominarse Colección Gálíx. Nesa colección incorporáronse os fondos que xa estaban na biblioteca, ben por compras realizadas en anos anteriores ou ben por doazón doutras entidades ou bibliotecas, como por exemplo as obras procedentes do expurgo que están a realizar moitas bibliotecas escolares baixo o asesoramento da Biblioteca de Galicia. Porén o groso desta nova colección foron as obras de literatura infantil e xuvenil en galego que leva custodiando a Biblioteca de Galicia desde o ano 2014 en virtude do comodato asinado coa Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil (Gálíx). Ese comodato converte a

Biblioteca de Galicia, durante un prazo de 30 anos, na institución depositaria de todas as obras que recompila Gálíx ano a ano.

Durante o ano 2025, a Biblioteca de Galicia decidiu potenciar esta colección a través da compra daqueles títulos, autores ou edicións dos que se localizou a súa ausencia no catálogo. A finais de 2025 a Colección Gálíx nos depósitos de acceso restrinxido da Biblioteca de Galicia estaba formada por 4.014 exemplares, dos cales 2.512 foron obras de nova incorporación. A estas cifras temos que sumarlles os 3.900 exemplares que poden consultarse en libre acceso, polo que o total de obras relacionadas coa literatura infantil e xuvenil en galego que forman parte dos fondos da Biblioteca de Galicia está preto de alcanzar os 8.000 documentos.

Coleccións dixitais

A Biblioteca de Galicia non ten unicamente que atender a recompilar, describir e conservar o noso patrimonio bibliográfico en soporte tanxible. A información e coñecemento vencellado coa nosa Comunidade Autónoma nacido en dixital tamén ten que ser identificado e preservado para as xeracións futuras. Para atender esta obriga colabora de xeito activo desde o ano 2015 no proxecto do Arquivo da Web Española, impulsado pola Biblioteca Nacional de España.



No 2025, a Colección Galicia deste arquivo da web, xestionada polos técnicos da biblioteca, incrementou o seu tamaño en 731 sementes, o que supón un total de case 2.000 publicacións gardadas, e nos sitúa como a cuarta comunidade autónoma que colabora no proxecto con máis rexistros despois de Navarra, Andalucía e Madrid.

A esta recolección manual e selectiva hai que engadirle o gardado masivo anual do dominio .gal, que se realiza desde 2017 grazas á colaboración da BdG, a Asociación PuntoGal e a BNE, e que no 2025 supuxo a recolección de máis de 7.000 páxinas web baixo este dominio.

Ano	Número de dominios archivados
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120
2022	6.525
2023	5.466
2024	7.049
2025	7.200

A outra gran colección dixital que xestiona a Biblioteca de Galicia é a das obras do patrimonio bibliográfico galego que naceron en papel e que se transforman a formato dixital a través de proxectos masivos de dixitalización financiados desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Todos eses obxectos dixitais ofréceselles aos cidadáns a través de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, o gran repositorio do patrimonio bibliográfico galego xestionado polos técnicos da Biblioteca de Galicia.

Durante o ano 2025, Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia continuou a medrar e consolidarse como referente no acceso ao

patrimonio bibliográfico galego, combinando innovación tecnolóxica, cooperación institucional e ampliación de contidos dixitalizados.

No ámbito da innovación, avanzaouse na colaboración co proxecto Galiciana Semántica, liderado por AMTEGA, traballando na creación dun Catálogo Unificado de Autoridades (VGAF) que permitirá harmonizar e normalizar os termos procedentes dos distintos catálogos das institucións participantes. Ademais, desenvolveuse o espazo temático Prensa Histórica Galega, que facilita a consulta de xornais dixitalizados e permite seguir a evolución da prensa en Galicia desde o século XVIII ata a actualidade.



No que respecta á ampliación de coleccións, acabouse de incorporar á Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia o proxecto de dixitalización realizado no 2023, que incluíu materiais non seriados como monografías, postais e carteis procedentes da Biblioteca de Galicia e doutras institucións colaboradoras (BPMunicipal de Ortigueira, BP de Lugo, BP da Coruña, BP de Vigo, Consello da Cultura Galega, Real Consulado e a colección particular da familia Baltar, entre outras), así como fondos da colección Abanca presentados ás axudas do Ministerio de Cultura na súa convocatoria de 2024.

En canto á prensa, engadíronse máis de 38.000 novas imaxes das cabeceiras o *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* de Lugo, e completouse a dixitalización do *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (máis de 80.000 imaxes), grazas a un convenio coa Deputación. Tamén se iniciou a dixitalización dos fondos hemerográficos prestados pola Fundación Otero Pedrayo, cunha primeira fase de 1.810 imaxes.



En conxunto, 2025 foi un ano de forte crecemento para Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, alcanzando o 31 de decembro de 2025 os seguintes datos relacionados cos seus obxectos dixitais e cos seus usuarios:

Obxectos dixitais

	2024	2025	%
Rexistros bibliográficos (títulos)	11.164	11.997	+7,47 %
Imaxes	3.401.511	3.569.235	+4,93 %
Grupos de obxectos dixitais	397.819	416.045	+4,58 %

Usuarios (*)

	2024	2025	%
Usuarios	105.593	240.628	+127,9%
Sesións	280.128	422.765	+50,9%
Páxinas vistas	5.592.189	5.738.018	+2,61 %

(*) Hai que ter en conta que o incremento tan elevado en usuarios e sesións pode deberse ao acceso de robots que alimentan as aplicacións de intelixencia artificial, xa que as visitas duran escasos segundos.

Principais tipoloxías documentais de Galiciana-BDG a finais de 2025

	Hemeroteca	Monografías	Cartografía	Manuscritos	Ilustracións e fotos
Títulos	825	6.366	266	561	2.719
Imaxes	2.407.150	993.686	480	46.848	4.391
Grupos	340.073	8.281	271	630	8.234

Dinamización

No ano 2025 a Biblioteca de Galicia non abandonou o seu labor de difusión do noso patrimonio bibliográfico nin das efemérides que se celebran na nosa comunidade autónoma en torno ao libro e a lectura. O programa de dinamización que se desenvolveu ao longo dos 12 meses do ano pasado contou con 30,

actividades tanto para público adulto como infantil, 4 mostras bibliográficas e 1 xornada técnica. Un total de 1.430 persoas achegáronse a esas 30 actividades de moi diferente tipoloxía e destinatarios:

Actividades	Público	Número
Obradoiros	infantil-xuvenil	10
Obradoiros	adulto	3
Espectáculo de teatro/marionetas	público familiar	4
Espectáculo musical	público familiar	3
Espectáculo narración oral	público adulto	2
Concertos	público xeral	2
Conversa con	público adulto	3
Visitas guiadas	público xeral	3
Total actividades		30





Actividades de dinamización

Visitas guiadas á Biblioteca de Galicia e agasallo de libros

Datas: O 11 de xaneiro (Día do usuario) – O 23 de abril (Día do libro) – O 24 de outubro (Día das Bibliotecas) / **Asistentes:** 45 persoas.

Con motivo destes tres días significativos relacionados co libro e as bibliotecas, realízanse visitas guiadas por parte do persoal técnico, nas que se fixo un percorrido polos espazos da Biblioteca de Galicia de acceso restrinxido onde se custodian os fondos; tamén se visualizaron volumes singulares, facsímiles de grande interese, mapas, carteis ou revistas tan determinantes para a nosa cultura como *Nós* ou *Vida gallega*.

Monstros! Para poñer os pelos de punta

Datas: O 1 de febreiro de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Que os nenos e nenas aprendan a poñerlles nome ás emocións foi o obxectivo deste obradoiro impartido por Luis Sendón para celebrar o Día da ilustración.

Partindo de sinxelos bosqueiros e formas xeométricas abordáronse os distintos estados de ánimo e a súa expresión. Os obxectivos do obradoiro son espertar o interese dos máis pequenos polo mundo do cómic e a lectura, exercitar as súas habilidades plásticas e poder identificar as distintas emocións.

Aprende formas, liñas e cor a través do traballo de Vizoso

Datas: O 15 de febreiro de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Xosé Vizoso foi o artista homenaxeado no Día da Ilustración 2025. Neste obradoiro impartido por Yago García deuse a coñecer a importancia do traballo deste artista fundamental para Sargadelos e para Galicia, debuxando ao seu estilo e creando ilustracións únicas. Ao remate os cativos e cativas levaron unha obra realizada por eles que seguía a estética deste grande artista.

Rosalía e a natureza: das beiras do Sar á constelación do Serpentario

Datas: O 27 de febreiro de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Celebrar o Nacemento de Rosalía de Castro foi o motivo da conversa na Biblioteca de Galicia entre María do Cebreiro, codirectora da Cátedra Rosalía de Castro, e María López Sánchez, membro da RAG e estudosa da autora. A presenza de Rosalía no territorio é intensa e global: percíbese nos parques e xardíns galegos, pero tamén en múltiples lugares do mundo. Rosalía é tamén unha poeta cósmica, que mira ao espazo, e desde 2019 unha estrela da constelación do Serpentario leva o seu nome, acompañada dun planeta: *Río Sar*.

Rosalía oculta

Datas: O 15 de marzo de 2025 / **Asistentes:** 7 persoas.

Outra das actividades para conmemorar o Día do nacemento de Rosalía de Castro foi o obradoiro impartido por Paula Mayor, que realizou un percorrido polo proceso de creación da banda deseñada *Rosalía Oculta*, premio Castelao de BD 2023. O obxectivo era achegarse a todas as fases do proceso: a cronoloxía, a documentación, a sinopse e o *storyboard* co obxectivo de coñecer os procesos para realizar un cómic propio.

Bailen as vellas. Os contos das cereixas

Datas: O 23 de marzo de 2025 / **Asistentes:** 108 persoas.

O Día da Narración Oral trouxo á Biblioteca de Galicia unha estrea absoluta da man de Vero Rilo e Atenea García, cun espectáculo que nos trasladou o legado e a voz das que non calaron, das que cantaron e bailaron e así traelas aos escenarios. Os contos, ás veces, son coma as cereixas, cando botas un á boca parece imposible deixar de botar máis. E así, coma a vida e a amizade, naceu esta proposta, botando os contos á boca un tras outro.

Castelao. Un corazón á intemperie

Datas: O 29 de marzo de 2025 / **Asistentes:** 78 persoas.

Nun pequeno escenario o dramaturgo Varela Buxán narra as vicisitudes da vida de Castelao e representa algúns dos seus fitos literarios apoiándose en diferentes técnicas escénicas. Coa estrea absoluta desta orixinal peza de Fantoques Baj celebramos o Día do Teatro para un público familiar. Fantoques de luva, marionetas de fío, títeres de táboa, teatro de máscaras...

Isaac Díaz Pardo. Un laboratorio de ideas e formas

Datas: O 5 de abril de 2025 / **Asistentes:** 18 persoas.

O Día das Artes Galegas estivo dedicado á figura de Isaac Díaz Pardo, un artista polifacético ao que se achegou Yago García, convertendo os participantes en investigadores do seu propio Laboratorio de Formas, aprendendo conceptos como a sinxeleza visual, as formas elementais ou a descomposición xeométrica.



Os contos de lobicán

Datas: O 12 de abril de 2025 / **Asistentes:** 109 persoas.

A compañía Redrum Teatro escolleu a Biblioteca de Galicia para celebrar o Día do Libro Infantil e Xuvenil, coa estrea absoluta da peza baseada no marabilloso texto de Eva Mejuto gañador do XV Premio Barriga Verde 2022. O espectáculo está inspirado no atractivo mundo de Wes Anderson onde as cores, a escenografía, o vestiario e a música axudan a transmitir valores como a amizade, a cooperación, o respecto pola natureza, o pensamento crítico e a importancia da imaxinación.

Coas mans na masa

Datas: O 27 de abril de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Utilizando como escusa o proceso de elaboración do pan neste singular obradoiro de OQO Editora, que celebrou cos máis cativos o Día do libro, cociñáronse Libros, plástica e narración oral. Baseado no álbum *Maruxa*, preparáronse receitas que serviron para lles dar forma aos personaxes e crear novas escenas do conto.

Arredor da mesa

Datas: O 16 de maio de 2025 / **Asistentes:** 94 persoas.

O Día das Letras Galegas, dedicado en 2025 ás cantareiras, celebrouse na Biblioteca de Galicia coa música do grupo Abril, un proxecto formado por Claudia Abril e Marina Carpena no que melodías tradicionais galegas e ibéricas son adaptadas a sonoridades actuais con certa intimidade, personalidade e frescura. Instrumentos de música tradicional como a pandeireta, o pandeiro ou o violín folk dan lugar a un coidadísimo repertorio que contribúe a poñer en valor a música tradicional galega sen deixar de lado a modernidade.

Canta compañeira, canta

Datas: O 24 de maio de 2025 / **Asistentes:** 116 persoas.

Coa estrea absoluta deste proxecto de Felisa Segade e Merchi Rodríguez seguimos celebrando a festa das nosas Letras, a música popular e a tradición oral, cun binomio fundamental da música tradicional do país, nunha reminiscencia ao binomio representado por Adolfoina e Rosa, cantareiras e tocadoras cuxa presenza constituía unha atracción destacada nas foliadas.



Desde Rosalía ata as cantareiras

Datas: O 25 de maio de 2025 / **Asistentes:** 14 persoas.

A Biblioteca de Galicia procurou con este obradoiro multidisciplinar impartido por Axanela do Maxín para a cativada celebrar a herdanza de todas as mulleres homenaxeadas nas Letras Galegas, desde Rosalía de Castro ata as Cantareiras facendo especial fincapé nestas e o cancionero popular. Un percorrido que combina narración oral e música, con percusión e canto tradicional utilizando pedras, cunchas, pandeiretas...

Diorama. Fai a túa caixa conto das cantareiras

Datas: O 7 de xuño de 2025 / **Asistentes:** 8 persoas.

A última actividade para celebrar as Letras Galegas foi un obradoiro para realizar un teatriño a partir de cantigas, poemas ou contos dos libros favoritos da rapazada. Un diorama, entendido como a construción dunha escena que permite incorporar diferentes disciplinas, conectando as artes visuais coa literatura, o teatro ou a música. Converter unha caixa de cartón nunha auténtica peza artística foi obra de Títeres Bavaluva.



Castelao

Datas: O 14 de xuño de 2025 / **Asistentes:** 72 persoas.

Cun texto de Paula Carballeira e con Mónica García e Cris Collazo no escenario celebrámos o Ano Castelao. Unha peza teatral para público familiar que fabula sobre o neno Daniel antes de marchar para Argentina. Daniel desaparece. A nai non sabe onde buscalo. O neno Castelao pode estar xogando aos naufraxios, subido no campanario a escoitar as historias da Santa Compañía, ou pintando as máscaras do Entroido. E así, o neno Castelao anda ás voltas por Rianxo, acompañado por Baltasara, debuxando retratos para levar con el ao outro lado do océano.

A galiña dos ovos de conto

Datas: O 13 de setembro de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Con motivo da conmemoración do Día da Alfabetización, a Biblioteca de Galicia organizou este obradoiro impartido por Pedras de papel. Artesanía e patrimonio. Unha actividade creativa que une narración e obradoiro, literatura e plástica, na que a rapazada, despois de escoitar a narración da vida da galiña, elaborou bonecos dos personaxes dun conto que inventaron coa axuda da pita. Unha narración moi participativa na que a cativada manipulou os bonecos e colaborou na creación da historia.

Brincadeiras da lingua

Datas: O 27 de setembro de 2025 / **Asistentes:** 110 persoas.

A Biblioteca de Galicia quixo celebrar o Día Europeo das Linguas con este espectáculo de Migallas Teatro que combina narración oral, monicreques, cancións e outros recursos. O seu obxectivo foi dar a coñecer a enorme riqueza e variedade de ditos e recitados da literatura popular infantil de Galicia e fomentar a súa práctica entre a cativada e no ámbito familiar.



(Est)ética. A poesía antes do poema

Datas: O 9 de outubro de 2025 / **Asistentes:** 20 persoas.

Celebramos o Día das Escritoras coa premio nacional de poesía Olga Novo. Neste encontro, a través de varios obxectos, a poeta percorreu a materialidade que conecta a estética coa ética, amosando como a poesía -como coñecemento intuitivo- se manifesta antes do poema -a través de catro historias: a dunha manta, a dunha améndoia, a dun niño e a dun seixo- e como este comunica unha posición ética ante o mundo.

Vente vindo

Datas: O 17 de outubro de 2025 / **Asistentes:** 114 persoas.

A Biblioteca de Galicia celebrou o 17 de outubro o Día do Patrimonio Inmaterial con Celso Fernández Sanmartín, colleitador e contador de historias que por preservar e difundir a tradición oral galega recibiu o premio Rebulir da Cultura Galega no ano 2022. Un espectáculo de narración oral inzado de referencias a personaxes e anécdotas do seu Lalín natal, que por ser locais, se fan universais. Humor e mestría narrativa no uso dos tempos e das historias.

A biblioteca galáctica contra a IA fantástica

Datas: O 25 de outubro de 2025 / **Asistentes:** 116 persoas.

Non se podía celebrar de mellor xeito o Día das Bibliotecas que cun espectáculo de teatro infantil, monicreques e música. Unha disparatada comedia de aventuras protagonizada por algunhas das personaxes máis senlleiras da literatura infantil galega da man de Tanxarina Títeres.

A adaptación teatral da novela de Carlos Labraña é un canto á amizade, á solidariedade e unha defensa dos libros, da lectura e da palabra escrita fronte a unha Intelixencia Artificial que quere acabar coa imaxinación e a fantasía.

Libros que nos fan ser. Conversa sobre lecturas que inspiran, curan e alimentan

Datas: O 3 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 16 persoas.

O Día da Lectura conversamos na Biblioteca de Galicia coa influencer literaria Lorena Bembibre e cos escritores Carlos Negro e Emma Pedreira sobre o amor polos libros. Foi unha posta en común da sintomatoloxía das persoas biblópatas: ese formigueo ao soste o libro por primeira vez nas mans, a curiosidade inesgotable das historias alleas, e a desconexión do tempo real nos mergullamos noutros mundos. Foi tamén unha conversa sobre os libros que nos fan ser, das lecturas que nos marcaron, as que nos inspiran, curan e alimentan.



Fontán. O primeiro rostro de Galicia

Datas: O 7 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 15 persoas.

A primeira actividade do Mes da ciencia foi a proxección do documental sobre a apaixonante figura do matemático e xeógrafo Domingo Fontán que hai case 200 anos elaborou o Mapa Cartográfico de Galicia, ao que lle dedicou 17 anos da súa vida. Deseguido os especialistas Elena Vázquez, catedrática de matemáticas da USC; Alberto Fortes, autor do libro *A viaxe xeométrica de Domingo Fontán* e Francisco Alberto Varela, profesor do Grupo de Visualización Avanzada e Cartografía da Universidade da Coruña, continuaron afondando na vida e obra deste sabio e ilustre galego.

Aprende a identificar madeiras xogando

Datas: O 8 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 18 persoas.

Neste obradoiro enmarcado no Mes da ciencia a rapazada aprendeu xogando sobre arqueobotánica, converténdose en investigadores/as do Laboratorio de Arqueobotánica do INCIPIT (CSIC). Mirar cunha lupa os carbóns que aparecen nas escavacións arqueolóxicas, xogar con imaxes ampliadas de diferentes tipos de madeira, descubrir como é por dentro unha árbore, que historias quedan gravadas nos seus aneis... foron algunhas das curiosidades que máis lles gustaron.

Mago, científico... Por que non as dúas á vez

Datas: O 15 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 19 persoas.

Na Biblioteca de Galicia un obradoiro científico pode ser á vez un divertido espectáculo de maxia grazas aos xogos e trucos do persoal do CSIC. Esta foi unha das actividades do Mes da ciencia que máis interese suscitou na rapazada asistente, converténdose a un tempo en magos e científicos.

Caderno botánico

Datas: O 21 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 14 persoas.

Neste obradoiro de ilustración con acuarela, dentro das actividades do Mes da ciencia, Clara Cerviño achegou o apaixonante mundo das plantas desde outra forma de mirar. Elementos botánicos, principalmente follas, foron percibidas desde a óptica dun observador/a naturalista para ser trasladadas posteriormente ao caderno de traballo.



Ramona Órbita. A dona do tempo

Datas: O 22 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 115 persoas.

A Biblioteca de Galicia celebrou o Día da Música cun espectáculo musical e de ilustración ao vivo con Pakolas e Laura Romero. A través das cancións, narración e ilustracións, o público asistente transitou por diferentes épocas, desde a prehistoria ata o Renacemento, pasando polo Antigo Exipto coa axuda dunha máquina interestelar.

Cantos macro e microplásticos hai no mar

Datas: O 28 de novembro de 2025 / **Asistentes:** 5 persoas.

A última das actividades realizadas durante o Mes da ciencia foi un obradoiro divulgativo sobre a presenza e impacto do lixo mariño, baseado no traballo científico realizado polo Centro Oceanográfico de Vigo. Tamén se contou con diferentes tipos de lixo mariño recollido polos investigadores para que a rapazada puidese examinalos.

Barullo de Nadal

Datas: O 13 de decembro de 2025 / **Asistentes:** 107 persoas.

Para rematar o ano e celebrar o Nadal, a cativada cantou, bailou e participou neste espectáculo de Nelson Quinteiro que se basea na aventura de lle escribir a carta ao Apalpador. Nunha viaxe divertida e visual amósanse gran variedade de instrumentos: desde gaitas ata pandeiros, peitoque, tarrañolas e coa axuda de pedais de *loop* creáronse ritmos complexos que a cativada bailou sobre o escenario.

Mostras bibliográficas

Xosé Vizoso.

O neno que debuxou un cabalo

Datas: Do 30 de xaneiro ao 9 de maio de 2025

Un ano máis, con motivo do Día da Ilustración, a Biblioteca de Galicia inaugurou a exposición *Xosé Vizoso. O neno que debuxou un cabalo*, que puxo en valor a obra dun dos grandes da ilustración e o deseño da nosa comunidade. Esa foi a primeira ocasión, nos nove anos que leva celebrándose esta efeméride, na que se lle dedicou a un ilustrador en activo.

Quen máis e quen menos ten a Xosé Vizoso (Mondoñedo, 1950 – Brión, 2025) no seu día a día. Quizais nunha vaixela de Sargadelos, no cartel das festas da vila ou nalgún mural da rúa. A mostra, composta por seis vitrinas, fixo un percorrido pola vida e a obra do artista a través da que puidemos entrever as súas motivacións, gustos e o grande esforzo que dedicou a cada creación.

Tesoureiras do noso

Datas: Do 16 de maio ao 14 de decembro de 2025

Tesoureiras do noso foi o título da exposición que a Biblioteca de Galicia organizou no 2025 co gallo das Letras Galegas. Nela achegou ao público o material dispoñible na biblioteca relacionado coa nosa poesía popular oral, a homenaxeada deste ano.

A exposición estivo centrada nas cantareiras, esas mulleres que na sombra, conservaron e revitalizaron durante séculos un patrimonio que nos identifica especialmente. Mulleres das aldeas, labradoras, mariscadoras..., que sen seren conscientes diso, e maila o desprezo e o pouco valor que se lles outorgou, mantiveron para as xeracións posteriores todo un saber e un tesouro de enorme importancia para Galicia. De aí o título da exposición.



Contando películas: a evolución do espectáculo cinematográfico en Galicia

Datas: Do 22 de outubro de 2025 ao 31 de maio de 2026

Arredor do Día das bibliotecas, a Biblioteca de Galicia presentou a mostra bibliográfica *Contando películas: a evolución do espectáculo cinematográfico en Galicia*, un percorrido pola historia do cine na nosa comunidade desde os seus inicios ata a actualidade. A exposición, comisariada por Sabela Pillado Villaronga e coordinada pola técnica da biblioteca, Elena Díaz del Río López, está composta por máis de 200 pezas -libros, publicacións periódicas, carteis, programas de man e fotografías- e amosa como o cinema reflicte os cambios sociais, políticos e culturais vividos en Galicia ao longo dos séculos XIX, XX e XXI.

A través dos fondos propios da Biblioteca de Galicia e das pezas prestadas pola Filmoteca de Galicia, a Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña, a Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela e a Biblioteca Pública de Lugo, o público poderá descubrir aínda ata o 31 de maio de 2026 a evolución e a riqueza do patrimonio cinematográfico galego.

As mulleres de Castelao

Datas: Do 22 de decembro de 2025 ao 2 de marzo de 2026

Xa nos últimos días do 2025, a Biblioteca de Galicia quixo sumarse ao Ano Castelao cunha exposición na que as mulleres estreitamente vencelladas á súa figura asumen o protagonismo. Na mostra, que pode visitarse aínda ata o 20 de marzo de 2026, fálase de cinco mulleres que estiveron non detrás, senón a carón dun grande home, e que nos aproximan á figura do gran rianxeiro na súa condición de home, artista e político co gallo da celebración do 75 aniversario do seu pasamento.

O material exposto en *As mulleres de Castelao* procede na súa totalidade do fondo bibliográfico e documental da Biblioteca de Galicia, e comprende unha trintena de documentos nos que se inclúen libros, publicacións periódicas, materiais gráficos e audiovisuais. Parte do material exposto procede do depósito legal, outra parte consta de exemplares pertencentes a bibliotecas de autor, como as de Agustín Sixto Seco, Basilio Losada ou Alonso Montero.



Xornadas técnicas



Intelixencia Artificial: novas posibilidades para as bibliotecas

Datas: O 7 de febreiro de 2025

Un ano máis, o Auditorio Neira Vilas da Biblioteca de Galicia foi o espazo para acoller unha xornada técnica que xirou arredor das transformacións e desafíos que a intelixencia artificial está a provocar nos servizos bibliotecarios.

Xa é unha realidade que a intelixencia artificial está a transformar servizos intrinsecamente bibliotecarios como o acceso á información. Os novos buscadores baseados en IA xa accesibles en Internet son unha ferramenta fundamental para sectores da sociedade cada vez máis amplos. Maila que as vantaxes no acceso a información que proporcionarán estas ferramentas de IA xenerativa serán incuestionables, tamén será determinante que os profesionais bibliotecarios conten cos coñecementos e capacidades necesarias para orientar os usuarios no seu uso responsable e crítico.

A xestión documental, a catalogación, a creación de contidos ou a xeración de metadatos son outras áreas do traballo bibliotecario que se están a ver afectadas pola implementación das novas posibilidades que trae a intelixencia artificial.

Todos estes desafíos e transformacións tratáronse na xornada técnica da Biblioteca de Galicia, que contou con representantes dalgunhas das institucións que están a levar a cabo os estudos ou proxectos máis importantes no ámbito estatal relacionados coa IA en bibliotecas, como a Biblioteca Nacional de España, a Sociedad Española de Documentación e Información Científica (SEDIC), o Instituto da Lingua Galega ou a Universidade de Granada.









Arquivo de Galicia

06/ Archivo de Galicia



O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e polos órganos e entidades dela dependentes desde a súa creación (1982), así como outros dela calquera procedencia que polo seu ámbito e interese formen parte do patrimonio documental da Comunidade. Xoga un papel fundamental na xestión documental da nosa Administración e na preservación e difusión da memoria documental de Galicia.

O patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade. Os documentos que o integran ofrecen información e coñecemento, e son garantía de dereitos cidadáns e da transparencia na xestión das institucións. Por iso debemos velar pola súa conservación e por garantir o acceso a todas as persoas.



Novos ingresos documentais

Transferencias

A transferencia constitúe a forma máis habitual de ingreso de fondos nos arquivos. É un procedemento administrativo polo que se traspasan os documentos e as responsabilidades relativas á súa custodia, conservación

e acceso desde as oficinas produtoras ao arquivo ou desde un tipo de arquivo a outro. No ano 2025, o Arquivo de Galicia recibiu un total de 7 transferencias, segundo se relaciona na seguinte táboa:

Núm. Transferencia	Data	Produtor	Volume	Área Funcional	Datas extremas	Observacións
TR2025001	13/05/2025	Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico / Servizo Provincial de Obras Hidráulicas de Pontevedra	1336 planos + 5 expedientes	Medio Ambiente	1898 - 2025	Son proxectos de obras relacionados co abastecemento de augas e o saneamento en diferentes poboacións da provincia de Pontevedra
TR2025002	04/09/2025	Servizo de Prevención Ambiental / Rexistro Consellería Medio Ambiente	69	Medio Ambiente	2002 - 2015	Son expedientes de autorización ambiental integrada inicial e rexistros de saída de correspondencia
TR2025003	24/09/2025	Servizo de Seguimento Lexislativo e Acordos Parlamentarios / Servizo de Coordinación e Apoio Institucional	326	Alta Dirección	1997 - 2016	Destaca o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia así como diversas series relacionadas coa actividade parlamentaria (preguntas parlamentarias, expedientes de acceso á información por parte dos grupos parlamentarios, resolucións parlamentarias...)
TR2025004	13/10/2025	Instituto Nacional de Vivienda / Instituto para la Promoción Pública de la Vivienda (IPPV) / Dirección Xeral de Vivenda / IGVS	2314	Política Territorial	1928 - 2017	Destacan as series relacionadas coa adquisición e construción de vivendas sociais ou coas axudas para a reconstrución de vivendas no medio rural galego
TR2025005	21/03/2025	Observatorio Meteorolóxico de Lavacolla, dependente do Servizo Meteorolóxico Nacional	274	Medio Ambiente	1954 - 1985	Son mapas diarios de isóbaras (marcando os centros de altas e baixas presións) realizados polos observadores de Lavacolla cos datos recibidos por teletipo desde os diferentes puntos de observación
TR2025006	21/11/2025	Plan de Explotación Marisqueira de Galicia / Delegación Provincial da Consellería de Pesca na Coruña	203	Medio Mariño	1965 - 2009	Son de especial interese os expedientes de axudas para a modernización dos diferentes aspectos do sector pesqueiro ou os expedientes sancionadores en materia marítimo pesqueira.
TR2025007	02/12/2025	Servizo de Seguimento Lexislativo e Acordos Parlamentarios / Subdirección Xeral de Análise e Desenvolvemento Institucional / Servizo de Información, Cooperación e Fomento / Servizo de Coordinación / Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais	351	Alta Dirección	1980 - 2024	O mesmo que na transferencia anterior, os documentos reflicten, fundamentalmente a actividade parlamentaria.
Total de unidades de instalación transferidas						3.537 caixas 1.336 plano

Outros ingresos

Doazón dun conxunto de documentos de xestión do Sanatorio San Lourenzo de Santiago de Compostela.

No mes de maio ingresou no centro, unha vez finalizado o correspondente procedemento de aceptación, logo do informe favorable do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, un conxunto de documentos (140 u. i.) doados por Concepción Andreu Torre, que constitúen un fragmento do fondo do Sanatorio cirúrxico de San Lourenzo de Santiago de Compostela comprendido entre os anos 1920 e 1975.

O Sanatorio de San Lourenzo comezou a funcionar no ano 1920 por iniciativa de dous prestixiosos doutores: o cirurxián Fernando Alsina González e o tocoxinecólogo Antonio Martínez de la Riva Labarta.

As súas instalacións ocuparon un antigo edificio destinado a “Casa de Baños” nas proximidades da Alameda de Santiago, no Barrio de San Lourenzo (Rúa San Lourenzo, núm. 1), nunha contorna naquel momento bastante rural. Contaba con catorce cuartos para enfermos, a maioría de dúas camas, cun moderno equipamento médico cirúrxico

para diagnose e terapia (dispuxo dun dos primeiros equipos de raios X, unha instalación de diatermia e outra de sol artificial) e cun pequeno xardín utilizado como área de recreo dos convalecentes.

Desde comezos dos anos cincuenta os doutores Ramón Alsina Gómez-Ulla, cirurxián xeral, e Ángel Martínez de la Riva, tocoxinecólogo, seguindo cada un deles a estela dos seus pais, substituirán os fundadores nas tarefas de asistencia e de dirección. A organización interna estivo a cargo de relixiosas terciarias franciscanas desde o momento da fundación ata o cesamento das actividades do sanatorio, no ano 1975. No ano 1977, tras a súa venda, o edificio estaba xa derrubado.

O fragmento de fondo está composto maioritariamente por historias clínicas correspondentes a pacientes de Fernando e Ramón Alsina, pero existen tamén outros documentos relacionados coa xestión económico-administrativa da sociedade (escrituras de constitución e liquidación e contas), recortes de prensa e fotocopias de artigos relacionados con temas médicos e hospitalarios dos seus intereses.






Documentar a actividade dun centro destas características é, sen ningunha dúbida, relevante para a historia da medicina da nosa comunidade, tendo en conta a escaseza de fondos relacionados coa sanidade que se conservan nos arquivos públicos. Con esta incorporación o Arquivo de Galicia pon á

disposición dos usuarios unha nova fonte de información (engadida aos documentos do Hospital Psiquiátrico de Conxo, cada vez máis consultados) para o estudo das enfermidades e o seu tratamento, tanto desde un punto de vista medicocientífico como desde un punto de vista social.

Gráfico de ocupación dos depósitos do Arquivo de Galicia



Metros de andeis de capacidade:

- Depósito Tambre: 10.835
- Depósito Cidade da Cultura: 11.793
- **Total: 22.628**

Metros de andeis ocupados::

- Depósito Tambre: 10.815
- Depósito Cidade da Cultura: 11.590
- **Total: 22.405**

Porcentaxe de ocupación:

- Depósito Tambre: 99,81%
- Depósito Cidade da Cultura: 98,28%
- **Total: 99,04%**

Cadro de clasificación dos fondos do Arquivo de Galicia a 31 de decembro de 2025

	U.I	Metros ¹	Datas extremas
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego			
Xunta de Galicia			
. Alta Dirección da Comunidade Autónoma	7.002	778,55	1978/2024
. Administracións Públicas	7.421	853,42	1950/2024
. Política Económica e Facenda	7.526	865,49	1978/2015
. Comercio e Consumo	4.175	480,12	1975/2014
. Cultura	26.664 ²	3.066,36	1942/2023
. Deporte	5.093	585,69	1979/2017
. Educación e Investigación	19.247	2.213,41	1845/2023
. Industria, Innovación e Promoción Económica	22.898	2.633,27	1926/2019
. Medio Ambiente	12.566	1.445,09	1857/2020
. Medio Mariño	6.713	771,99	1925/2017
. Medio Rural	18.544	2.132,56	1950/2023
. Política Lingüística	2.441	280,72	1980/2008
. Política Territorial	16.676³	1.917,73	1843/2023
. Sanidade	6.045 ⁴	695,18	1885/2020
. Seguridade e Interior	288	33,12	1979/1993
. Servizos Sociais	12.716	1.462,34	1968/2017
. Traballo	8.717	1.002,46	1945/2016
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
Subtotal Administración Autonómica de Galicia	189.510	21.766,97	
1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL			
. Consello Económico Sindical Interprovincial do Noroeste de España	3	0,34	1963 e 1969
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
. Santiago de Compostela	141	16,20	1927-2000
Subtotal fondos públicos	189.654	21.783,51	

¹ Para o cálculo de m utilizouse a convención de multiplicar o número de caixas por 0,115, ancho dunha caixa de arquivo normalizada.

² Nesta cifra non están contabilizados 4.811 planos.

³ Nesta cifra non están contabilizados os 5.465 planos transferidos polo Instituto de Estudos do Territorio.

⁴ A documentación ingresada instalouse en planeiro e non modificou este número de unidades de instalación.

	U.I	Metros	Datas extremas
2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. Persoas			
. Clemente González Peón	165	18,9	1901/2003
. Germán Lago Durán	3	0,35	S. XX
. Olga Gallego Domínguez	49 ⁵	5,6	1941/2010
. Luz Pozo Garza	29	3,33	S. XX-XXI
. María Moreira	26 ⁶	3	S. XX
2.1.2. Familias			
. Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539/1949
. Familia Freire	5	0,5	1598/1875
. Familia González Regueral y Losada	8	1	1539/ 1949
. Familia Pita da Veiga	5	0,5	1428/1847
. Familia Vilariño Pintos	19	2,1	1404/1982
. Pazo de Golmar ou de Pardiñas / Casa de Noceda	12	1,28	S. XVI-XX
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS			
. Asociación Galega de Compositores	7	0,8	1950/2000
. Asociación O Penedo. Fogar Galego	9	1	1983/2009
. Fundación Ventura Figueroa	502 ⁷	57,7	1786-1980
. Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela	186 ⁸	21,39	1784/1986
. Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo	177 ⁹	7,3	1917-2021
2.3. EMPRESAS			
. Banco Gallego	168 ¹⁰	19,5	1845/1900
. Casa de Banca e Comercio Bengoechea	405	46,5	1494/1952
. Casa Mar	265	30,4	1939/1994
. Fábrica de conservas Massó Hermanos S.A. (Avilés)	147	16,9	1931/1990
. Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. (FOAT)	1.134 negativos ¹¹		
. Sanatorio cirúrxico de San Lourenzo de Santiago de Compostela	140	16,1	1920/1975
Subtotal fondos privados	2.340	255,65	
3. COLECCIÓN	UNIDADES DOCUMENTAIS		
. Colección de documentos en pergamino	3	1346-1434	
. Colección cartográfica	2	S. XVII	
. Colección fotográfica ¹²	50.000 fotografías	1926-2005	
TOTAIS	185.957 u.i	21.371,53	

⁵ A documentación ingresada non modificou o número de unidades de instalación.

⁶ Nesta cifra non están incluídos os documentos instalados en planeiro.

⁷ Nesta cifra non están incluídos 109 libros.

⁸ Nesta cifra están incluídos 7 libros de actas. Non o están 176 debuxos orixinais nin unha colección de láminas utilizadas como material didáctico na Escola de Debuxo, que orixinalmente foron transferidos en 35 carpetas e máis tarde reinstalados en planeiros, excepto a número 34 que se contabilizou

como unidade de instalación convencional. Ás 176 unidades numeradas hai que engadirllas unha 55 bis, unha 107 bis e a mencionada carpeta 34.

⁹ Son unidades en formato libro.

¹⁰ Nesta cifra están incluídas 168 caixas (na que están instalados libros e outros documentos) pero non os 70 libros de gran formato non instalados en caixas.

¹¹ Estes negativos non están contabilizados nas cifras de unidades de instalación.

¹² Colección facticia por motivos de conservación. As fotografías separadas conservan a referencia que a vinculan aos seus expedientes de orixe.



A avaliación documental

O Consello de Avaliación Documental de Galicia é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Administración autonómica de Galicia para o estudo e ditame sobre cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos polas administracións no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa avalialos desde o punto de vista administrativo, xurídico, informativo e histórico para determinar os que deben ser conservados e os que poden ser eliminados, así como o seu réxime de acceso.

Corresponde ao Arquivo de Galicia, segundo establece o seu decreto de creación, programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. O Arquivo forma parte, ademais, do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

No ano 2025 aprobáronse vinteseis estudos de serie (catro deles, resaltados no cadro, elaborados no Arquivo de Galicia) e corenta e unha propostas de eliminación documental (catro delas xestionadas polo Arquivo de Galicia aínda que pertencentes ao ámbito das consellerías de Medio Ambiente e Emprego).

Táboa de estudos de serie aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia no 2025

Data Da Reunión	Administración Propoñente	Cod. Serie	Denominación	Data de Publicación no DOG	Número Táboa
20/03/2025	Administración Autonómica	AA0053	Expedientes de provisión de prazas de libre designación	16/04/2025	T0126
20/03/2025	Administración Autonómica	AA1281	Rexistro do Depósito legal	16/04/2025	T0127
20/03/2025	Administración Autonómica	AA0450	Partes mensuais do Depósito Legal	16/04/2025	T0128
20/03/2025	Administración Autonómica	AA0451	Expedientes de constitución do Depósito Legal	16/04/2025	T0129
09/06/2025	Administración Autonómica	AA1306 (Revisión)	Documentos de Identificación Bovina (DIBs)	02/07/2025	T043.Revisión
09/06/2025	Administración Autonómica	AA1278	Expedientes de axudas directas á agricultura e á gandería, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da política agraria común	02/07/2025	T0130
09/06/2025	Administración Autonómica	AA1300	Documentos destinados a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas	02/07/2025	T0131
09/06/2025	Administración universitaria	U020	Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento non orzamentarias	02/07/2025	T0132
09/06/2025	Administración universitaria	U021	Expedientes de operacións de pagamento por devolución de ingresos	02/07/2025	T0133
09/06/2025	Administración universitaria	U022	Expedientes de conciliación de contas de anticipos de caixa	02/07/2025	T0134
09/06/2025	Administración local	AL322	Expedientes de prema	02/07/2025	T0135
09/06/2025	Administración local	AL148	Expedientes de retribución de horas extraordinarias	02/07/2025	T0136
09/06/2025	Administración local	AL946	Expedientes para a obtención do título de habilitación de natureza urbanística para o inicio de actividades ou apertura de establecementos	02/07/2025	T0137
17/11/2025	Administración Autonómica	AA0566	Expedientes de inspección ambiental	17/11/2025	T0138
17/11/2025	Administración Autonómica	AA2399	Expedientes de avaliación ambiental de actividades	17/11/2025	T0139
17/11/2025	Administración Autonómica	AA0385	Expedientes de autorización de reproducións de documentos dos arquivos para a súa publicación e/ou difusión	17/11/2025	T0140
17/11/2025	Administración Autonómica	AA5022	Expedientes de autorización para cortas en zona de servidume de leitos	17/11/2025	T0141
17/11/2025	Administración Autonómica	AA0632	Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio	17/11/2025	T0142
17/11/2025	Administración Autonómica	AA1732	Expedientes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador de cooperativas e sociedades laborais	17/11/2025	T0143

Data Da Reunión	Administración Propoñente	Cod. Serie	Denominación	Data de Publicación no DOG	Número Táboa
17/11/2025	Administración Autonómica	AA1783	Expedientes de axudas a cooperativas e sociedades laborais para a incorporación de socios traballadores	17/11/2025	T0144
17/11/2025	Administración Autonómica	AA2165	Expedientes de axudas para a promoción do cooperativismo mediante o fomento de acceso á condición de socio traballador	17/11/2025	T0145
17/11/2025	Administración Autonómica	AA2368	Expedientes de axudas para o fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais	17/11/2025	T0146
17/11/2025	Administración Autonómica	AA1213	Expedientes de instalacións radioactivas 2ª e 3ª categoría	17/11/2025	T0147
17/11/2025	Administración Autonómica	AA1217	Expedientes de solicitude ou renovación do Título de Familia Numerosa	17/11/2025	T0148
17/11/2025	Administración Autonómica	AA2719	Expedientes de concesión de licenzas de pesca marítima de recreo	17/11/2025	T1049
17/11/2025	Administración Universitaria	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento. (U001). Serie aprobada na sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia o 8 de xullo de 2019 e publicada no DOG núm. 4 do 8 de xaneiro de 2020	17/11/2025	Táboa T0030



Táboa de propostas de eliminación aprobadas polo Consello de Avaliación Documental de Galicia no 2025

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Núm. Táboa	Datas extremas	Volume para eliminar
20/03/2025	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	AA140	Expedientes contables de gastos	T0101	2001-2017	1.427 u. i.
20/03/2025	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	AA5612	Expedientes de contratos administrativos	T0082	2003-2013	363 u. i.
20/03/2025	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	AA2739	Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral	T0086	1990-2010	463 u. i.
20/03/2025	Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra	AA635	Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares	T0017	1987-2014	463 u. i.
20/03/2025	Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra	AA1278	Expedientes das axudas directas á agricultura e á gandería suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos Fondos Europeos no marco da Política Agraria Común (PAC)	T0130	2001-2013	2.412 u. i.
20/03/2025	Universidade da Coruña	U003	Expedientes carácter xeral do Ministerio	de bolsas	de	294 u. i.
09/06/2025	Arquivo de Galicia	AA5612	Expedientes de contratos administrativos	T0082	2013-2018	101 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transporte por estrada	T0046	2014-2015	172 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA5063	Expedientes de asistencia xurídica gratuíta	T0047	2013-2014	362 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA5129	Expedientes de reclamacións en materia de consumo	T0061	2004-2009	104 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA2739	Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral	T0086	2014-2014	29 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA6313	Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios	T0119	2019-2020	118 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T0030	1989-2022	337 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento- Química	T0030	1990-2020	554 u. i.

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Núm. Táboa	Datas extremas	Volume para eliminar
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento- Dereito	T0030	1998-2018	352 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento- Farmacia	T0030	1991-2016	712 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio	T0032	1993-2011	7 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U008	Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario	T0057	2004-2007	31 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U009	Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo	T0058	1996-2008	64 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U010	Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas	T0059	1991-2019	82 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U014	Expedientes de retribucións do persoal	T0109	2016-2019	28 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U015	Expedientes de subvención de prezos públicos no terceiro ciclo	T0110	1992-2003	9 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U016	Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos	T0111	2016-2019	6 u. i.
09/06/2025	Concello de Narón	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T007	1965-1975	50 u. i.
09/06/2025	Concello de Viveiro	AL941	Expedientes de multas en materia de tráfico	T104	1989-2017	68 u. i.
09/06/2025	Deputación de Pontevedra	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T007	1992-2015	581 u. i.
09/06/2025	Deputación de Pontevedra	AL595 e AL552	Expedientes de taxas e prezos públicos	T0025 e T0026	1993-2014	85-90% de 398 unidades de instalación
09/06/2025	Deputación de Pontevedra	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T0023 e T0024	1993-2010	105 u. i.
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA1278	Expedientes de axudas directas á agricultura e á gandería, suxeitas ao sistema integrado de xestión e control con explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia financiadas polos fondos europeos no marco da Política Agraria Común	T0130	2001-2013	2.412 u. i.

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Núm. Táboa	Datas extremas	Volume para eliminar
09/06/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA1300	Documentos destinados a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas	T0131	2011-2018	19 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U020	Expedientes de operacións de xestión do gasto e do pagamento	T0132	1996-2009	48 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U021	Expedientes de operacións de pagamento por devolución de ingresos	T0133	1996-2018	135 u. i.
09/06/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U022	Expedientes de conciliacións de contas de anticipos de caixa	T0134	1998-2022	61 u. i.
09/06/2025	Concello de Pontevedra	AL322	Expedientes de prema	T0135	1997-2008	42.692 expedientes
17/11/2025	Arquivo do Reino de Galicia	AA1302	Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva	T0064	1991-2005	1.473 u. i.
17/11/2025	Arquivo Central de Política Social	AA0559	Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos.	T0042	2013-2016	210 u. i.
17/11/2025	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T0030	2012-2018	177 u. i.
17/11/2025	Deputación de Pontevedra	AL941	Expedientes de multas en materia de tráfico	T0104	2005-2012	56 u. i.
17/11/2025	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA0632	Expedientes de liquidación do Imposto sobre o Patrimonio		1984-2003	1.174 u. i.



Asesoramento ás oficinas no ámbito da xestión documental

É importante sinalar tamén que, como cabeceira e centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia o Arquivo vén desenvolvendo un importante labor de asesoramento ás unidades administrativas das distintas consellerías da Xunta en materia de xestión documental.

En concreto, durante o ano 2025 realizáronse un total de 64 visitas a espazos de arquivos de diferentes departamentos e atendéronse 123 consultas técnicas realizadas a través do teléfono ou do correo electrónico.



Outras tarefas relacionadas coa xestión documental: a elaboración de normas e instrumentos de carácter técnico

Como resultado do traballo conxunto realizado pola Consellería con competencias en materia de Cultura e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a posta en marcha do proxecto ARPAD de creación do Arquivo electrónico da Xunta de Galicia, no ano 2014 publicouse a Resolución conxunta do 15 de decembro de 2014, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se aprobaba o marco de referencia do Arquivo dixital integrado de Galicia. Tomando como punto de partida este documento neste ano traballouse na redacción da norma técnica *Política de xestión de documentos electrónicos do sector público autonómico de Galicia*, cuxa publicación, prevista para este ano 2026, axudará a difundir os principios, procesos, respon-

sabilidades e instrumentos que configuran a xestión documental da Xunta de Galicia entre todas as persoas implicadas nela.

Traballouse tamén na elaboración dun documento técnico para establecer criterios de macrovaloración de series documentais, tendo en conta o contexto funcional no que se xeran os procedementos e na revisión normativa do Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos.

Déronse de alta 368 novas series no Inventario de Información administrativa e completouse a información de 166 procedementos administrativos anteriores ao ano 2015.

A descrición documental

Para xestionar a información que custodia, o Arquivo conta con dúas aplicacións: *ARQA e Galiciana Arquivo Dixital de Galicia*.

A primeira delas emprégase para a xestión de espazos, de ingresos e de usuarios.

A segunda está fundamentalmente destinada á difusión. É unha plataforma que permite a consulta a través dun punto único tanto de documentos que teñan obxectos dixitais asociados como aqueloutros non dixitalizados de arquivos como o Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia (Arquivo do Reino de Galicia e Arquivos Históricos Provinciais de Lugo e Ourense); os de administracións locais; de centros docentes, universidades e centros de

ensino medio fundamentalmente; de institucións e de organismos de carácter cultural e sindical de interese para Galicia , Arquivo da Real Academia Galega, Arquivo da Fundación Penzol e da Fundación Luís Tilve e de institucións eclesiásticas. Está coordinada polo Arquivo de Galicia.

Durante o ano 2025 introducíronse un total de 39.560 rexistros descritivos na aplicación ARQA (correspondentes aos novos ingresos) e 26.519 en Galiciana Arquivo Dixital de Galicia correspondentes a 23.169 fichas do inventario dos bens da Igrexa católica e 3.350 fichas do inventario de xacementos arqueolóxicos.

Aplicación	Nº de rexistros descritivos
ARQA	39.560
GALICIANA ¹³	26. 519
TOTAL	66.079

¹³ A 31 dedecembro de 2025 Galiciana Arquivo Dixital de Galicia dispoñía de 1.772.028 rexistros correspondentes á totalidade de centros integrados. Deles, 99.899 corresponden aos introducidos no ano 2025.



A dixitalización

Como continuación do programa de dixitalización dos inventarios de patrimonio procedentes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural levada a cabo nos últimos anos dixitalizáronse este ano fichas do Inventario de bens mobles da Igrexa católica e fichas do Inventario de xacementos arqueolóxicos.

Finalizouse tamén a dixitalización, iniciada no ano 2024, dos documentos do fondo da Casa de Galicia de Montevideo, depositado no Arquivo no ano 2023, tras a súa adquisición por parte da Xunta de Galicia nun proceso de liquidación concursal. En total dixitalizáronse este ano un total de 27.578 documentos.

↗ Libro de actas da sección de propaganda núm. 1. 1917-1922. Casa de Galicia de Montevideo. AG.



 MINISTERIO DE CULTURA	PATRIMONIO HISTORICO ESPAÑOL	DIRECCION GENERAL DE BELLAS ARTES Y ARCHIVOS SUBDIRECCION GENERAL DE PROTECCION DEL PATRIMONIO HISTORICO
---	-------------------------------------	---

0. IDENTIFICACION INFORMATICA 010. Número de referencia 020. Número de identificación 030. Fecha significativa 750. Otros números (número de la Comunidad Autónoma) ... 1. TITULO O DENOMINACION 235. Denominación principal: Título <u>ANJOLO TENANTE PERTENECIENTE AL</u> 235. <u>RETABLEO DE SDO TOMAS DE AQUINO</u> 235. Objeto <u>ESCULTURA BULTO REDONDO</u> 236. Denominación accesoria: Título 236. Objeto 2. DESCRIPCION 430. Técnica <u>TALLA - POLICROMIA</u> 431. Materia <u>MADERA</u> 462. Medidas 255. Tipología 3. LOCALIZACION 321. Comunidad Autónoma <u>GALICIA</u> 322. Provincia <u>LA CORUÑA</u> 324. Municipio <u>PADRON</u> 325. Entidad Local Menor <u>CONVENTO DEL CORMEN</u> 326. Isla Ubicación 332. Edificio <u>CONVENTO</u> 333. Entidad 334. Dirección 335. Localización <u>NAVE - ATICO - CALLE EVANGELIO</u>	I. I. C. GALICIA 1280-7 
--	--

 Financiada por la Unión Europea Programa Operativo Regional de Galicia	 Xunta de Galicia Departamento de Cultura	AG
--	--	-----------

↑ Escultura de vulto redondo de anxo tenante do retablo de Santo Tomás de Aquino do Convento do Carme en Padrón. 1994. Inventario de bens mobles da Igrexa católica Arquivo de Galicia

Coordinación de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia

Unha parte importante dos traballos de coordinación de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia levados a cabo desde o Arquivo de Galicia teñen que ver cos proxectos de dixitalización impulsados desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Continuou desenvolvéndose este ano o proxecto **Memoria e Concordia** iniciado no ano 2021 coa finalidade de identificar, describir, e dixitalizar documentos custodiados nos arquivos de xestión autonómica (Arquivo do Reino de Galicia e arquivos histórico provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra) relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra civil española e Ditadura franquista ata a Constitución de 1978.

Inclúe a descrición e dixitalización de documentos producidos polas Institucións do Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936 (Falange Española, Sección Feminina, Fronte de Xuventudes, Sección Naval da Fronte de Xuventudes), os tribunais de responsabilidades políticas, os gobernos civís, as prisións provinciais ou fondos privados de persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións especialmente implicados nos acontecementos sucedidos neste período histórico.



REGISTRO CENTRAL DE CULTURA
Delegación Nacional de la S. F.
de F. E. T. y de la J. O. N. S.

FICHA N.º

INFORME QUE ACOMPAÑA A CADA DANZA

Título de la Danza *Musica de Inmigración*

Provincia que la enseña *Lugo*

Lugar a donde pertenece la Danza *Musica (Villalba)*


Lugar donde fue recogida *Villalba*

(1) Detalle de su coreografía *En coros de cuatro. Dos filas de rodillas y las otras dos de pie. Tanco alrededor las filas que aparecen de pie. Muy movida.*

Compás y ritmo en que está escrito *Muy movida. música (música)*

Fecha aproximada desde que se baila *Muy antigua*

Instrumentos indispensables que acompañan a la Danza indicando cuanto de cada uno *gaita y tambor*



↑ Sección Naval da Fronte de Xuventudes de Viveiro: comida dos frechas navais de clase humilde, obsequio.

↗ Exemplar da publicación *Canciones y danzas de España*. 1956. AHP de Lugo.

↑ ↗ Dosier sobre relacións de danzas e informes sobre danzas e recollida de datos sobre folclore. 1954. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Pero ademais, durante este ano traballouse tamén en proporcionar novas ferramentas baseadas no web semántico ao micrositio creado para facilitar a consulta destes documentos. Así, completouse este espazo coa habilitación dun grafo de coñecemento, un modelo de representación que permite que se poidan facer consultas dun xeito máis expresivo e próximo á linguaxe natural.

Outros proxectos igualmente de grande interese, polo valor intrínseco (administrativo, legal e histórico fundamentalmente) dos documentos e a súa alta demanda social foron a dixitalización de expedientes do Catastro do Marqués de la Ensenada no Arquivo do Reino de Galicia e de libros de polígonos do Catastro Inmobiliario no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.



Táboa resumo das dixitalizacións realizadas no ano 2025 incorporadas a Galiciana Arquivo Dixital de Galicia

Arquivo	Nº de Documentos	Nº de imaxes
Arquivo do Reino de Galicia	97	46.013
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	5.212	102.442
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	3.885	155.576
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	33.296	154.803
Arquivo de Galicia	27.578	138.489
TOTAL	70.068	597.323

Procedencia dos documentos dixitalizados:

- **ARG:** Catastro do Marqués de la Ensenada
- **AHPLu:** Libros de polígono o Catastro de rústica da provincia de Lugo AHPOur: Memoria e Concordia
- **AHPPo:** Memoria e Concordia
- **AG:** Inventario de bens mobles da Igrexa católica; Inventario de xacementos arqueolóxicos; Casa de Galicia de Montevideo.

Así pois a plataforma, que non só facilita información sobre os documentos e o seu contexto, senón que permite tamén a consulta e utilización das imaxes asociadas contaba a finais de 2025 con:


- **332.817 documentos dixitalizados**
- **9.822.574 imaxes**

Táboa resumo das dixitalizacións realizadas no ano 2025 incorporadas a Galiciana Arquivo Dixital de Galicia

Usuarios	Sesións	Consultas	Páxinas vistas	Imaxes descargadas
124.079	239.338	760.624	4.608.167	37.470

Datos acumulados	2021	2022	2023	2024	2025
Usuarios	142.649	196.406	276.881	342.483	466.562
Sesións	376,187	499.904	635.105	790.260	1.029.598
Páxinas Vistas	10,361,689	13.310.744	16.087.468	19.884.258	24.492.425

Usuarios activos por país



Servizo do Arquivo de Galicia ás persoas usuarias


Servizo de préstamo

Durante o ano 2025 o Arquivo de Galicia realizou 54 préstamos a diferentes unidades administrativas da Xunta de Galicia e 2 préstamos cunha finalidade de difusión do patrimonio cultural.

Para celebrar o **Ares Indiano**, un evento que o Concello de Ares organiza cada ano a finais de agosto para homenaxear a todas as persoas emigrantes, a concellería de Cultura desta localidade preparou unha adaptación da exposición "Fillas de Galicia: Mulleres na

emigración", que o Arquivo de Galicia desenvolveu no ano 2024 para celebrar o Día internacional da Muller e difundir a recepción do fondo documental da *Sociedade de Instrucción, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo*.

Xunto aos paneis coa reprodución dos documentos, sen ningunha dúbida de grande interese para as investigacións relacionadas cos movementos migratorios e cos estudos de xénero, mostráronse tamén dous documentos orixinais solicitados en préstamo:



↑ 1941-1942. Libro de actas da xunta directiva núm. 15. Arquivo de Galicia. Casa de Galicia de Montevideo. GP770

Servizo de atención a usuarios

- Número de solicitudes de consulta: 3.142¹⁴
- Número de documentos consultados: 5.281
- Número de persoas que utilizaron a sala: 200
- Número de solicitudes de copias: 469
- Número de documentos reproducidos: 632
- Número de solicitudes de autorización de reprodución: 10
- Número de documentos autorizados para reproducir: 38

¹⁴ Este número inclúe as consultas presenciais, por correspondencia e telefónicas.

Cursos e prácticas tuteladas

O Arquivo impartiu un curso de formación na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) sobre *A xestión documental na Xunta de Galicia* e realizou dúas sesións formativas sobre a aplicación *Galiciana Arquivo Dixital de Galicia*: unha delas dirixida ao persoal técnico das tres universidades galegas (20 de xuño) e outra ao persoal da Fundación Rosalía de Castro (30 de setembro).

Ademais, o centro tutelou a formación práctica en materia de arquivos de dúas persoas beneficiarias das bolsas de formación en ma-

teria arquivos, convocadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (unha delas entre o 1 de xullo de 2024 e o 3 de marzo de 2025 e outra entre esta última data e o 3 de xuño deste mesmo ano).

Titorizou tamén a formación práctica dun alumno do Grao en Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela durante o mes de febreiro e dunha alumna do Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas, da Universidade da Coruña durante o mes de maio.



Programa de visitas

O Arquivo recibiu a visita de 10 grupos cun total de 162 asistentes

Exposicións



Mulleres artistas: Aprendendo o oficio

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o Arquivo de Galicia inaugurou unha exposición sobre a educación artística recibida polas mulleres a través dos testemuños documentais de dúas institucións fortemente enraizadas na cidade de Santiago de Compostela: A Real Sociedade Económica de Amigos do País e a Escola de Artes e Oficios.

A través dunha selección de 39 documentos comprendidos entre os anos 1785 e 1962 deu-se visibilidade ao papel marxinal das mulleres no ámbito da educación artística, tanto pola súa escasa representación entre o alumnado como nos cadros do profesorado.



Educando a mirada. Leccións de Arte e deseño

Con motivo da celebración do Día Internacional dos Arquivos, o Arquivo continuou aprofundando no tema da educación artística.

Esta vez cunha visión máis xeneralista aborouse o tema dos métodos de formación.

Rexistros de alumnado, inventarios de material, publicacións de diversos métodos de aprendizaxe de uso frecuente nas escolas de debuxo ou coleccións de láminas e gravados utilizadas como modelo alternáronse cos propios exercicios realizados polo alumnado, moitos deles dunha excelente execución, organizados nun discurso que reproduciu o programa formativo habitualmente utilizado nos centros: primeiro familiarizarse co trazo firme da liña, abordar logo figuras xeométricas elementais, máis tarde formas vexetais e animais e as diferentes partes do corpo humano... ata finalmente conseguir debuxar con destreza do natural.

Xornadas



Xornadas sobre acceso documental

Os días 15, 16 e 19 de maio de 2025 a Subdirección Xeral de Arquivos e Centros Museísticos da Dirección Xeral de Cultura organizou unhas xornadas na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, como resposta á necesidade de formar o persoal arquivista en cuestións relacionadas co dereito de acceso á documentación e á información que se custodia nos arquivos.

Entre os obxectivos que se atenderon podemos destacar os seguintes:

- Coñecer o marco normativo sobre a distribución de competencias na xestión de centros culturais.
- Analizar as implicacións da normativa de protección de datos e dos dereitos de imaxe nos centros culturais.
- Coñecer a lexislación de propiedade intelectual aplicable.
- Examinar a xestión do dereito de préstamo e as súas excepcións.
- Reflexionar sobre o papel do público como creador de contidos nos centros culturais e os dereitos e obrigas que isto xera.

Os relatorios destas xornadas, nas que participaron un total de 150 persoas, correrón a cargo de varios letrados da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.



IV Encontro Olga Gallego de Arquivos. Os Arquivos e os Desastres

Por outro lado, a Subdirección de Arquivos e Centros museísticos foi invitada a participar, xunto á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia nunha mesa redonda que co título *Xestión de emerxencias, políticas de xestión de documentos e seguridade da información: é posible unha visión integrada?* que se desenvolveu no IV Encontro Olga Gallego de Arquivos, titulado *Os Arquivos e os Desastres*, celebrado na sede do Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, o día 27 de setembro.

Publicacións

Catálogo exposición

Como complemento da exposición *Educando a mirada. Leccións de Arte e Deseño* publicouse o seu catálogo, precedido de tres artigos da autoría de recoñecidos profesionais nesta materia que proporcionan unha interesante información de contexto, achegando unha visión xeral da evolución dos métodos de aprendizaxe e da propia historia das escolas e da historia da educación artística en Galicia e a súa repercusión no mundo laboral.




Guía de acceso documental do sistema de arquivos da Xunta de Galicia

Aproveitando o coñecemento e materiais derivados das Xornadas sobre acceso documental, redactouse a *Guía de acceso documental do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia*. Esta guía nace co obxectivo de facilitar o traballo dos profesionais dos arquivos e contribuír a optimizar o funcionamento e a organización do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, propósito este que se erixe como un dos obxectivos estratéxicos do Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026; concretamente do Obxectivo Estratéxico 2.1: Optimizar a organización:

- Descrición do Obxectivo Estratéxico
- Optimizar a organización do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, facendo fincapé nunha maior organización e colaboración entre os arquivos.

Esta guía, que pretende ofrecer respostas claras e directas sobre cuestións que se suscitan na práctica diaria en materia de acceso aos documentos, conta cunha versión en papel e outra dixital, que se fará accesible por medio do Portal de Arquivos da Xunta de Galicia.




Redes sociais e portal web

Das dúas exposicións organizadas fíxose tamén unha versión virtual dispoñible a través do **Portal do Arquivo de Galicia**.




<https://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/gl/arquivo- galicia/actividades/exposicions-virtuais/mulleres-artistas-aprendendo- o-oficio>



<https://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/gl/arquivo- galicia/actividades/exposicions-virtuais/educando-mirada-lecciones-de- arte-e-deseno>

Ademais, o Arquivo continuou durante este ano a súa actividade na súa páxina de Facebook, onde se realizaron 147 publicacións cun alcance de 79.317 visitas e un número de 9.515 usuarios.

Como centro coordinador de Galiciano Arquivo dixital de Galicia o Arquivo de Galicia xestionou tamén unha conta en Instagram, con 933 contas acadadas.







Eventos

07/ Eventos



En 2025, a Cidade da Cultura de Galicia acolleu un total de 638 eventos organizados por empresas, organización sociais e institución nos diferentes espazos do Gaiás. O ano péchase cunha cifra de asistentes de 99.711 persoas no conxunto destes congresos, xuntanzas, foros, presentacións de produto, feiras ou actos con medios de comunicación realizados no Gaiás, entre os que destacan algúns nos que se afonda nas seguintes páxinas.





Eventos organizados por institucións, empresas e colectivos sociais

Salienta un ano máis, a capacidade das instalacións do Gaiás para acoller eventos con necesidades loxísticas moi específicas, de distintos colectivos sociais ou converterse novamente en centro de vacinación.

A tipoloxía de eventos externos que acolleu o Gaiás en 2025 foi moi variada, incluíndo congresos, festivais, encontros, eventos musicais, rodaxes, actos con medios de comunicación, foros, xuntanzas de empresa... Pode consultarse na seguinte páxina unha escolma destes máis de 600 eventos acollidos ao longo do ano.


En canto ás entidades solicitantes, podemos atopar desde institucións -dependentes ou non do Goberno galego-, ata entidades públicas e asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro, así como empresas do sector privado.

Eventos totais 2025


Ano	Número eventos	Número asistentes
2023	722	62.000
2024	698	71.724
2025	638	99.711



Eventos



Asistentes





Medallas de Galicia 2025

Datas: O 24 de xullo de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar -1 / **Organiza:** Xunta de Galicia

O 24 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia 2025. A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego. Nesta edición, recoñeceuse coa Medalla de Ouro a súa Alteza Real a Princesa de Asturias, dona Leonor de Borbón y Ortiz, así como aos alcaldes de o Porto, Rui Moreira, e Braga, Ricardo Rio.





FP Innova 2025

Datas: Do 26 ao 28 de marzo de 2025 / **Es-pazo:** Museo Centro Gaiás / **Organiza:** Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organizou FP Innova Galicia 2025, Congreso de Innovación na Formación Profesional, que tivo lugar o día 26, 27 e 28 de marzo no Edificio Fontán.

Foi xa a sétima edición dun evento que se constitúe como referente na difusión da innovación didáctica e tecnolóxica, da transferencia de coñecemento e da capacidade de emprender na que está inmersa a Formación Profesional de Galicia.

O congreso contou cunha zona expositiva distribuída nas plantas -1 e 0 do Museo Centro Gaiás, na que as persoas asistentes puideron coñecer:

- A investigación e a innovación que os centros de formación profesional de Galicia están a desenvolver en colaboración con empresas e institucións, a través da visualización en directo dos 35 proxectos de innovación que se presentaron e que abranguen as tecnoloxías máis punteiras do mercado.
- A innovación ligada ao emprendemento, representada nunha mostra de 16 proxectos que o alumnado e o profesorado puxeron en marcha no marco do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende.
- A experimentación en primeira persoa das novas tecnoloxías, coa participación nos obradoiros sobre biotecnoloxía, ciberseguridade, creación de contidos mediante IA, drone soccer, creación de videoxogos, realidade virtual e aumentada, impresión 3D, entre outros.

O acceso a estes espazos tivo carácter gratuíto para o público en xeral. O horario de apertura da zona expositiva foi: mércores 26 e xoves 27: de 10:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h; venres 28: de 10:00 a 14:00h.

Innovart 2025

Datas: Do 6 ao 7 de febreiro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás / **Organiza:** Xunta de Galicia

InnovArt 2025 foi un evento que aglutinou a oferta das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas que se imparten en Galicia nun encontro e espazo expositivo e demostrativo. O evento supón unha excelente ocasión para coñecer o potencial destas ensinanzas, a través de material expositivo e actividades interactivas de arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, danza, ensinanzas deportivas, idiomas e música. O programa incluíu tamén concertos, conferencias e espectáculos escénicos. O acceso ao evento foi gratuíto tanto para o alumnado e persoal dos centros de ensino coma para o público en xeral.



Premios #DígochoEu

Datas: O 13 de maio de 2025 / **Espazo:** Edificio Fontán / **Organiza:** CRTVG

A Corporación Radio e Televisión de Galicia convocou o 13 de maio a entrega de premios #DígochoEu, un concurso destinado a centros educativos de primaria e secundaria que impartan a materia de Lingua Galega, dentro ou fóra de Galicia, co obxecto de fomentar a colaboración da xente nova e dos centros educativos na elaboración do programa #DígochoEu para achegar a lingua galega a este sector da poboación.





Carreira de obstáculos Gladiator Race

Datas: O 13 de setembro de 2025 / **Espazo:** Espazos exteriores / **Organiza:** Gladiator Race / **Colabora:** Xunta de Galicia

A carreira de obstáculos Gladiator Race desenvolveuse en 2025 na contorna do Monte Gaiás o 13 de setembro, cun percorrido de máis de 6 quilómetros, 30 obstáculos e grande éxito de participación. Trátase dunha proba que conta cunha gran versatilidade e que está orientada tanto aos deportistas de alto nivel como aos de perfil máis popular. Esta xornada deportiva incluíu tamén a Gladiator Kids, onde os máis pequenos de entre 3 e 16 anos percorreron unha menor distancia con menos obstáculos acompañados dos seus pais e nais.



Expofarma 2025

Datas: O 21 de maio de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1 / **Organiza:** COFANO, Farmacéutica do Noroeste Sc. Gallega

O Museo Centro Gaiás acolheu o 21 de maio o gran punto de encontro para farmacias, laboratorios e cooperativas do grupo Unnefar. Máis de 70 expositores que recibiron a visita de numerosos farmacéuticos e farmacéuticas de toda Galicia. Durante a xornada, tamén se impartiron formacións para os profesionais do sector.



V Encontro galego de ciberseguridade

Datas: Do 5 ao 7 de novembro de 2025 / **Espazo:** Edificio Fontán / **Organiza:** AMTEGA / **Colabora:** Xunta de Galicia

A Cidade da Cultura acolheu a V edición do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, que se desenvolveu os días 5 e 7 de novembro no Edificio Fontán da Cidade da Cultura. Consolidado xa como un evento de referencia para o sector, CIBER.gal reuniu expertos, empresas nacionais e internacionais, entidades locais e á cidadanía, para abordar os retos e oportunidades da seguridade na contorna dixital. Unha das novidades que incorporou este ano CIBER.gal foi a realización de demostracións de produtos, servizos ou solucións de ciberseguridade por parte dalgunhas das entidades que apoiaron o evento e que se realizaron de xeito paralelo ao programa principal.

Entre os relatores asistentes destacaron referentes internacionais como Bernardo Quintero e o bicampión do mundo da HackerOne Ambassador World Cup, Bernardo Viqueira. Tamén participaron representantes do Parlamento Europeo, do Ministerio de Defensa e do Ministerio de Transformación Dixital, que achegaron a súa visión sobre os novos retos globais en materia de seguridade dixital. Ademais, contouse co cómico galego Oswaldo Digón, que en clave de humor falou da seguridade na contorna dixital.





Desfile Mestre Mateo. Despunte 2025

Datas: O 5 de marzo de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1 / **Organiza:** EASD Mestre Mateo

A Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (EASDMM) celebrou unha nova edición de *Despunte* na Cidade da Cultura para amosar o traballo realizado polo alumnado das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, así como dos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño.

O encontro ten como obxectivo poñer en valor o talento e a capacidade creativa do alumnado, a través dun desfile no que se presentan os seus proxectos finais. Ademais, o evento incluíu a entrega dos premios *Despunte*, que recoñecen os mellores traballos en diferentes especialidades, entre elas Deseño de Moda, Deseño de Produto,

Fotografía, Técnicas Escultóricas e Xoiaría Artística. Tamén se outorgaron o premio Miscelánea, o premio ao Proxecto de Moda máis Innovador e o premio A Lingua da túa Terra.

Como en edicións anteriores, o desfile contou coa participación de empresas do sector, que colaboran co evento e contribúen a reforzar a conexión entre o ámbito educativo e o tecido profesional.

Con esta cita, a escola continúa impulsando a proxección do seu alumnado e ofrecendo un espazo de encontro entre creación, formación e industria.



Galegos do ano

Datas: O 27 de novembro de 2025 / **Espazo:** Auditorio do Fontán / **Organiza:** Prensa Ibérica

A Cidade da Cultura acolleu a gala de entrega da 33ª edición dos Premios Gallegos del año, organizados por *El Correo Gallego*, nun acto celebrado o 27 de novembro de 2025. Estes galardóns recoñecen cada ano o talento, a traxectoria e o compromiso de persoas destacadas que contribúen á proxección de Galicia desde diferentes ámbitos profesionais e sociais.

Nesta edición, as persoas premiadas foron o empresario Constantino Fernández Pico, na categoría de Economía e Emprendemento; a

atleta Ana Peleteiro, en Cultura e Deportes; a directora científica do CIMUS, Mabel Loza, en Ciencia e Investigación; o escritor e xornalista Manuel Rivas, en Artes e Comunicación; e o empresario Emilio Pérez Nieto, na categoría de Política e Sociedade.

A gala reuniu representantes do ámbito institucional, empresarial, científico, cultural e deportivo galego nunha celebración que puxo en valor a innovación, a excelencia e a contribución destas figuras ao desenvolvemento e á proxección de Galicia dentro e fóra das súas fronteiras.



25 anos de retos superados

Datas: O 17 de decembro de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1 / **Organiza:** Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela

Dano Cerebral Galicia celebrou o mércores 17 na Cidade da Cultura de Galicia o peche da conmemoración do seu 25 aniversario, cun acto no que se repasou a historia da entidade desde a súa fundación o 19 de decembro de 2000. Foi un camiño que comezou grazas á iniciativa e á forza dun grupo de familias e profesionais que tiñan unha convicción moi clara: unha vida salvada merece ser vivida con dignidade.

O acto, conducido pola xornalista Ainhoa Apestegui, contou coa asistencia dunhas 400 persoas, entre familias socias, profesionais, persoas voluntarias, colaboradores/as, entre outros. Na parte institucional, estiveron presentes a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín; a Valedora do Pobo, M^a Dolores Fernández Galiño; a conselleira de Política Social, Fabiola García; e o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, así como representantes dos grupos do Parlamento de Galicia e do Concello de Santiago, entre outros representantes institucionais.



15 aniversario Talento Solidario

Datas: O 11 de xuño de 2025 / **Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1 / **Organiza:** Fundación Botín

A Fundación Botín celebrou na Cidade da Cultura de Galicia o 15 aniversario de Talento Solidario. Na xornada participaron 32 entidades sociais de Galicia, formando parte do percorrido conmemorativo da Fundación por distintos espazos culturais do país.

Tras a apertura da xornada a cargo de Javier García Cañete, director de Programas da Fundación Botín, a axenda continuou con diversas actividades deseñadas para estimular a creatividade das entidades participantes. En primeiro lugar, buscouse un cambio de mirada a través da arte para analizar o que

rodea as entidades sociais e, máis concretamente, aos seus retos e desafíos nunha contorna cada vez máis incerta. Para iso, impartíuse un obradoiro de resolución creativa no que os participantes xeraron ideas innovadoras.



Fogos do Apóstolo

Datas: O 24 de xullo de 2025 / **Espazo:** Espazos exteriores / **Organiza:** Concello de Santiago de Compostela

Na noite do xoves 24 de xullo de 2025, os Fogos do Apóstolo lanzáronse desde tres localizacións diferentes de Santiago, entre elas o monte Gaiás —ademais da Alameda e o Parque de Carlomagno (nas Fontiñas)—. Para que o público puidese contemplar o espectáculo pirotécnico, o recinto da Cidade da Cultura prolongou o seu horario habitual e tanto os aparcadoiros como os espazos exteriores estiveron abertos ata as 2:00h da madrugada.

A Praza Central, as faldras do Bosque de Galicia ou outros puntos do complexo, como o Parque da Balea, ofreceron unha boa visibilidade do ceo de Compostela, permitindo gozar do espectáculo.





As Torres Hejduk


08/ As Torres Hejduk




As Torres Hejduk foron deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929 – 2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non chegaron a ser unha realidade no seu destino orixinal. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro no The New York Five -grupo que mellor representa o espírito neo-racionalista arquitectónico- e propuxo a súa construción na Cidade da Cultura.

Actualmente, estas torres úsanse como un espazo expositivo non convencional aco-llendo intervencións artísticas e, ademais, a torre de cristal das Hejduk ilumínase de cores diferentes, por pedimento de todo tipo de institucións, asociacións ou organismos sen ánimo de lucro, con motivo de diferentes causas sociais. En 2025, as Hejduk ilumináronse, entre outras, por efemérides como:

- día internacional da muller
- Día mundial do síndrome de down
- Día das letras galegas
- Día internacional do orgullo LGTBQ+
- Día de Galicia
- Día mundial da hipertensión intracranial idiopática
- Día mundial da diabetes
- Día mundial da infancia
- Día internacional do cancro infantil
- Día mundial da eliminación da violencia de xénero contra a muller







Comunidade

09/ Unha comunidade na rede



A Cidade da Cultura dispón dunha páxina web, dun servizo de envío de newsletter e de canles nas principais redes sociais (Facebook, Instagram e X) nas que informa das súas actividades. O Gaiás conta cunha ampla comunidade online que segue puntualmente as actualizacións, publicadas diariamente no caso das redes sociais e con periodicidade variable e adaptada ás necesidades de comunicación da institución no caso da páxina web e da newsletter.

Nº de accesos á páxina web
cidadedacultura.gal
(entre o 1 xaneiro e o 31 decembro de 2025)

529.401 sesións

Nº de accesos en redes sociais
(a 31 decembro de 2025)

121.531 seguidores





XUNTA
DE GALICIA



FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA



Xacobeo
2027